



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Pleno
Número 110

Sesión plenaria
10 de abril de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG19TGM01Bb3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA (Continuación.)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 42462 (10/PNP-003196)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia conxuntamente coas tres universidades de Galicia para revisar o actual sistema de taxas académicas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 14.01.2019

4.2 43484 (10/PNP-003250)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego diante da situación da sanidade pública galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

4.3 46671 (10/PNP-003503)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa independencia dos cargos públicos, co réxime de incompatibilidades, cos conflitos de intereses, coas *portas xiratorias* e cos posibles casos de enriquecemento ilícito nas institucións autonómicas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 437, do 27.02.2019

4.4 46917 (10/PNP-003525)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a declaración de impacto ambiental que debe emitir o Goberno galego en relación co proxecto de reapertura da mina de Touro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

4.5 47818 (10/PNP-003612)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e tres deputados/as máis

Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Goberno central en relación coa aplicación do superávit orzamentario das comunidades autónomas e dos incentivos previstos na disposición adicional 151 da Lei de orzamentos xerais do Estado, así como a actuación que debe levar a cabo para o impulso dun plan anual de mellora da atención primaria da saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 27.03.2019

4.6 47995 (10/PNP-003627)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prórroga da concesión outorgada a Ence nos terreos de dominio público marítimo-terrestre de Lourizán, na ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 27.03.2019



4.7 48070 (10/PNP-003633)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e catorce deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co Plan director para o corredor Atlántico presentado o 20 de febreiro en Madrid.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 450, do 27.03.2019

4.8 48111 (10/PNP-003635)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Moreira Ferro, Jacobo e dezaseis deputados/as máis**

Sobre a posición e as demandas que debe trasladar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión da Avogacía do Estado de avirse nos recursos interpostos contra o acordo de prórroga da concesión de Ence nos terreos de Lourizán, en Pontevedra, así como sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación cos seus traballadores.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 450, do 27.03.2019

Punto 5. Interpelacións**5.1 29769 (10/INT-000977)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa creación de escolas públicas infantís de 0 a 3 anos nos polígonos industriais e parques empresariais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

5.2 31757 (10/INT-001058)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David**

Sobre a política laboral da Xunta de Galicia en relación co dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 316, do 06.06.2018

5.3 43462 (10/INT-001432)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en materia de mellora da atención primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 48467 (10/POPX-000139)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre as razóns do incumprimento da normativa vixente en materia de transparencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 3.04.2019



6.2 48481 (10/POPX-000140)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a incidencia do centralismo para o desenvolvemento de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 3.04.2019

6.3 48482 (10/POPX-000141)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a situación na que se atopa o compromiso do Goberno galego respecto das residencias de persoas maiores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 3.04.2019

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 42134 (10/POP-004895)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e sete deputados/as máis**

Sobre as medidas da Xunta de Galicia destinadas a garantir o abastecemento de auga

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 14.01.2019

7.2 42696 (10/POP-005014)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Gil, César Manuel e sete deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coas obras en centros educativos da rede pública galega para este exercicio orzamentario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 414, do 18.01.2019

7.3 45387 (10/POP-005417)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da situación da atención sanitaria na comarca do Condado-Paradanta, no que atinxe aos centros de saúde das Neves, Mondariz, Mondariz-Balneario e Pontearreas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

7.4 47467 (10/POP-005666)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva e Cal Ogando, Marcos**

Sobre a elaboración pola Consellería de Sanidade dalgún plan para a protección da saúde humana en relación coa contaminación por lindano

Publicación da iniciativa, BOPG nº 444, do 13.03.2019

7.5 48474 (10/PUP-000239)**Grupo Parlamentario de En Marea****Miranda Pena, Flora María**

Sobre as actuacións previstas pola Consellería de Sanidade para o deseño dun plan para abordar a situación da atención á saúde mental en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 3.04.2019



7.6 48480 (10/PUP-000240)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as razóns dos atrancos que está a poñer o Sergas para a construción canto antes do centro de saúde de Moaña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 3.04.2019

7.7 46815 (10/POP-005582)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e tres deputados/as máis**

Sobre a execución da partida ou das partidas orzamentarias destinadas nos anos 2017 e 2018 ao plan para fixar poboación no rural elaborado pola Consellería do Medio Rural e cofinanciado con fondos europeos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

7.8 47943 (10/POP-005722)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da resposta do comisario de Medio Ambiente da Comisión Europea a unha pregunta dunha eurodeputada galega en relación co posible aumento da superficie forestada con eucalipto en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 27.03.2019

7.9 48458 (10/PUP-000238)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Fernández, Raúl e Pérez Seco, José Manuel**

Sobre as consecuencias da vaga de lumes rexistrada en Galicia no primeiro trimestre de 2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 3.04.2019

7.1 046881 (10/POP-005599)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rey Varela, José Manuel e nove deputados/as máis**

Sobre a existencia dalgún contacto doutras administracións coa Consellería do Mar para o asinamento dun convenio ou colaboración para a implantación de melloras produtivas na ría de Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luís Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as razóns do incumprimento da normativa vixente en materia de transparencia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 14.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a incidencia do centralismo para o desenvolvemento de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 19.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 22.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación na que se atopa o compromiso do Goberno galego respecto das residencias de persoas maiores. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 24.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 25.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 26.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 28.)



Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre a declaración de impacto ambiental que debe emitir o Goberno galego en relación co proxecto de reapertura da mina de Touro. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 29.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 32.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Losada Álvarez (S).* (Páx. 36.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 39.) e *Sr. Blanco Paradelo (P).* (Páx. 40.)

O señor Sánchez García (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 43.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e tres deputados/as máis, sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Goberno central en relación coa aplicación do superávit orzamentario das comunidades autónomas e dos incentivos previstos na disposición adicional 151 da Lei de orzamentos xerais do Estado, así como a actuación que debe levar a cabo para o impulso dun plan anual de mellora da atención primaria da saúde. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 44.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Fernández Leiceaga (S).* (Páx. 45.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 48.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Lago Peñas (EM)* (Páx. 50.) e *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 51.)

O señor Fernández Leiceaga (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 54.)

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente anuncia o debate acumulado das proposicións non de lei que figuran como puntos 4.6 e 4.8 na orde do día. (Páx. 55.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prórroga da concesión outorgada a Ence nos terreos de dominio público marítimo-terrestre de Lourizán, na ría de Pontevedra. (Punto cuarto da orde do día.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Jacobo Moreira Ferro e dezaseis deputados/as máis, sobre a posición e as demandas que debe trasladar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión da Avogacía do Estado de avirse nos recursos interpostos contra o acordo de prórroga da concesión de Ence nos terreos de Lourizán, en Pontevedra, así como sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación cos seus traballadores. (Punto cuarto da orde do día.)



O señor presidente comunica as emendas presentadas a estas proposicións non de lei. (Páx. 56.)

Intervención dos grupos autores da proposición non de lei: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 57.) e Sr. Moreira Ferro (P). (Páx. 61.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Vilán Lorenzo (S) (Páx. 64.) e Sr. Cal Ogando (EM). (Páx. 68.)

O señor Bará Torres (BNG) (Páx. 70.) e o Sr. Moreira Ferro (P) (Páx. 72.) interveñen para posicionarse respecto das emendas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia conxuntamente coas tres universidades de Galicia para revisar o actual sistema de taxas académicas. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 74.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Burgo López (S). (Páx. 75.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 77.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Chao Pérez (EM) (Páx. 79.) e Sr. Fernández Prado (P). (Páx. 81.)

A señora Burgo López (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 83.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia conxuntamente coas tres universidades de Galicia para revisar o actual sistema de taxas académicas: Rexeitado por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 85.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego diante da situación da sanidade pública galega: Rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 85.)

Votación do punto 4 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa independencia dos cargos públicos, co réxime de incompatibilidades, cos conflitos de intereses, coas portas xiratorias e cos posibles casos de enriquecemento ilícito nas institucións autonómicas: Rexeitado por 18 votos a favor, 39 en contra e 14 abstencións. (Páx. 86.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, agás o punto 4, xa votado, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa independencia dos cargos públicos, co réxime de incompatibilidades, cos conflitos de



intereses, coas *portas xiratorias* e cos posibles casos de enriquecemento ilícito nas institucións autonómicas: *Rexeitado por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 86.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre a declaración de impacto ambiental que debe emitir o Goberno galego en relación co proxecto de reapertura da mina de Touro: *Rexeitado por 18 votos a favor, 39 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 86.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e tres deputados/as máis, sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Goberno central en relación coa aplicación do superávit orzamentario das comunidades autónomas e dos incentivos previstos na disposición adicional 151 da Lei de orzamentos xerais do Estado, así como a actuación que debe levar a cabo para o impulso dun plan anual de mellora da atención primaria da saúde: *Rexeitado por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 87.)

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luis Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prórroga da concesión outorgada a Ence nos terreos de dominio público marítimo-terrestre de Lourizán, na ría de Pontevedra: *Rexeitado por 18 votos a favor, 39 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 87.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luis Bará Torres e cinco deputados/as máis, agás o punto 1, xa votado, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prórroga da concesión outorgada a Ence nos terreos de dominio público marítimo-terrestre de Lourizán, na ría de Pontevedra: *Rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Jacobo Moreira Ferro e dezaseis deputados/as máis, sobre a posición e as demandas que debe trasladar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión da Avogacía do Estado de avirse nos recursos interpostos contra o acordo de prórroga da concesión de Ence nos terreos de Lourizán, en Pontevedra, así como sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación cos seus traballadores: *Aprobada por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co Plan director para o corredor Atlántico presentado o 20 de febreiro en Madrid: *Aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 89.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional en relación co Día Internacional do Pobo Xitano que a Cámara aproba por asentimento. (Páx. 89.)



Interpelación de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa creación de escolas públicas infantís de 0 a 3 anos nos polígonos industriais e parques empresariais. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 91.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 93.)

Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 96.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 98.)

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e dous minutos da tarde e retómase ás catro e vinte e nove minutos.

Interpelación de D^a Paula Quinteiro Araújo e D. David Rodríguez Estévez, do G. P. de En Marea, sobre a política laboral da Xunta de Galicia en relación co dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rodríguez Estévez (EM)*. (Páx. 99.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 104.)

Réplica do autor: *Sr. Rodríguez Estévez (EM)*. (Páx. 107.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 109.)

Interpelación de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en materia de mellora da atención primaria. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 111.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 114.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 117.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 119.)

Pregunta de D. Gonzalo Trenor López e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas da Xunta de Galicia destinadas a garantir o abastecemento de auga. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 120.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 122.)

Réplica da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 123.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 124.)

Pregunta de D. César Manuel Fernández Gil e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego en relación coas obras en centros educativos da rede pública galega para este exercicio orzamentario. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Gómez Salgado (P)*. (Páx. 125.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 126.)



Réplica do autor: *Sr. Gómez Salgado (P)*. (Páx. 127.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 127.)

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da situación da atención sanitaria na comarca do Condado-A Paradanta, no que atinxe aos centros de saúde das Neves, Mondariz, Mondariz-Balneario e Pontearreas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 128.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 129.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 131.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 132.)

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández e de D. Marcos Cal Ogando, do G. P. de En Marea, sobre a elaboración pola Consellería de Sanidade dalgún plan para a protección da saúde humana en relación coa contaminación por lindano. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 133.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 134.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 135.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 136.)

Pregunta de D^a Flora María Miranda Pena, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas pola Consellería de Sanidade para o deseño dun plan para abordar a situación da atención á saúde mental en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Miranda Pena (EM)*. (Páx. 137.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 138.)

Réplica da autora: *Sra. Miranda Pena (EM)*. (Páx. 140.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 141.)

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns dos atrancos que está a poñer o Sergas para a construción canto antes do centro de saúde de Moaña. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 142.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 143.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 144.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 145.)

Pregunta de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a execución da partida ou das partidas orzamentarias destinadas nos anos 2017 e 2018 ao plan para fixar poboación no rural elaborado pola Consellería do Medio Rural e cofinanciado con fondos europeos. (Punto sétimo da orde do día.)



Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 146.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 147.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 148.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 149.)

Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego respecto da resposta do comisario de Medio Ambiente da Comisión Europea a unha pregunta dunha eurodeputada galega en relación co posible aumento da superficie forestada con eucalipto en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 151.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 152.)

Réplica do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 153.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 154.)

Pregunta de D. Raúl Fernández Fernández e de D. José Manuel Pérez Seco, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as consecuencias da vaga de lumes rexistrada en Galicia no primeiro trimestre de 2019. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Fernández (S)*. (Páx. 155.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 156.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Fernández (S)*. (Páx. 158.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 158.)

Pregunta de D. José Manuel Rey Varela e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a existencia dalgún contacto doutras administracións coa Consellería do Mar para o asinamento dun convenio ou colaboración para a implantación de melloras produtivas na ría de Ferrol. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rey Varela (P)*. (Páx. 160.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 161.)

Réplica do autor: *Sr. Rey Varela (P)*. (Páx. 162.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 163.)

Remata a sesión ás sete e trinta e cinco minutos da tarde.

Corrección de erros no DSPG número 109, correspondente á sesión plenaria do día 9 de abril de 2019. (Páx. 164.)



Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión co punto sexto da orde do día, preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luís Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as razóns do incumprimento da normativa vixente en materia de transparencia

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días.

Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Núñez, no mes de xaneiro de 2019 vostede encabezou unha delegación da Xunta de Galicia que fixo unha viaxe aos Estados Unidos con fins institucionais, fins de promoción comercial e turística, fins de interese xeral para Galicia, pagado polo tanto por fondos públicos da Xunta de Galicia.

No medio desa viaxe o secretario xeral do seu partido, Pablo Casado, do Partido Popular, anunciou unha manifestación en Madrid, na praza de Colón, acompañado da extrema dereita, concretamente do partido Vox, esa forza política machista que pide a supresión das autonomías e a derogación das leis de loita contra a violencia de xénero.

Vostede, de viaxe en Estados Unidos, anunciou a anticipación da súa volta da viaxe institucional para poder participar nesa marcha do odio. Iso obrigouno a cancelar o voo de volta, que estaba previsto para o domingo, para facelo o sábado pola noite, é dicir, coller un billete de urxencia, un billete interoceánico de urxencia, para adiantar a súa volta.

Sabemos —porque así o confirmaron fontes do Goberno da Xunta de Galicia— que ese cambio de billetes tivo un custo económico, que custou diñeiro; houbo unha diferenza entre o custo previsto e o custo finalmente resultante como consecuencia da súa decisión de acudir a un acto de partido. Todo o mundo sabe, por outra parte, cando viaxa, que unha cancelación dun voo a última hora e coller outro a ultimísima hora ten uns gastos e eses gastos son gastos carísimos.

Vostede, polo tanto, cambiou un billete que estaba inicialmente previsto por outro para cubrir necesidades do seu partido, fins de interese particular. E, polo tanto, pregúntolle moi claramente: señor Núñez Feijóo, primeiro, ¿quen pagou a diferenza de custos desa viaxe? En segundo lugar, ¿canto custou a diferenza entre unha viaxe e outra? E, en terceiro lugar, ¿onde está a xustificación documental deses gastos?



Só hai dúas opcións —entendemos nós—: ou pagouna o señor presidente da Xunta de Galicia, que sería o normal, porque realiza unha actividade de interese particular —acode a un acto de partido— ou ben pagouna a Xunta de Galicia, unha situación que sería absolutamente intolerable, porque sería utilizar diñeiro público para fins de interese particular. Sería nese caso un acto descarado de corrupción política, pagar con diñeiro de todas e de todos unha viaxe para un acto de partido.

Queremos que conteste claramente: ¿está vostede utilizando o diñeiro de todas as galegas e de todos os galegos para ir a actos do Partido Popular? Se non é así —e quixeríamos sinceramente pensar que non é así—, díganos —ten a oportunidade de facelo—: ¿quen pagou a diferenza? ¿Canto custou a diferenza? E ¿onde están as facturas desa diferenza?

Hai tres meses, desde En Marea rexistramos unha pregunta parlamentaria, que a día de hoxe aínda non foi contestada. Estas tres preguntas que lle acabo de facer están rexistradas desde hai tres meses, e non recibimos contestación do Goberno.

Hai quince días obrigamos a comparecer un alto cargo do seu Goberno para dar explicacións desta viaxe, formulándolle un total de oito preguntas, que quedaron sen contestar, sen contestar. Polo tanto, señor presidente, preguntámoslle directamente —ten a oportunidade de aclarar esta bochornosa situación—: ¿quen pagou ese custo? ¿Quen pagou esa diferenza? (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ¿Onde está a xustificación? E ¿cal foi o custo real desa diferenza da viaxe?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Moitísimas grazas, señor Villares, pola pregunta.

Efectivamente, viaxei aos Estados Unidos, tanto a Miami como a Nova York. A miña axenda foi pública. Agradezo que vostede reflecta o contido da viaxe, unha viaxe para levar unha delegación de empresas do sector *contract*, onde tivemos ocasión de ter reunións cos principais dirixentes da cadea hoteleira Marriott, que é a cadea hoteleira máis importante do mundo, e tamén outro tipo de empresas, onde tivemos ocasión de ter contactos co Porto de Miami, que é o maior porto de cruceiros de América.

Agradezo tamén a súa referencia aos contidos culturais da viaxe, onde tiven ocasión de participar, a instancias do Consello da Cultura Galega e por invitación do Consello da Cultura Galega, nunha exposición sobre a emigración.



E agradezo, en definitiva, tamén o seu interese por esa viaxe.

Iso paréceme, ademais, unha rectificación das Mareas moi intelixente: en primeiro lugar, isto era unha viaxe de turismo e despois déronse conta vostedes de que era unha viaxe con contido político, con contido económico, con contido cultural.

A pregunta non pode ser máis sinxela, e a resposta non pode ser máis concreta: ¿quen pagou o cambio da viaxe? Vostede ten coñecementos en materia de axencias de viaxes. Efectivamente, ás veces, cando se cambia un billete, iso supón un incremento de custo, e neste caso supuxo un incremento de custo. ¿Quen o pagou? O Partido Popular de Galicia. ¿Onde está a factura? No Partido Popular de Galicia. ¿Quere vostede unha factura do Partido Popular de Galicia para acreditar quen pagou a viaxe? Non teño inconveniente en trasladarlla, aínda que vostede non ten ningún dereito en tela, ningún dereito en tela. (*Murmurios.*) O que si digo, señoría, é que, como presidente da Xunta de Galicia, xamais un acto de partido foi financiado pola Xunta de Galicia dende que son presidente, (*Aplausos.*) xamais.

Por iso, señoría, me sinto tan satisfeito de que vostede me faga esta pregunta. Señor presidente, quédanme cincuenta e un segundos, non vou utilizar estes cincuenta e un segundos porque simplemente todo o que fai o presidente da Xunta é conforme a dereito, e non hai un só euro do Partido Popular de Galicia que se impute á Presidencia da Xunta de Galicia, como non podería ser doutro xeito. Se vostede vira o código ético que aprobou este partido, que non existía en Galicia, comprobaría que iso non é posible. E ¿sabe para que aprobamos o código ético? Para non volver incorrer nos problemas dos gobernos anteriores.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, agradecemos sinceramente a súa explicación e agradecemos sinceramente a rectificación do seu Goberno. Agradecemos a rectificación do seu Goberno porque, despois de tres meses e grazas a que nós traemos esta pregunta ao pleno do Parlamento, (*Risos.*) por fin o Goberno galego dá explicacións. Ata agora, despois de tres meses, estíbese incumprindo a Lei de transparencia. Estíbese incumprindo ese código ético ao que vostede fai referencia e que vou ler neste momento. O código ético institucional aprobado pola Xunta di literalmente, no seu apartado g), aprobado pola Xunta no ano 2011: «O Goberno galego actuará segundo o principio de transparencia tanto na organización e desenvolvemento destas actividades no exterior como no relativo ás informacións sobre os gastos orixinados».

Ben, nós rexistramos hai tres meses esa pregunta por escrito. Ata agora non houbo ningunha contestación. O señor Rodríguez Miranda estivo na Comisión 1ª hai quince días e negouse a dar información sobre este tema.



De tal maneira que nós exixímoslle, para que siga dando cabo ao cumprimento da norma e para evitar que sigan no cargo aqueles que incumpren flagrantemente a Lei de transparencia, que cese inmediatamente o señor Rodríguez Miranda por estar ocultando información a este Parlamento. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Chissst, ¡silencio, silencio!

O señor VILLARES NAVEIRA: Seguimos sen saber a día de hoxe —e vostede segue sen entregar esa documentación—, en primeiro lugar, cales foron os custos da diferenza, e, en segundo lugar, onde están esas facturas. Porque podería pasar unha cousa..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor VILLARES NAVEIRA: ...e é que simplemente os gastos foran aboados ao Partido Popular con posterioridade a que nós fixésemos esa pregunta no Parlamento, algo que a día de hoxe aínda non sabemos.

Nós queremos saber se vostedes cumpriron a lei desde o principio ou soamente cumpriron a lei e devolveron o diñeiro que era de todas e de todos cando foron interpelados...

(*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Señora Prado, silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...por isto no Parlamento de Galicia.

Polo tanto, queremos que nos aclare cando foi realizado ese aboamento e, en segundo lugar, xa que non ten inconveniente, que nos achegue os datos desas facturas e do lugar e do momento en que foron aboadas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares. (*Murmurios.*)

Resposta do presidente.

Estaba esperando que houbera silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Villares, nunca lle agradeín unha pregunta con tanto criterio e con tanto respecto como a que vostede acaba de formular. Ao mellor iniciamos un novo ciclo de respecto institucional. Iso sería bo, señor Villares. Non o digo por min, senón por vostede. Sería bo que vostede tivese respecto ao Parlamento, que fixera as preguntas de forma respectuosa e que non imputase de forma continuada e constante incluso delitos e, como mínimo, insidias ou calumnias.

Señor Villares, o señor Rodríguez Miranda compareceu o 28 de marzo na Comisión 1ª e dixo claramente que a cancelación da viaxe ningún impacto económico lle producira á Adminis-



tración. Primeira referencia. É toda unha declaración dun alto cargo en sede parlamentaria, e se mentira en sede parlamentaria, tería responsabilidades correspondentes. Eu comprendo, señoría, que a vostedes mentir lles dá igual; (*Murmurios.*) a nós, non; mentir en sede parlamentaria é algo gravísimo, o máis grave que pode cometer un deputado.

Señoría, pregúntame vostede sobre a factura. Menos mal que agora os sistemas informáticos son rápidos e o secretario xeral do partido foi veloz. Teño aquí a factura (*O señor presidente da Xunta mostra un documento.*), Viajes Sant Yago, aboada o 9 de febreiro do ano 2019. Señor Villares, cumprimos o código ético, porque este código foi aprobado por este goberno e neste parlamento houbo oito leis a instancias deste goberno para mellorar todos os comportamentos éticos do Goberno e do conxunto dos que forman esta Cámara. (*Aplausos.*)

Agora ben, a súa pregunta está incorrectamente formulada. Amplíoo. Porque eu viaxei con outras persoas. Debería vostede preguntarme se do resto das persoas tamén as facturas foron aboadas polo partido. A resposta é que si, en todas e cada unha delas, non soamente a miña, senón tamén a persoa que me acompañaba, por razóns éticas, señor Villares. Esa persoa non ten ningunha responsabilidade co partido, pero por razóns éticas, dado que eu anticipéi a miña viaxe, o lóxico é que a persoa que me acompañaba tamén o fixera.

Non sei exactamente se cando vostedes viaxan a Venezuela (*Murmurios.*) viaxan con cargo á Cámara ou con cargo ás Mareas de Podemos. Señor Villares, ¿podíame acreditar, cando vostedes viaxaron a Venezuela, se viaxaron con cargo á Cámara ou pagou o Grupo Parlamentario das Mareas de Podemos? Xa sei que eu non podo preguntarlle a vostede, pero probablemente os cidadáns se fagan a mesma pregunta que me fago eu, e, como represento a maioría dos cidadáns, señor Villares, os cidadáns preguntámonos se, cando vostedes viaxan a Venezuela, eses cargos e eses custos os pagan as Mareas de Podemos ou os paga a Cámara. Se o pagase a Cámara, señor Villares, comprenderá vostede que volve vostede introducir un sarcasmo: pide o que non dá.

Sobre as preguntas, ¿sabe vostede, señoría, que as preguntas formuladas nas dúas últimas lexislaturas a este goberno foron corenta e nove mil? Formuláronse máis preguntas a este goberno nas dúas últimas lexislaturas que desde que existe o Parlamento. ¿Parécelle a vostede que este goberno non é o suficientemente transparente tendo que contestar en dúas lexislaturas corenta e nove mil preguntas, que superan o total das preguntas das sete lexislaturas anteriores? Señor Villares, se quere vostede un exemplo de ética, mire para este grupo e para este goberno.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a incidencia do centralismo para o desenvolvemento de Galicia

O señor PRESIDENTE: Cando queira.



A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Señor Feijóo, ¡que pena que a ética non lle chegue á valedora do pobo! (*Aplausos.*)(*Murmurios.*)

En fin, hai dúas cuestións que son nefastas para Galiza. A primeira é o centralismo, ese monstro depredador que vostede alimentou durante estes anos na Xunta de Galiza. E fíxese que casualidade: o centralismo é a principal oferta electoral do seu partido para as vindeiras eleccións do 28 de abril, nesa carreira desaforada que teñen as dereitas por ver quen é máis españolista.

A segunda cuestión nefasta para Galiza é que temos un presidente sen peso político que antepón os intereses do Partido Popular por riba dos intereses de Galiza e ao que, ademais, non lle importa facer o ridículo dicindo unha cousa pola mañá e a contraria pola noite.

E voulle explicar por que digo isto. Mire, vostede un día decide arrancar unha campaña polo autogoberno. 24 de xaneiro: «O PP de Galiza reclama agora o máximo autogoberno, como o País Vasco e Cataluña. Feijóo súmase á reivindicación do BNG.» Pero claro, chegou Pablo Casado e mandouno parar, e unha semana despois, ¿que temos? «Freo ao autogoberno. Os populares rexeitan máis competencias para a Xunta.»

Outro día vostede decide poñer en marcha a campaña do superávit. 14 de marzo: «Feijóo pide autorización a Facenda para investir o superávit galego na sanidade.» Mandoulle unha carta á ministra, e parece que a carta funcionou, porque o 30 de marzo dicían os titulares: «Galicia gáñalle o pulso ao Goberno e poderá gastar o diñeiro do superávit.»

Pero de novo vemos como quen manda en Galiza é Pablo Casado. 4 de abril: «O PP votou «non» a reinvestir o superávit, en contra do criterio de Feijóo.» ¿Cal foi a súa resposta ese mesmo día?: «*Feijóo ve poco operativa y estéril la autorización del uso del superávit.*»

Pero podíamos seguir tamén con outro capítulo das súas campañas, por exemplo o da AP-9. 5 de abril, non hai dous anos, 5 de abril: «Feijóo ve unha discriminación ceder a Euskadi unha autopista mentres Galiza espera pola AP-9.» Moitos golpes no peito deron estes días con este tema.

E claro, o 8 de abril resulta que Pablo Casado presenta o seu programa, que o que nos propón é máis centralismo e nada máis e nada menos que non transferir nin unha soa competencia máis, e non hai ningunha nota nese programa que diga que a AP-9 está salvada.

Resposta do presidente da Xunta onte. Feijóo di: «*La calle no reclama más transferencias.*» (*Aplausos.*) Eu non sei se vostede empeza a comprender por que en Euskadi conseguen en vinte e catro horas a transferencia da AP-68 e vostede leva once anos sen conseguir nin unha soa transferencia.

Mire, por iso eu fágolle unha pregunta, que é moi sinxela, e é saber — non sei xa tampouco se crelo, porque como cambia de opinión cada día; hai veletas que dan moitas menos voltas nos teitos deste país —, claro, que defende vostede realmente: se defende o programa de Ca-



sado, para o que está pedindo o voto, que nos fala desa *España de los balcones*, ou se defende os intereses de Galiza, que realmente teñamos máis autogoberno, porque non se cumpre nin o Estatuto actual, e que nos dean capacidade para non ter que pedir permiso a Madrid para solucionar os problemas de Alcoa, dos nosos pensionistas, da xente que está esperando por unha oportunidade neste país ou para que teñamos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...máis recursos na sanidade pública. Díganolo, señor Feijóo, e a ver se é posible que mañá non cambie de opinión.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Eu comprendo, señoría, que Batasuna-Bildu, Esquerra Republicana de Cataluña e o BNG (*Murmurios.*) non entendan a proposta do Partido Popular de Galicia, pero voulla intentar explicar outra vez.

Mire, señoría, mentres vostedes agora se apuntan á República galega, nós levamos traballando pola Galicia real dende o principio. Para nós os problemas de Galicia creo que están bastante concretos e numerados dende hai tempo.

Mire, o último problema que temos en Galicia, eses atrancos que vostede me plantexa, e ese centralismo do que vostede se fai eco, mire, para nós o principal atranco son os 825 millóns de euros de atrancos que temos co Goberno central. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Recoñecer o superávit, que para nós son ao redor de 125 millóns de euros; non ter actualizadas as entregas a conta, que son 330 millóns de euros; agora negárenos a mensualidade do IVE, que son 200 millóns de euros; e negarnos as liquidacións negativas, que son 170 millóns de euros. Son 825 millóns de atrancos.

Señoría, os atrancos das nosas familias é o que nos preocupa: cinco mil postos de traballo das empresas electrointensivas e cinco mil postos de traballo no sector forestal. Hai dez mil familias con atrancos nos seus postos de traballo. Isto é o que realmente nos preocupa e nos ocupa.

Como vostede agora se adica a ler os xornais, é unha pena que lea non só os titulares, senón o contido dos mesmos. Mire, señoría, eu dixen —e reitero— que a proposta de aprobación do superávit no Goberno central non resolve os problemas de Galicia, porque o noso diñeiro non se pode adicar ás nosas prioridades, e reiteroo.

E do mesmo xeito que dixen —e reitero— que neste momento, nun momento no que se está discutindo a independencia dunha parte do país, un momento no que Bildu está tomando decisións que afectan a todos os españois, un momento no que o señor Otegui recibe miles



de chamadas para felicitalo porque por fin dobrega o Goberno central, pois nese momento non parece moi oportuno proseguir coas transferencias.

Agora ben, mire, a transferencia da AP-9 non é unha transferencia dende o punto de vista competencial, é unha transferencia dunha infraestrutura, e esa transferencia desa infraestrutura é absolutamente incuestionable para o Partido Popular de Galicia, e o Partido Popular de Galicia — polo menos mentres eu milite nel — vai seguir solicitando a transferencia desa autoestrada, entre outras cousas porque, como vostede di, o señor Pablo Casado asinou con puño e letra esa solicitude de transferencia hai semanas no Congreso dos Deputados. *(Aplausos.)* É unha pena, señoría, que vostede non reflicta este tipo de cuestións.

Pero mire, para explicarlle cal é a nosa proposta nese maremágnum que vostedes forman con Bildu-Batasuna e Esquerra Republicana, dicirlle que nós defendemos a Constitución e o Estatuto de autonomía. Vostedes non o defenden. Nós non estamos de acordo nin co centralismo de Vox nin co independentismo e o separatismo do BNG, de Esquerra Republicana e de Bildu. Algúns, como Vox, ven separatismo onde nós vemos a defensa da Constitución e do Estatuto. E algúns, coma vostedes, ven como algo prexudicial para Galicia o centralismo onde nós defendemos a necesidade de coordinación dun Estado que existe e dunha nación española que existe, formada por comunidades autónomas que existen, para garantir a igualdade de todos os cidadáns que vivimos en Galicia e no resto de España. *(Aplausos.)*

Señora Pontón, tanto o separatismo anacrónico do BNG como o centralismo anacrónico de Vox son unha verdadeira ameaza para os galegos, e por iso nós rexeitamos os polos, os polos centralistas de Vox e os polos separatistas do BNG. *(Aplausos.)* Non sei se me expliquei axeitadamente, pero, señora Pontón...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...vostedes representan o anacronismo, o anacronismo dunha nación libre, de cidadáns libres e iguais. *(Murmurios.)* Si, señoría, xa sei que ri cando recito a Constitución, pero ese é o seu problema, señoría, que vostede non quere competencias. Vostede quere a República galega, vostede quere a independencia de Galicia, e onde nós queremos competencias para xestionar de forma axeitada os servizos públicos, vostedes queren competencias para rachar o país. E con iso, señora Pontón, non conte, non conte nin con Vox nin co BNG para facer Galicia.

Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, está vostede máis nervioso do que parecía. *(Risos.)* Si, si, vexo que para dicir que non cren a enquisa do CIS, está vostede desde logo moi nervioso. Si, xa vexo eu como traballa vostede por Galiza, si, de ganchete, avalando os pactos coa extrema dereita antigalega e racista. *(Aplausos.)*



E mire, ¿sabe cal é o problema? É que o programa de Vox, de Ciudadanos e do PP son como tres gotas de auga. Si, si. Defenden recentralización, defenden que o galego sexa unha lingua de segunda e non din nada de que vaian transferir nin unha soa nova competencia. Non engane os galegos e as galegas. É que está aquí o seu programa, (*A señora Pontón Mondelo mostra un documento.*) que o di con absoluta claridade.

E mire, moi desesperado ten que estar para recorrer a falarnos dos pactos de Bildu. Pero ¿se quen máis falou de pactos de Bildu foi o señor Maroto! «*Maroto defiende sus pactos con Bildu, desea que cunda el ejemplo.*» (*Aplausos.*) A min, a verdade, señor Feijóo, é que me parece que deberíamos de tomar en serio o que significa representar os galegos e as galegas. Xa sei que vostede non o toma en serio, porque cambia de criterio en función das posicións que ten Pablo Casado.

E mire, eu non sei de polos. Eu o que sei é que vostede parece un polo sen cabeza (*Risos.*) teledirixido desde a rúa Génova por Pablo Casado. (*Aplausos.*) E Galiza, señor Feijóo, merece algo máis.

Mire, ¿sabe que consideración nos dá o seu programa electoral?, que non reconece que o Estado español, si, é un Estado plurinacional, e é unha vergoña que, sendo vostede representante dunha nación como é Galiza se comporte como un auténtico acomplegado (*Aplausos.*) e non lle dea un pouco de reparo ler as cousas que pon o seu programa electoral, que ¿sabe que nos di? «*España, una nación, no una suma de minorías desvertebradas ni un catálogo de etiquetas.*» Galiza non é unha etiqueta nin unha minoría desvertebrada. (*Aplausos.*) É unha auténtica falta de respecto.

E mire, se quere falar de atrancos, podemos falar de atrancos, señor Feijóo, porque, por riba, defende mal os intereses deste país. É que as débedas do Estado con Galiza non son 85 millóns de euros, que lle acordaron agora. O Goberno de Rajoy deixou sen investir dous mil millóns de euros só na última lexislatura, presupostados e non executados. Nin llos reclamou a Rajoy nin vostede é capaz de reclamarllos aquí. O atranco que tivemos para a transferencia da AP-9 foi sempre que vostedes non querían a transferencia e que foi todo un absoluto paripé.

Eu, de verdade, se fora vostede, dimitiría. (*Risos.*) O señor Urkullu, en vinte e catro horas, consegue a transferencia da AP-68, e o señor Feijóo, con toda a súa valía, (*Murmurios.*) leva once anos que gobernaron os seus en Madrid e é incapaz de conseguir a transferencia da AP-9 (*Aplausos.*) ¡Un peso político, señor Feijóo, de verdade nunca visto!

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: E mire, se quere que falemos de atrancos, por realismo e por respecto á verdade da que vostede nos fala, tería polo menos que reconecer que o PP se equivocou cando reformou o artigo 135 da Constitución co Partido Socialista para privilexiar a banca e aprobou unha lei que é a que lle impide a vostede decidir que fai co superávit.

¿Ve como é un problema o centralismo que practica o seu partido para este país, que lle acaba dando nos narices, señor Feijóo?



O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: E o grave non é que lle dea a vostede nos narices, é que está impedindo desenvolver este país. Temos catrocentos postos de traballo en xogo e vostede non quere nin competencias para solucionar os problemas de Alcoa nin de ninguén.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón. Terminou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: É un auténtico despropósito, señor Feijóo, un polo sen cabeza teledirixido polo señor Pablo Casado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche, presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¡Que raro! Outro pleno máis cos nacionalistas dando carnés de bos galegos, de malos galegos *(Murmurios.)* Mire, a min nin o nacionalismo nin o independentismo me vai dicir o que teño que facer. Iso xa llo din vostedes a Pedro Sánchez. Xa o señor Sánchez fai o que lle di o nacionalismo e o independentismo. Aquí non, señoría. Aquí facemos o que digan os galegos, non o que diga nin o nacionalismo nin o independentismo. *(Aplausos.)*

Está vostede, señora Pontón, como para falar de programas. Vai en coalición con Batasuna-Bildu e Esquerra Republicana de Cataluña e fala vostede de programas. Vostedes piden o voto para Bildu. *(Murmurios.)* Si, non se preocupen, coinciden. Pedro Sánchez tamén quere o voto de Bildu. E nós non queremos nin voz nin voto de Bildu nos temas que afectan os galegos e, en consecuencia, nos temas que afectan a España.

Si, señoría, teño aquí o seu programa electoral, *(O señor presidente da Xunta mostra un documento.)* este das etiquetas. Permítame lelo, permítame ler a páxina 5: «Ruptura co réxime español vixente desde a aprobación da Constitución do 78». *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero, señoría, ¡déixeme que o lea, que é un programa fantástico!, para que os galegos se enteren realmente de cal é a proposta do BNG. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Déixeme ler o programa. «Galiza non só debe ter recoñecido o dereito á autodeterminación, senón que debe ter tamén a posibilidade de exercelo. Iso implica que Galiza poida asumir a soberanía, por medio dun proceso constituínte propio, na perspectiva da creación dun Estado galego soberano, a República de Galiza.» *(Risos.)* Comprenderá, señoría, que este programa a min non me representa, á maioría dos galegos non nos representan e cando vostede fala de transferencias, vostede non nos representa, señora Pontón, *(Aplausos.)* ¡non nos representa!

Mire, señoría, nós non queremos este tipo de transferencias. Nós queremos as transferencias constitucionais. Sempre imos solicitar máis transferencias nunha España única, nunha na-



ción única, nunha nación indisoluble, que se chama España, e por iso vostedes non entenden as nosas propostas, nin os galegos entendemos as súas propostas. Que en pleno século XXI o BNG nos presente este programa electoral pedindo autodeterminación, a soberanía, a constitución dun Estado independente, (*Murmurios.*) a constitución da República de Galiza, é simplemente un anacronismo político, económico, social e histórico, señora Pontón, (*Aplausos.*) un anacronismo político, social e histórico, señora Pontón.

O BNG involuciona. Do BNG do Bipartito a este BNG o único que conservan é a letra. Iso si, soamente un terzo dos votos. ¡Por algo será, señora Pontón!

Mire, para vostedes todo o que significa a palabra España é negativo. ¿Pero non entenden que se baixa o paro en España baixa en Galicia? ¿Pero non entenden que se conseguimos máis fondos europeos en España estamos conseguindo máis fondos europeos para Galicia? ¿Pero non entende que, se converxe a economía española, está converxendo a economía galega? ¿Pero non entende, señoría, que, se solventamos o problema do déficit das pensións en España, solventamos o déficit das pensións en Galicia? (*Murmurios.*) Señoría, ¿pero non entende que, se España é un país seguro, Galicia é un país seguro?

Mire, señoría, parece lamentable ver os membros de Batasuna-Bildu presumindo de que o Goberno de España os chama constantemente. Aquí hai dez mil postos de traballo no limbo, aquí non fan unha soa chamada. ¿Quen máis dano fai ao Estado autonómico? O nacionalismo e o independentismo, desvirtuando o Estado autonómico.

Grazas a ese nacionalismo e independentismo iníciase un proceso de partidos de dereita populista en España, e esa é a resposta ao nacionalismo e ao independentismo. Si, señora Pontón, ¿pero non se dá conta de que os extremos se tocan? (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Os extremos tócanse. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Uns queren acabar coas autonomías vía centralización e outros queren acabar coas autonomías vías independencia. Nós estamos coas autonomías, co Estado das autonomías, (*Aplausos.*) coa Constitución e co Estatuto.

Máis nada e moitas grazas, señora Pontón. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación na que se atopa o compromiso do Goberno galego respecto das residencias de persoas maiores



O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, bos días.

Señor Núñez Feijóo, as políticas de maiores afectan directamente un 25 % da poboación, pero indirectamente aféctannos a todos; imos cara a aí. Neste contexto eu quero preguntarlle por unha parte desa política, unha parte eu creo que moi específica pero moi importante, que é a posibilidade de acceder a residencias públicas, a un importe asequible, na Comunidade Autónoma de Galicia, que é do que estamos a falar. Somos líderes en avellentamento en España e en Europa, cada vez máis, pero agora que comezou a temporada ciclista na política de residencias públicas estamos no pelotón de cola.

Non é unha política única de atención aos maiores. Hai outras. Nin sequera esta debe ser a preferente. Pero é unha necesidade en moitas ocasións para as persoas maiores e as súas familias que teñen que soportar moitas veces o custo derivado disto. E o empeño en atrasar a posta en marcha das promesas que vostede fai ocasiona prexuizos aos que están nas listas de espera, a aqueles que as abandonan e desesperados se conforman cunha prestación económica, pero tamén a todos aqueles que acaban optando por unha residencia privada, porque, sen dúbida, nestas circunstancias os prezos non fan máis que subir.

Neste sentido —eu xa llo dixen algunha vez— a súa política de residencias non é máis que un imposto non declarado ás persoas maiores en Galicia. Porque cando aumenta moito a demanda pero a oferta non se move os prezos soben, inevitablemente, e neste suposto pois pagan todos.

Pero esta pregunta ten outra dimensión e ten que ver co cumprimento das súas promesas, ten que ver coa súa credibilidade. No seu programa do 2009 propoñía unha residencia pública en cada comarca. En 2012 era un pouco máis modesto: falaba de dúas mil cincocentas prazas públicas nesa lexislatura e catro mil até o 2020. É certo, en 2016 baixaba aínda un pouco máis: prometía só mil prazas na seguinte lexislatura, un 25 % das prometidas; non fixera ningunha; das catro mil iniciais baixamos a mil. En 2017 falaba de novecentas, e, nunha resposta recente a unha pregunta do noso grupo, xa baixaban a setecentas oitenta. En todo caso, vai baixando tanto que a próxima promesa seguramente a cumprirá porque quedará todo en nada. (*Aplausos.*)

E, fronte a isto, a realidade. ¿Que é o que pasou? Pois mire, o Consello de Contas, nun informe que fai sobre o gasto en atención residencial, di que ao longo do período fiscalizado 2010-2015 a Consellería non elaborou ningún plan de investimentos nos centros residenciais para maiores e dependentes. Como feitos posteriores, sinálase o estudo dun novo plan de residencias no ano 2017; é dicir, entre o 2009 e o 2017, nada. E do 2017 para aquí o Plan Como na casa, que contemplaba a construción dunha residencia en cada unha das áreas urbanas de Galicia, pero que hoxe existe só sobre o papel; non hai ningunha licitación feita, non hai ningún proxecto que poidamos dicir que ten un período de finalización razoable diante de nós.

Por tanto, señor Núñez Feijóo, dez anos despois non hai ningún resultado. Catro mil prazas prometidas en 2012, unha residencia por comarca en 2009, mil prazas en 2016, novecentas



en 2017 e, ao final, ningún resultado. ¿Como cualificaría isto vostede se estivese vostede na oposición?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Pero, en todo caso, o que importa —a min, ao meu grupo e aos maiores en Galicia—: ¿que pensa facer para darlle a volta a esta situación?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor Leiceaga.

Eu creo que é unha boa noticia que falemos dos maiores, paréceme ben sempre que podemos falar dos maiores. Creo que é un dos ámbitos onde nos sentimos máis orgullosos das nosas políticas. Xa ve vostede como hai unha forma distinta de contar o que se conta desde o punto de vista físico. Non é unha cuestión simplemente de vontades.

Mire, sobre opinións cada un ten a súa, pero sobre os datos deberíamos de aceptalos. O dato é que neste momento estamos investindo en atención á dependencia o triplo, tres veces máis, do que se investía cando chegamos ao Goberno. 383 millóns de euros, señor Leiceaga, é o que investimos; cento e pico é o que se investía cando chegamos ao Goberno; é dicir, o triplo.

Hoxe mesmo podemos dicir que temos cuberto e cumprido o 100 % do noso programa en materia de dependencia, pero non hoxe, senón en Nadal do ano 2018. Comprometemos no programa —míreo vostede— sesenta mil dependentes cobrando no ano 2020; en decembro do pasado ano había sesenta mil, hoxe hai sesenta e un mil. Polo tanto, en vez de criticar, debería vostede ver as cifras nas súas dimensións; é dicir, mire, nós cumprimos, dous anos antes de finalizar a lexislatura, o programa da lexislatura en materia de dependencia. *(Aplausos.)*

Prosigamos, señor Leiceaga. Na rede pública de persoas maiores hoxe contamos con oito mil prazas públicas de residencia —reitero: oito mil prazas públicas de residencia—, que son exactamente un 42 % máis das que había no ano 2009. O 42 %, anote, señor Leiceaga. *(O señor Fernández Leiceaga pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, anote, anote, para que vostede me faga a seguinte pregunta.

Mire, máis de tres mil trescentas prazas en centros de día, o triplo que hai dez anos. Polo tanto, señoría, ¿de que se nos acusa? ¿De incrementar o triplo as prazas de centros de día, o dobre as prazas de residencia, de multiplicar por tres o presuposto? Pero, ¡joia!, ¿de que se nos acusa? ¿Quere vostede a relación dos sesenta e sete centros de día que abrimos dende



que chegamos ao Goberno? ¡Está á súa disposición! Igual que a factura do señor Villares, señor Leiceaga.

¿De verdade que vostede me está falando en serio das políticas...? Mire, en prazas, cando chegamos ao Goberno había once mil prazas —exactamente, 11.126— no total de prazas de servizos sociais, hoxe hai 17.268, seis mil prazas máis, o 55 % de porcentaxe superior. ¿De que se nos acusa? ¿De incrementar un 55 % os centros de día, os centros de alzhéimer, as residencias dos maiores, a atención á discapacidade? ¿Diso se nos acusa, señor Leiceaga? ¡Benvida esa acusación!

O que si eu teño que dicir aquí é que dende hai trece anos o Partido Socialista aprobou a Lei de dependencia e aínda non se está cumprindo. A Lei de dependencia supón pagar o 50 % dos gastos da dependencia nas comunidades autónomas. Se se cumprira iso, que dende hai trece anos está publicado, o 100 % dos dependentes estaría cobrando a dependencia. (*Aplausos.*) E hoxe somos unha das comunidades autónomas onde máis se cobre en dependencia.

Mire, señoría, seguimos financiando o 75 % dos gastos da dependencia en Galicia. E por suposto que no anuncio das residencias seguimos traballando —vostede sábeo—. Non temos aínda todos os soares de todas as cidades. Estamos neste momento elaborando o proxecto construtivo, espero que nesta semana poidamos coñecer exactamente cal é o adxudicatario dos proxectos construtivos de todas as residencias. E espero, señoría, que cando o presentemos se nos dean licenzas. Dende Ferrol, que non nos fai ningún tipo de cesión de solo para facer a residencia, ata Lugo, que nos nega as licenzas cando as solicitamos. Estamos neste contorno, señor Leiceaga. Seguro que vostede igual se pode enterar.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Pero o importante neste momento, señor Leiceaga —non teña dúbida—: nunca houbo máis maiores atendidos, máis discapacidade atendida, nunca houbo máis servizos de axuda ao fogar, nunca houbo máis políticas sociais en Galicia.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, sobre as cifras, eu voume limitar a recomendarlle a vostede e a toda a Cámara, e aos que nos escoitan, que mire o que pon na páxina 43, (*O señor Fernández Leiceaga mostra un documento.*) o cadro que pon a evolución de centros por tipoloxía. Consello de Contas, que é o órgano que fiscaliza a actuación da Xunta de Galicia en materia financeira. Non hai máis que remitirse a isto. (*Aplausos.*) Un pequeno incremento de duascenas prazas en todo o período analizado, e basicamente a través de centros concertados, que está vostede sumando todo.



As súas promesas eu téñoas aquí, porque teño a copia do seu programa. Señor Feijóo, a min gústame ler os programas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e o periódico tamén ás veces, si, algúns tamén os leo. (*O señor Fernández Leiceaga mostra un documento.*) 2009, unha residencia máis en cada comarca; 2012, catro mil prazas no horizonte do 2016; 2016, mil prazas no período 2016–2020. Pasaron tres anos xa —case— e de momento non temos nada.

Eu xa sei que hai algunhas dificultades nalgúns concellos, pero noutros non; vostedes teñen terreos á disposición en varias cidades, nalgún caso hai máis dun ano; e, non obstante, non avanzaron nada, porque hai un empeño en atrasar o cumprimento das súas promesas.

Pero os maiores, por moitas razóns, non poden esperar máis, primeiro, porque pasaron dez anos desde o inicio das súas promesas, e, despois, pola súa propia condición. E sabe vostede perfectamente que en varias cidades teñen os terreos á disposición. E noutros casos é un problema da Xunta, e noutros casos son dependencias da Xunta que deben transformarse en residencias. Por tanto, iso trátase dunha excusa de mal pagador.

E cando non se fai a oferta necesaria, os prezos soben, e os prezos soben e afectan a todos aqueles que teñen necesidade, unha necesidade última —porque é preferible que os maiores sigan na súa casa, sigan na proximidade das súas familias—, pois teñen a necesidade de acudir a unha residencia.

Hoxe Galicia está nunha situación lamentable nese terreo específico, nese terreo; non estamos falando do conxunto da dependencia, que é un plan de implantación progresiva, senón dese terreo específico.

E en xuño de 2017, señor Feijóo, vostede —está no *Diario de Sesións*— dicíame: ten vostede o meu compromiso de iniciar sete residencias nas sete cidades de Galicia, onde imos crear novecentas prazas e quiñentos empregos. Disto hai dous anos. Dese compromiso, ¿cal iniciou? ¿Onde empezou a construírse algunha? Porque se eu vexo os orzamentos que vostede presenta —o conselleiro de Facenda non me deixará mentir—, vexo que concentran a maior parte dos recursos para a construción desas residencias no ano 2020, 2021 e seguintes. E, por tanto, ten que entender que teña eu algunha prevención sobre o ritmo co que vostede está facendo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...honor ao seu compromiso.

Comezamos con dúas mil quiñentas prazas nunha legislatura, con catro mil no horizonte de 2020, baixamos a novecentas, despois a setecentas oitenta e ao final non temos ningunha. Ese é o seu balance, señor Feijóo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.



Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

Señor Leiceaga, con todos os respectos, vostede ¿que mestura? ¿Prazas con residencias? ¿Prazas físicas? Se son concertadas, ¿non valen? Soamente lle valen a vostede as prazas públicas. O resto, se un cidadán cun bono residencia (*Murmurios.*) acode a unha residencia, iso non vale. Se hai sesenta e un mil cidadáns galegos que están cobrando a dependencia, iso non vale. Cando vostedes gobernaban, había catorce mil; agora hai sesenta e un mil, e iso non vale. A maioría deses cidadáns utilizan a dependencia para ir a unha residencia, e iso non computa. Vostede fálame dun informe do Consello de Contas que finaliza no ano 2016, e estamos no 2019, e iso non importa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

É o último —di—. (*Murmurios.*) O último son os datos que lle acabo de dar, señor Leiceaga, o último son os datos que lle acabo de dar: sesenta e un mil atendidos dependentes —data de hoxe—, catro veces máis que no ano 2009. Ratio de cobertura, por riba da media nacional: en Galicia, 89,4 %; en España, 80 %. Prioridade de servizos profesionais, é dicir, residencias: en Galicia, 81 %; en España, 69 %. Recordo: o obxectivo da lexislatura eran sesenta mil, agora hai sesenta e unha mil.

Axuda ao fogar. Cando chegamos ao Goberno, mil seiscentas; hoxe, 23.450. Somos a primeira comunidade autónoma en axuda ao fogar, é dicir, evitar que a xente teña que saír do fogar para ir a unha residencia comarcal a varias decenas de quilómetros do seu domicilio.

Casas do maior. A única comunidade autónoma que está abrindo casas do maior nas aldeas. Vostedes non sabían nin o que eran. Trinta casas do maior nas aldeas pequenas de Galicia. (*Murmurios.*) Xa sei que a vostedes agora non lles importa.

Mire, di que non incrementamos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non soamente incrementamos en máis de dúas mil setecentas prazas as residencias físicas, senón que incrementamos o diñeiro da xente para que escolla residencia. Acabamos de aprobar un incremento para dezanove mil persoas... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, silencio. Chissst, chissst. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Acabamos de aprobar un incremento para dezanove mil persoas... (*Murmurios.*) Pero é que, se non escoitan, é imposible dar os datos. Pero non me importa. Poden ir vostedes a un informe do ano 2016 e preguntanme no ano 2019. Non importa, señor Leiceaga.

Mire, acabamos de incrementar os bonos residencia entre un 20 % e un 75 %. ¿Parécelle isto unha mala política de residencia? ¿Incrementar un bono de residencia para que un maior elixa a residencia á que vai cun incremento entre o 20 % e o 75 % das contías que poñemos a través dos servizos públicos? Isto a vostede parécelle unha broma. ¿É unha broma, señoría, ter a maior ratio de cobertura en servizos profesionais de España? ¿É unha



broma ter o servizo de axuda ao fogar máis ambicioso de España? ¿É unha axuda pasar de catorce mil dependentes a sesenta e un mil dependentes, cumprindo todo o programa da lexislatura dous anos antes de que venza a lexislatura? ¿Iso parécelle unha broma, señoría? *(Aplausos.)*

Por suposto, señoría, que temos que seguir avanzando na construción desas sete residencias. Ten vostede razón. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero a razón é o importante. Cando alguén ten a razón, hai que darlla, e do mesmo xeito que temos razón nas políticas públicas, temos que seguir activando as residencias de maiores.

Temos dous concellos que cederon solo; o resto, non. Estamos demolendo o hospital de Lugo para construír un centro de saúde e unha residencia; pedimos unha licenza para o centro de saúde e aínda non a temos; espero que cando a pidamos para a residencia a teñamos. Estamos en contacto co Concello de Ferrol para que nos cedan un soar e non nos ceden o soar en Ferrol. Pero ¿por que? Señor Leiceaga, mire, ¿sabe unha cousa? *(Murmurios.)* ¿Por que vostede non celebra...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que esteamos cumprindo os compromisos en política social e que teñamos as cifras de atención social máis ambiciosas da nosa historia? Iso é importante, señor Leiceaga. Porque lle podó asegurar que para cumprir os compromisos do Partido Socialista en Galicia xa non contamos, porque se tiveramos que contar os incumprimentos do Partido Socialista con Galicia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...necesitáramos un pleno extraordinario. Pero, en fin, agora, coa coalición con Bildu, Esquerra Republicana de Cataluña e o BNG, igual melloramos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor presidente.

Continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre a declaración de impacto ambiental que debe emitir o Goberno galego en relación co proxecto de reapertura da mina de Touro

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNP-003525, doc. núm. 46917).



Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que teñan en consideración de forma estrita as seguintes consideracións á hora de emitir os preceptivos informes, que serán previamente enviados de novo ao concello e aos axentes económicos e sociais, sobre a explotación mineira Cobre san Rafael S.L. no Concello de Touro.

1. Obrigación da eliminación da contaminación existente actualmente nas augas das canles que discorren polas proximidades da antiga canteira. Para iso será necesario realizar un estudo detallado da situación actual da calidade das augas das canles procedentes da antiga canteira ou as canles cuxas augas están actualmente contaminadas palas escorrentías da antiga canteira, determinando o seu grao de contaminación. Procederase ao deseño e execución de medidas preventivas e correctoras para reducir a contaminación que actualmente rexistran as canles que rodean a antiga explotación, ata alcanzar os niveis normativos. Deberanse aplicar medidas construtivas específicas de redución da contaminación (cantes perimetrais, balsas de decantación, balsas de descontaminación, etc.), así como medidas de control e seguimento da calidade das augas das canles actualmente afectadas polo antiga canteira durante o período de explotación e a longo prazo despois da súa clausura.

2. Estudo das captacións e conducións de auga municipais, veciñais e privadas, existentes; incluíndo neste estudo as captacións para abastecemento e as de rega agrícola.

3. Antes do inicio de calquera actuación será necesario contar coa autorización de vertedura do órgano de conca Augas de Galicia, para o que deberá iniciarse a tramitación da mesma coa suficiente antelación. 3. Antes do inicio de calquera actuación será necesario contar coa autorización de vertedura do órgano de conca Augas de Galicia, para o que deberá iniciarse a tramitación da mesma coa suficiente antelación.

4. Un estudo detallado da posible incidencia sobre o río Ulla e os seus elementos asociados no Concello de Touro. 4. Un estudo detallado da posible incidencia sobre o río Ulla e os seus elementos asociados no Concello de Touro.

5. Incluír un cronograma temporal de execución ou programa de obras, que estableza a secuenciación dos traballos para realizar e identifique os puntos críticos desde o punto de vista ambiental; establecendo a secuencia dos traballos, de forma que se garanta que todas as medidas ambientais de prevención están executadas antes da realización das actuacións con potencial contaminador. 5. Incluír un cronograma temporal de execución ou programa de obras, que estableza a secuenciación dos traballos para realizar e identifique os puntos críticos desde o punto de vista ambiental; establecendo a secuencia dos traballos, de forma que se garanta que todas as medidas ambientais de prevención están executadas antes da realización das actuacións con potencial contaminador.

6. Incluír un Proxecto de Execución da Restauración independente onde se inclúan todos os elementos detallados ao respecto no presente informe. 6. Incluír un Proxecto de Execución da Restauración independente onde se inclúan todos os elementos detallados ao respecto no presente informe.



7. *Incluír unha prospección intensiva do ámbito do Castro de Copa que determine o seu valor arqueolóxico, e estableza as medidas de protección e control sobre o mesmo, así como sobre outros elementos que poidan detectarse durante a actuación.*
8. *Incluír un Proxecto de Medidas Ambientais onde se describan detalladamente as medidas para aplicar.*
9. *Detallar o proceso de depuración das augas de vertedura durante os cinco primeiros anos, de forma que a planta de depuración incorpore os equipos necesarios para obter os nivel de calidade normativos.*
10. *Incluír unha canle perimetral de recollida de augas limpas, que abarque todas as concas vertentes cara ao ámbito da canteira.*
11. *Incluír un proxecto detallado do sistema de drenaxe que complete os erros detectados nos documentos do proxecto.*
12. *Incluír un sistema perimetral de recollida das augas xeradas no interior da explotación.*
13. *Incluír un proxecto autorizado por Augas de Galicia onde se detalle o desvío das canles Rego de Burgos e Rego de Pucheiras; proxecto que garanta que estas canles non se verán afectadas pola auga de escorrentía interior.*
14. *Incluír un plan de monitoreo e control das instalacións e das augas subterráneas. Este plan deberá abarcar os 15-20 anos posteriores á clausura da canteira, para permitir a avaliación da eficacia do selado e desmantelado da actividade da canteira, para permitir a avaliación da eficacia do selado e desmantelado da actividade.*
15. *Incluír un estudo de maior profundidade sobre as medidas de seguridade que se poderían adoptar para prever o risco de falla dos muros principais das instalacións de residuos. 15. Incluír un estudo de maior profundidade sobre as medidas de seguridade que se poderían adoptar para prever o risco de falla dos muros principais das instalacións de residuos.*
16. *Incluír a definición detallada das medidas preventivas e correctoras asociadas ás distintas instalacións auxiliares da nova explotación.*
17. *Realizar o estudo de avaliación ambiental específico da liña de subministración eléctrica. 17. Realizar o estudo de avaliación ambiental específico da liña de subministración eléctrica.*
18. *Incluír unha xustificación do emprego das mellores técnicas de proceso dispoñibles, boas prácticas ambientais, así como un programa de aforro enerxético, de consumo de auga e do consumo doutros recursos naturais.*
19. *Incluír unha avaliación paisaxística específica do depósito temporal de estériles.*
20. *Incluír un Proxecto de Abandono da Explotación, onde se planifique a demolición de todos os elementos estruturais que non vaian prestar servizo con posterioridade ao peche da canteira, incluídas as cimentacións das instalacións.*



21. Incluir un Plan de Vixilancia Ambiental detallado, segundo os contidos establecidos no propio Informe.

22. Incluir no proxecto a contía das garantías financeiras, detallando a que responde o cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballo mineiros, e a outra, que responderá o cumprimento do plan de restauración ambiental. Así mesmo, dar a coñecer cal é a constitución das mencionadas garantías (depósitos en entidades financeiras, bonos, avales, etc.).

23. Incluir no proxecto un detallado plan de avaliación de riscos derivados das labores de explotación e especialmente da xestión dos residuos xerados pola explotación mineira, para así determinar o máis axeitadamente posible, polo órgano competente, a contía que terá que cubrir o seguro de responsabilidade civil.

24. Planificar dende o inicio da explotación mineira, o futuro social e económico dos concellos afectados, desenvolvendo novas actuacións de formación axeitadas que permitan unha reconversión profesional o mais doada posible; así como estratexias de diversificación económica, aproveitando os ingresos procedentes das actividades mineiras.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición, ten a palabra o señor Sánchez. (Murmurios.)

Espere a que haxa un pouco de calma. (Murmurios.)

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Hai que esperar a estampida do señor presidente. (Murmurios.)

Eu creo, señor presidente, que os conselleiros que están de tertulia poderían deixar seguir a sesión plenaria e ter un pouco de respecto, porque me está dicindo o señor presidente que non podo empezar, que hai ruído e están de tertulia aquí. Isto xa..., por favor. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Ou podo empezar ou, por favor, falen fóra, que hai unha sala onde poden falar. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, non, si, si. Ben, ¿aínda encima ten máis que dicir?

O señor PRESIDENTE: Por favor, silencio.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¿Aínda encima teñen máis que dicir? Por favor, un respecto... Señor presidente, tiña que ser vostede o que lles dixera iso, non eu. (Aplausos.) Tiña que ser vostede. Non sei que se cren. Non, non se fagan os orgullosos, por favor, deixen continuar o pleno.

Bos días. Acabamos de escoitar que a maioría maioritaria non ten un concello... (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Chissst, chissst...

Pero ¡por favor! Non, non... (Murmurios.) (O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.) Silencio. Señor Pazos... Un momentíño. Silencio, señor Pazos, por favor. Silencio.



Eu creo que non pode molestar a ninguén que estean uns conselleiros aí se non están falando. (*Murmurios.*) Por favor. Non, non, non perdamos o norte. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non se perda o norte, tranquilidade. Teñen todo o dereito a estar aquí. Están como están. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, perdoen. Sei ata onde se pode chegar e teñen todo o dereito... (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*) Non se preocupe polo tempo, señor Sánchez. Tranquilidade, jeh! Un pouco de tranquilidade, imos ir todos con tranquilidade. (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non, señor Pazos, vostede tamén, con tranquilidade. Tranquilidade a todos, jeh! Se non, empezo a chamar á orde, asunto que nunca me gusta, pero, se hai que facelo, fágoo.

Por favor, se se poden sentar aí nas tribunas tamén, porque se non isto contribúe a que non teñamos o sosego necesario que se necesita. (*Murmurios.*)

Cando queira, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*) ...queden os conselleiros de tertulia aí —digo eu—. Eu saio, entro, pero non interrompo o pleno. (*O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.*)

Ben, acabamos de escoitar, ademais, que a maioría maioritaria non ten un concello en toda Galicia que lle dea unha licenza para construír unha residencia da terceira idade. É curiosa a soidade desa maioría.

Ben, opoñémonos, como é ben sabido, ao proxecto de reapertura da mina de Touro por simbolizar un modelo de desenvolvemento que non queremos para este país, causante de moitos dos seus males. É un modelo baseado en vender os nosos recursos naturais xeralmente a multinacionais estranxeiras que explotan en poucos anos esas riquezas, con actividades que xeran xeralmente pouco valor, pouco emprego, e que non se incardinan nunca na actividade económica de país, que non xeran a partir deles actividade económica de país e que, en cambio, xeran moitos efectos no medio ambiente, en ocasións —como este— danos tamén á saúde das persoas.

Modelo responsable tamén da situación actual do rural galego, xa que se conforma con actividades non compatibles co desenvolvemento sostible doutras actividades económicas que si o son. Onde medran estas actividades ao seu carón non medra nada e cando se van deixan un deserto económico con danos ambientais que temos que pagar todos. Esa é outra das súas características. O balance para o interese xeral da maioría é negativo e os custos que quedan son por moitos anos e témolos que asumir todas e todos.

Cando chegan, falan de postos de traballo, con cifras falsas —o papel aguanta de todo—. Pagan moi ben, ademais. Pero tampouco falan dos postos de traballo que destrúen. Por exemplo, se tomamos o exemplo da mina de Touro-O Pino, non falan das explotacións gandeiras que terían que pechar ou se verían afectadas, da afectación á actividade turística sostible ou dos custos que tería para o erario público a herdanza en forma de depósitos de estériles de balsas para os seguintes cen anos. ¿Ou aínda hai quen veña aquí contarnos que



Atalaya Mining vai estar facendo durante cen anos labores de vixilancia e conservación necesarias para esas balsas que son ameazas para as vidas das persoas? Se cadra son capaces de vir aquí dicir iso.

Pero non fai falta máis que ver o comportamento desa empresa e doutras de similar teor durante o pasado e na actualidade para saber que esas empresas, unha vez rematado o negocio, foxen. E as administracións, se tiveran vontade, non teñen capacidade de facer que asuman os custos que quedan para toda a vida, como pasa en Monte Neme, como pasa en San Fins, como pasa en Santa Comba ou como pasou en Touro na antiga explotación. Unha vez que deixou e sacou todo o beneficio, aquilo nin se restaurou nin se conservou e os custos témolos que pagar todos, a contaminación queda para todos e a empresa xa fixo o seu negocio. Non hai ferramentas para asegurar o mantemento e conservación desas instalacións para os anos vindeiros.

E non hai mecanismo eficaz para impedi-lo, mesmo se houberse vontade, cousa que o Partido Popular non mostrou nos últimos trinta anos; ao contrario, foi cómplice conivente e tolerante coa actividade contaminante da empresa, que tiña o labor, tiña a responsabilidade de restaurar e conservar e non o fixo, e aquí non pasou nada. Só queda o diñeiro público para restaurar e para sufragar os beneficios destas empresas.

Enfronte deste modelo depredador, érguese outro, que se visualizou con especial potencia en xuño do ano pasado nunha manifestación multitudinaria que encheu as rúas de Santiago. Moitas desas miles de persoas que berraron «mina non» eran gandeiros, gandeiras, mariscadoras, mariñeiros, os do mexillón, colectivos ecoloxistas, organizacións agrarias e a sociedade galega traballadora, sociedade galega en xeral e traballadora que vive de actividades sostibles no tempo, respectuosas co contorno e que queren quedar a vivir aquí eles e as xeracións vindeiras, os seus fillos e os seus netos; non viven e xestionan os negocios dende Chipre. E esa é a diferenza, que queren o país porque viven nel e queren quedar a vivir nel.

Por tanto, esoutro modelo que se levanta é o que nós defendemos: a posibilidade de que este país traballe en base ás riquezas propias, pero que esas riquezas pervivan para as xeracións futuras. E isto é incompatible coa megaminería contaminante que defende o Partido Popular como suposta fonte de creación de riqueza. É incompatible coa tolerancia, coas prácticas negligentes das empresas.

Entre o proxecto de reapertura da mina de Touro e un modelo sostible de creación de riqueza e emprego pervivible no tempo non hai convivencia posible. Hai dous anos que a empresa comezou o trámite para a reapertura e a Xunta de Galicia segue sen dar carpetazo definitivo a esta aberración, a pesar de que todas as evidencias, incluso os informes sectoriais, din que o proxecto é incompatible coa preservación medioambiental da actividade gandeira e forestal e mesmo pon en risco a vida das persoas do contorno. Preguntámonos por que o Partido Popular segue a defender este modelo. Sorprenderá ao Partido Popular a nosa insistencia ou a teimosía da xente de Touro loitando contra a mina, virán aquí á tribuna e falarán con toda tranquilidade tratando de que parezan as nosas actitudes excéntricas, fóra de lugar. Dirán: estamos nun Estado de dereito, é unha cuestión dos técnicos, hai que cumprir coa legalidade e cumprírase coa legalidade.



¡Que mágoa que, en cambio, a realidade compadeza tan pouco coas palabras que virán aquí dicir! A xente de Touro sabe ben como cumpre o Partido Popular coa legalidade, como o Partido Popular obriga as empresas a cumprir coa legalidade. A xente de Touro sabe ben que é ao contrario, que nin as empresas cumpren coa legalidade nin o Goberno galego foi quen de facerlles cumprir a legalidade a estas persoas. Máis ben ao contrario, converte en sospeitosos habituais a xente que fai o labor que vostedes deberían de facer, os veciños e veciñas que tratan de que non se contaminen os regatos. Eses son os incómodos para o Partido Popular.

Probablemente a xente de Touro non levaría dous anos de mobilización constante e exemplar se a historia que viviron fose outra, se visen como a empresa cando rematou a actividade cumpriu coas súas obrigas de restauración e conservación e, polo tanto, os regatos estivesen limpos e claros. Sería outra a actitude desta xente que leva dous anos mobilizándose se vise que o PP no Concello e na Xunta cumpriu coas súas obrigas de velar polo cumprimento da lei. Pero viu un concello e un goberno do Partido Popular en Touro cómplice e viu unha Xunta que mirou para outro lado e que non actuou. Conivencia e complicidade. Os desbordes da balsa de Bama ou do rego Portapego, constantes; a situación do Pucheiras, do Brandelos, do Lañas, lémbbralles cada día a estes veciños que non poden permitir un proxecto que sería dunha dimensión moito maior que o causante desta situación.

Acabamos de coñecer información relevante na documentación técnica asociada á solicitude de autorización de vertedura de augas fluviais procedentes da balsa de Bama. Nesa documentación técnica presentada por Explotaciones Gallegas recoñecen dúas cousas fundamentais: durante trinta anos estiveron vertendo augas contaminadas aos regatos do contorno; trinta anos sen que nada pasase; agora piden autorización para verter, porque esas augas precisan tratamentos, porque son drenaxes ácidas que conteñen metais pesados; estiveron durante trinta anos facendo iso sen que aquí se movese un dedo por solucionalo.

E, por outra banda, recoñecen que a empresa mente no proxecto da reapertura da mina, porque di que hai un 50 % de materiais que non son potenciais produtores de drenaxes ácidas. Nesta solicitude de autorización recoñécese que o 90 % dos materiais son susceptibles de xerar drenaxes ácidas, o que cambia completamente a natureza do que poida ser o proxecto de reapertura, unha contradición e incoherencia máis da empresa.

Por iso, sorpréndenos que o Partido Popular siga empeñado en defender este proxecto, o proxecto da mina, e que a Xunta de Galicia, dous anos despois, non lle dea carpetazo. Hai información suficiente para saber que o proxecto é inviable desde o punto de vista do interese xeral. Outra cousa é que se defendan outros intereses, pero desde o punto de vista de interese xeral a cousa é clara e non depende de flocos técnicos.

Este proxecto non é factible; sabémolo nós, sábeo a xente do Partido Popular. Dúas balsas, unha de 125 hectáreas, 3 quilómetros por 80 metros de altura; imaxinen a magnitude desta balsa, unhas 95 hectáreas, que son 2 quilómetros por 50, a 74 metros de altura; unha auténtica barbaridade, que se situará a douscentos metros dun núcleo de poboación e que, segundo a propia documentación do proxecto, ten un risco alto de falla, que custaría vidas humanas, recoñecido na propia documentación.



¿Hai algún proxecto que valla a pena se hai risco de morte de persoas, un risco alto de morte de persoas, ou de que a ría de Arousa acabe contaminada, como xa pasou noutros lugares do mundo, e incluso sen ocorrer a falla? ¿Vostedes cren que nestas balsa impermeabilizadas e nas que non pode medrar ningunha especie que non sexa herbácea vai facer a empresa durante cen anos o mantemento e vai poñer os cargos para facer o mantemento? Non. Polo tanto, contaminarán o contorno.

Non son flocos, non separan este proxecto uns flocos para ser un proxecto viable, non, é inviable a todas luces, non vale maquillaxe para facelo viable. Houbo prazo suficiente, hai dous anos que saíu a información pública e seguimos tratando de beneficiar a empresa dándolle facilidades para que presenten documentos, unha vez e outra vez, que son rexeitados, porque non é posible. Non é posible este negocio, este negocio só é posible se lle permitimos que incumpran a legalidade, se lle permitimos contaminar, se lle permitimos que poñan en risco a vida das persoas. Se non permitimos iso, hai que darlle carpetazo xa á mina de Touro e ao modelo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...que representa a mina de Touro, porque isto non é futuro para este país. O futuro está nas actividades sostibles que realiza a xente que se mobiliza para que non acaben coa súa forma de vida.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: E, polo tanto, o Partido Popular ten que instar o Goberno da Xunta xa e apoiar esta proposición non de lei para que lle deamos carpetazo a esta aberración.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Antes de darlle paso ao voceiro do Grupo Socialista, saudamos os alumnos e alumnas de 5^o e 6^o da ESO do Colexio Nuestra Señora del Pilar, de Foz, en Lugo, e tamén os seus profesores. Benvidos ao Parlamento. Tamén os nosos invitados que están hoxe na tribuna. Grazas por estar no Parlamento.

E agora si, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Ben, a verdade é que a vantaxe sempre do mércores pola mañá é falar despois das intervencións das preguntas ao presidente.

Eu vou facer un acto de contrición: leo a prensa, porque me deu a sensación de que era un reproche que se lle facía á voceira do BNG, e entón solidarízome. Leo a prensa, un acto subversivo que todos coñecemos, pero, en fin, leo a prensa.



Tamén me emocionou o de recitar a Constitución; sobre todo, está ben recitala cando se recita ben. *Ciudadanos libres e iguais es la declaración de derechos del ciudadano de 1789*; na Constitución española, polo menos na que eu coñezo, iso non aparece. O que si se chama Fundación Libres e Iguais é a fundación que preside a señora Álvarez de Toledo, marquesa de Casas Torres, que se jacta de que non fala catalán en Barcelona, *porque le apetece hablar español*, o cal é lexítimo, pero, en fin, por isto dos libres e iguais, porque de golpe nos confundimos case todos.

Efectivamente, temos aquí de novo o tema da mina de Touro, non tanto do proxecto da nova mina de Touro, senón a historia dunha explotación que, efectivamente, foi un fracaso social e medioambiental. Ese é un feito absolutamente contrastado, evidente, que aquí levamos debatido, que temos ilustrado graficamente todos os grupos parlamentarios e que desde logo o Grupo Socialista pois sen ningunha dúbida confirma.

Hai un problema medioambiental indiscutible, e é certo que a lexislación existente naquel momento pois permitía que as empresas mineiras se volatilizaran —por dicilo dalgunha maneira— sen corrixir os impactos medioambientais que xeraba a súa propia explotación mineira, e desde logo no caso de Touro-O Pino indubidablemente é así.

Se relacionamos iso co proxecto actual, eu e os socialistas estamos convencidos de que o maior inimigo dese proxecto futuro, en certa medida, aínda que non compartimos o cen por cento a oposición —dicíao o voceiro de En Marea—, ou un importante inimigo do proxecto actual foi a falta de actuación política por parte de quen tiña que vixiar os procesos de restauración e de rehabilitación medioambiental.

Efectivamente, a empresa Rio Tinto nun determinado momento abandona a explotación, abandónaa ademais sen practicamente facer ningún labor de restauración, e todos os procesos posteriores, vinculados —é certo— a intereses empresariais concretos, pois non deron unha solución ao problema. Calquera que vexa o estado dos regatos que flúen desde esa zona a través do núcleo da capitalidade municipal de Touro ten que ser plenamente consciente desa situación.

Pero, dito isto, polo tanto é evidente que houbo unha deixación de funcións por parte da Xunta de Galicia. É evidente que ata o ano 2008 a minería de Galicia estaba nun limbo. Tamén é evidente que a partir do ano 2008 hai unha Lei de minería, que o Grupo Socialista e este deputado apoia. E eu creo —aí discrepo do señor Sánchez— que as leis están para cumprilas, e as administracións están para exixir o cumprimento das leis ata o final. Aquí ás veces vemos situacións paradoxais. Vemos como o propio Grupo Popular vota en moitas proposicións non de lei e mocións en contra de cumprir as leis. Nós non imos estar aí en ningún caso. E, por certo, escandalízanos que se faga iso.

Polo tanto, as leis hai que cumprilas, pero hai que cumprilas na súa totalidade —e iso é certo—. Na lei do ano 2008 aparece un plan de vixilancia e control específico das explotacións medioambientais, que nós recolleemos en emendas dos Socialistas e que o Partido Popular votou en contra. Era imprescindible ese plan sectorial de actividades mineiras, que non se desenvolveu en ningún caso —e estamos falando dunha lei de hai once anos—. E,



polo tanto, indubidablemente hai moitas asignaturas pendentes no ámbito da minería na Administración da Xunta de Galicia.

Nós temos desde logo un umbral tecnolóxico e de responsabilidade financeira. Cremos que é imprescindible exixir o criterio de mellor técnica dispoñible. Cremos que é imprescindible exixir un sistema de seguros e un sistema de dotacións financeiras que permitan facer fronte a calquera imprevisto, porque é evidente que o risco cero non existe, e desde logo iso na minería e en calquera outra actividade humana.

Pero nós presentamos unha emenda, con vinte e catro puntos, que é a emenda que vimos presentando cada vez que se debate esta cuestión. Nós non cambiamos aquí de posición en ningún momento. Nesta emenda unha boa parte dos puntos teñen que ver precisamente coa —digamos— blindaxe, en termos de filtracións de acuíferos, da propia explotación mineira no futuro. Cremos que iso é imprescindible que estea garantido, e, desde logo, se o proxecto da Atalaya Mining non o garante, hai que dicirlle que non. Tamén o dicimos. Pero tamén dicimos que non se pode dicir que non antes de coñecer e de debater o propio proxecto coa empresa.

Señor Sánchez, avanzou vostede dunha maneira sutil que intereses defendiamos. Eu asegúrolle que non teño accións de Atalaya Mining Corporation, non teño. A verdade é que podería telas, na medida en que cotizan na Bolsa de Londres.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Podía mercalas, pero non as teño.

Pero desde logo o que si defendo é unha lei deste Parlamento apoiada por un goberno progresista e que desde logo había un consenso xeral dos expertos de que era unha boa Lei de minería. Tamén o quero deixar claro, porque eu gábome de defender as posturas do partido no que milito, e a verdade é que o fago orgulloso. (*Aplausos.*)

Hai unha cuestión...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...—remato, señor presidente— na que eu creo que en termos da súa proposta de resolución hai un salto conceptual —por dicilo dalgunha maneira—. Di vostede que a declaración de impacto ambiental desfavorable ao proxecto mineiro de Touro pon fin á actividade contaminante do lugar. Señor Sánchez, vostede sabe que non. Emitir unha declaración de impacto medioambiental negativo a ese proxecto e deixar as cousas como están significa seguir contaminando.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Quero dicir: unha cousa é o proxecto actual, que pode ser unha ferramenta para mellorar a situación medioambiental que existe agora, e outra cousa é a situación...



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada. Terminou o seu tempo. Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...—remato, señor presidente— actual.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Do impacto que pode provocar a mina de Touro, se o proxecto vai adiante, podemos facernos unha idea ollando o que quedou despois da actividade extractiva de 1986, o que quedou en Touro-O Pino logo dunha fuxida sen restauración por parte dunha empresa que fixo espolio na riqueza natural da zona mentres o mercado lles era favorable e que cando non o foi fixo millas a fume de carozo e deixou o que deixou —e está alí para ver—.

O Portapego, o Brandelos, o Lañas, son regatos e ríos que trinta e tres anos despois continúan soportando unha contaminación inadmisibile procedente das escombreyas, recubertas de tecnosolos, que cando chove —e lembren que aquí de momento aínda chove— escorren un caldo sen verzas nin unto pero con substancias que matan a vida e o Ulla vai recollendo camiño do mar.

Nin que dicir da pegada no sector agrogandeiro e as súas industrias de transformación na comarca, poño por caso Bama. Sería un suicidio para a comarca, pois sería mudar esta actividade respectuosa co medio ambiente e sostible no tempo por outra mineira, temporal, de forte impacto para o medio ambiente, incompatible coa agrogandería e que deixa unha contaminación inaceptable no presente e unha ameaza inasumible no futuro. Trátase, pois, de algo no que un goberno que se prece non pode transixir.

Sabemos polo proxecto das macrocifras que se manexan, macrocifras que producen mareos cando falan de movemento de rochas, voaduras, buratos, escombreyas, balsas mineiras, 80 metros de alto dun muro —que son dous eucaliptos a punto de cortar, un enriba doutro—, e isto, sumado a unha superficie de cento vinte e tantas hectáreas. Mananciais rebentados, cantidade de materiais con contaminación ácida, metais pesados nos ríos e nas balsas, e todo isto para mover millóns de toneladas métricas de mineral ata facelo po, apartar o de maior riqueza, cargalo e levalo en barco ao mercado internacional para a poxa e posterior transformación noutros sitios en produtos que nos van vir de volta, elaborados e cun valor engadido que o noso Goberno non soubo nin sabe defender.

Porque a diferenza entre un país de terceira, do terceiro mundo, e un desenvolvido está en que o do terceiro mundo debe conformarse con ver como lle espolian os recursos a cambio dunhas migallas en salarios, mentres que o país desenvolvido procesa e manufactura os seus



recursos. ¿Somos nós do terceiro mundo? Claro que ao PP tanto lle ten, porque, para superaren ese complexo de parente pobre e eludir as súas responsabilidades co seus país natural, Galicia, transpórtanse a unha realidade superior, gritan ¡Viva España!, anulan a súa propia identidade y *pelillos a la mar*. Porque non son quen de defender os dereitos da poboación e do territorio, ameazados no seu futuro, aínda que a actualización do proxecto presentado por Cobre San Rafael non lle chista a Patrimonio Natural, cousa que non lle estraña a ninguén. ¿Como será a ameaza que esta dirección xeral leu o documento e viu que alí pon que hai risco moi alto de falla na balsa mineira? Isto, entre outros riscos. Medio Ambiente, Medio Rural, Sanidade, Augas de Galicia emitiron tamén informes moi críticos —informes sectoriais—, como non podía ser doutra maneira, porque a ameaza é seria e hai moito en xogo. Trátase do equilibrio natural de toda a conca do Ulla, coa ría e a súa riqueza, cos recursos hídricos, coa sostibilidade da agrogandería. Cando a empresa pediu unha suspensión de catro meses na tramitación para a declaración de impacto ambiental, para ter tempo a volver actualizar o proxecto, ¡pódese crer!

Pero miren, señorías, nós xa saben que lles somos algo desconfiados, receosos —vaia—, de provincias, é dicir, nacionalistas, e non nos encaixa iso de que Política Lingüística lle patrocine un conto mineiro para a escola para ir maquillando e disfrazando a imaxe depredadora: «A minería a ceo aberto, respectuosa co medio ambiente.» ¡Vaites, vaites!, a gran mentira.

Pero miren, mente máis o proxecto que o conto en cuestión. Méntelles tanto que ata os diferentes organismos da Xunta foron descubriendo a gran patraña. A pregunta do millón é: ¿por que non lles informan desfavorablemente a declaración de impacto ambiental? ¿A que agardan? ¿Que máis datos necesitan?

A legal ilegalidade xa a teñen, ademais coa evidencia e a necesidade de defender unha poboación que llelo está exixindo. Fágano e preserven así o futuro dunha parte do territorio e dunha xente que ten dereito a unha vida sa e a unha economía sostible e con continuidade, e non lles esqueza de mandar a restauración da actual mina e a exixencia de que poñan fin ás verteduras contaminantes actuais, facendo as obras necesarias para restaurar a paz medioambiental e social.

Nin que dicir que imos apoiar a PNL do Grupo En Marea, por estar na liña do que vimos defendendo de vello a respecto do proxecto da minería en Touro.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Agora saudamos os alumnos de 1º dos ciclos superiores de Administración e Finanzas e de Proxectos de Edificación. Son alumnos e alumnas do Centro Rodolfo Ucha Piñeiro, de Ferrol. Benvidos ao Parlamento.

Agora si, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Moitas grazas, presidente.



Bos días, señorías.

Señor Sánchez, vostede si que parece que está moi nervioso, e nós entendemos os motivos.

Si quixera dicirlles a todos, co máximo respecto, que vostedes saben que, cando levamos debatendo sobre a mina de Touro-O Pino, eu utilizo un símil, que é o da serie televisiva, porque creo que é moi acaído. Vostedes fan de guionistas, vostedes fan de personaxes —ás veces principais, outros secundarios—, mesmo van cambiando de personaxes, e aínda que tanto o Goberno como o Grupo Popular lles responda unha e outra vez con argumentos tan sólidos como cumprimento estrito da lei, absoluto respecto aos procedementos administrativos, confianza na profesionalidade e imparcialidade dos traballadores públicos da Xunta para emitir os preceptivos informes, total vixilancia e control medioambiental e imposición de sancións, como está facendo a Xunta, pois nada: a vostedes dálles igual, adaptan o guión e seguen para adiante tratando de alongar esta serie con novos capítulos.

¿Como? Pois con novas historias. Ante calquera información ou sospeita de que unha asociación ou colectivo —que nós respectamos a todos os colectivos— poidan publicar algo que a vostedes lles interese e poida apoiar o seu argumento para ir en contra da minería de Galicia, adáptano e tráeno aquí; é dicir, se alguén di que pode afectar o Camiño de Santiago, con todos os respectos, vostedes tráeno aquí; que a cámara mineira elabora unha unidade didáctica para explicar o seu traballo, vostedes tráeno aquí; que pregunta na Unión Europea o seu grupo, a través das súas eurodeputadas, e admiten a pregunta a trámite, pois fan unha rolda de prensa. Pero, iso si, despois, cando lles respontan, non dan conta diso.

E eu, porque aquí se dixo responsabilidades do Partido Popular á hora de exixir a restauración, pregunto —e xa o dixen máis veces—, para que non vos enganen: ¿por que non o fixo o Bipartito? Algo dixo exactamente o señor Losada, e vou dar lectura a unha resposta dunha eurodeputada. «*La Directiva 2004/35, sobre responsabilidad medioambiental en relación con la prevención y reparación de daños medioambientales, establece que, cuando un operador haya realizado determinadas actividades causando daños al medio ambiente, sufrague los costes de las acciones reparadoras. La directiva no puede aplicarse si la actividad en cuestión se produjo y finalizó antes del 30 de abril de 2007.*» ¿Por que non contan a verdade? ¿Por que non dan conta nunha rolda de prensa desta resposta, e así podíamos entender por que o Bipartito non puido tampouco exixir iso?

O malo a nós non nos parece que vostedes pregunten nin que presenten PNL, senón que a vostedes non lles interesan para nada as respostas. E a min paréceme moi grave, porque vostedes só dan validez ás publicacións que lles interesan, desprezando o traballo e a capacidade dos técnicos públicos á hora de emitir os informes. ¿E por que actúan así? ¿Por que os preocupa máis ca a nós a protección medioambiental? Non. ¿Por que os preocupa o cumprimento da lei de minería, que, como di o señor Losada, fixo o Goberno bipartito? Tampouco. ¿Por que os preocupan os cinco mil postos de traballo e o benestar das súas familias e a dinamización da economía en Galicia? Non.

Moi sinxelo: por un claro interese electoralista e, sobre todo, ideolóxico, pero cando están na oposición. Mire: «*Kichi defiende la producción de corbetas para Arabia Saudí ante el dilema de fabricar armas o comer.*» Son vostedes uns farsantes políticos, así de claro. (Aplausos.)



O certo é que a serie de «*Non á mina*» parece que vai baixando de audiencia, xa que hoxe non traen as tradicionais camisetas, pero En Marea leva sete meses sen traer PNL ao pleno —preguntaron, si, efectivamente, no pasado pleno—. O BNG, hai dez meses; dende xuño non traen ningunha, xa non pregunta no pleno nin trae PNL dende maio. E eu enténdoo perfectamente, porque era moi duro vir aos debates deste Parlamento e recordarlles que a Lei de minería de Galicia se fixo co Bipartito, tendo a Consellería de Industria o BNG, e recordarlle ao BNG que, mentres gobernaron, concederon cen permisos de investigación e carenta e tres licenzas de explotación. ¡Era moi duro someterse a iso! (*Aplausos.*) Por certo, a instrución dos tecnosolos tamén é do ano 2008.

Na súa iniciativa, señor Sánchez, di que a mina de Touro só conta co apoio do Partido Popular, que, como de costume, pretende facer negocio malvendendo os recursos naturais do noso territorio. Señor Sánchez, non minta, non engane a xente de Touro e do Pino. Eu dígolle unha cousa: a vostede non o emprazo, senón que lle exixo que vostede presente aquí unha soa declaración de calquera deputado ou deputada deste grupo e de calquera membro do Goberno defendendo ese proxecto. Exíxollo para que o traia. É máis, vostede sabe que o conselleiro dixo, en sede parlamentaria, que o proxecto, tal e como foi presentado, non era viable. Polo tanto, non minta, non engane os cidadáns. Señor Sánchez, son uns farsantes políticos.

Mire, eu quero dicirlles, antes de rematar, tamén a todos os veciños de Touro, cal é o compromiso do Partido Popular. Eu voules dar lectura, para que saiban. Nós trouxemos unha iniciativa a este Parlamento dicindo: instar o Goberno de Galicia a: un, avaliar as consecuencias e circunstancias do proxecto de explotación Minas San Rafael, número 2946, situado nos concellos de Touro e O Pino, dende o total garantismo legal —repito: total garantismo legal— e o rigor na execución do procedemento, de forma que se salvagarde o total respecto ao contorno e o estrito cumprimento á legalidade vixente, e se dote de todas as garantías urbanísticas, medioambientais e técnicas no caso de que fora aprobado. Dous, que se garanta o cumprimento do plan de labores e o seguimento e a vixilancia de calquera impacto medioambiental que se puidese producir como consecuencia do resultado actual da explotación da mina. ¿E sabe que votaron? O BNG, en contra; En Marea, en contra; e o PSOE abstívose. ¿Vostedes pensan que isto non é suficiente cumprimento?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BLANCO PARADELO: Polo tanto, señor Sánchez, non enganen a xente. Señores do BNG, non enganen. Son uns farsantes políticos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BLANCO PARADELO: Vou rematar, señor presidente.

Un exemplo moi acaído da falsidade da esquerda cando governa. Eu teño aquí a autorización ambiental integrada para a fábrica de celulosa de Ence. ¡Oia!, de todos é coñecido a súa postura. ¿Por que lle concederon esta autorización? E é máis, estiveron revisando e non atopei ningunha PNL do Bloque Nacionalista Galego pedindo que non se concedera nin facendo preguntas. Polo tanto, deixen de enganar a xente.



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BLANCO PARADELO: E, de verdade, remato, presidente, só dous segundos.

Total, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) total... Está vostede tamén nerviosa, señora...,

O señor PRESIDENTE: Remate, si, remate. Terminou o seu tempo. Non, non perda o tempo niso. Remate, remate. Non conteste a todos.

O señor BLANCO PARADELO: Quero dicirllas: total tranquilidade e estrito cumprimento da lei.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, eu prefiro que un deputado do Partido Popular nos chame farsantes políticos a que haxa probas de ser delincuentes políticos (*Murmurios.*), señoras e señores do Partido Popular (*Aplausos.*)

Confunde vostede o nerviosismo con que eu, cando falo, sinto as cousas; cando veño defender aquí cousas, sinto as cousas; cando vexo inxustizas, sinto as cousas. (*Murmurios.*) Vostedes, como non senten nin padecen, veñen aquí e fan a intervención que fixo vostede, tratando de falar de todo menos do que viñamos aquí falar.

Vostede dixo que busque unha declaración de defensa da mina. Acaba de facela vostede, e estana facendo vostedes coa actuación da Xunta de Galicia, estana facendo vostedes continuamente. Fixérona vostedes durante trinta anos, porque vostede dixo aquí que non tiña obriga de restaurar a mina —disque— a anterior empresa, que non tiña obriga. Ben, pero iso discutíremolo noutro momento en que teña máis tempo.

Pero ¿tiña dereito a contaminar, polas leis anteriores? Non, ¿verdade? ¿E quen tiña a obriga de facer cumprir a lei? Vostedes, tanto no Concello, no que foi cómplice o alcalde constantemente desta empresa, incluso buscando pelotazos urbanísticos, como na Xunta de Galicia, que miraba para outro lado mentres ían de comilonas coa empresa. Iso é o que fixeron vostedes. (*Aplausos.*)

Polo tanto, aquí enganar a ninguén. A historia coñécena ben os veciños e veciñas, coñécena ben, ben saben quen son os farsantes e os delincuentes políticos, e non somos nós precisamente.

Mire, dígolle a vostede: a información pública foi de agosto de 2017, cando saíu a información pública. Léolle o artigo 33: trámites e prazos de avaliación de impacto ambiental ordinaria.



«Os trámites de información pública de consultas terán vixencia dun ano dende a súa finalización. Transcorrido este prazo sen que o órgano substantivo dea traslado do expediente ao órgano ambiental de conformidade co artigo 39.4 para a avaliación de impacto ambiental ordinario, o órgano substantivo declarará a caducidade dos citados trámites.» ¿Por que non declararon a caducidade dos citados trámites?

Dígolle máis —e atenda, atenda se quere tratar en serio este tema—: «A análise técnica do expediente de impacto ambiental e a formulación da declaración de impacto ambiental realízanse no prazo de catro meses, contados desde a recepción completa do expediente de impacto ambiental. Este prazo poderá prorrogarse por dous meses adicionais, debido a razóns xustificadas, debidamente motivadas.»

Mire, señor do Partido Popular, catro veces pediu a suspensión do procedemento a empresa. ¿Cantas veces lle concederon vostedes a suspensión do procedemento para que puidesen amañar o inamañable, señores do Partido Popular? ¿Cantas veces? ¿Cantos meses leva suspendido o trámite porque vostedes lle dan todas as opcións? ¿Ou cantas veces o van suspender? Ata que o aproben, señores do Partido Popular. Porque vostedes tiñan na súa man declarar a caducidade, pola lei. Levamos dous anos en que vostedes lle están dando unha, outra e outra oportunidade; a última vez, o 21 de febreiro, que pediron catro meses de suspensión do prazo.

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si, sobre a emenda. Queda a pregunta no aire. Nós tomaremos as nosas medidas ante iso. Se isto non é defender os intereses da empresa, que veña Deus e o vexa, ou o que sexa.

O señor PRESIDENTE: ¿Que me di da emenda? ¿Apróbaa?

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: En principio, falaremos, pero, señor Abel Losada, vostede dixo que non hai risco cero, e nós no que non cremos son nos unicornios nin no cumprimento de Atalaya Mining da lei, nin que o faga cumprir o Partido Popular. Polo tanto, non podemos aceptala.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, moitas grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e tres deputados/as máis, sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Goberno central en relación coa aplicación do superávit orzamentario das comunidades autónomas e dos incentivos previstos na disposición adicional 151 da Lei de orzamentos xerais do Estado, así como a actuación que debe levar a cabo para o impulso dun plan anual de mellora da atención primaria da saúde

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 47818 [10/PNP-003612])

Emenda de adición.

Engadir un novo punto:

<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a demandar do Goberno do Estado:

a) A derogación da normativa sobre estabilidade financeira, así como da reforma constitucional expés de 2011 que a sustenta, que afoga a capacidade investidora e de mellora de servizos públicos da administración galega e das administracións locais.

b) A negociación dun modelo de relación económica que corrixa o infrafinanciamento dos servizos públicos galegos, nomeadamente a sanidade

c) Eliminación da taxa de reposición de persoal como norma básica de obrigado cumprimento en todo o Estado, xa que vulnera as competencias que ten a Galiza en materia de persoal en ámbitos que ten transferidos como é sanidade.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días, señor presidente.

Señores deputados, esta iniciativa trae causa, en fin, da pretensión da Xunta de Galicia de investir o superávit do ano 2018 en gasto social corrente, que despois se explica que quere ser gasto sanitario corrente, apelando á disposición adicional 116^a dos orzamentos do Estado do ano 2018 e tamén, adicionalmente — aínda que isto é o máis importante —, á disposición adicional 151^a, que premia — digamos — por medio de incentivos financeiros aquelas comunidades autónomas que teñen un mellor desempeño financeiro.

Nós temos que dicir que nos congratulamos desta posición da Xunta de Galicia nun dobre sentido. En primeiro lugar, porque cremos que significa un cambio de posición en relación coa rixidez e o automatismo cego da aplicación das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira que foron plasmadas en Galicia no ano 2011, na lei de 2011, e en España un pouco despois, na lei do ano 2012, que tamén vincula as comunidades autónomas e os concellos. Pero tamén nos congratulamos nun segundo sentido. E é que eu creo que a Xunta de Galicia, a través desta carta, reconece algo moi importante. Reconece que o Grupo Socialista, e en xeral os grupos da oposición, tiñamos razón no debate dos orzamentos para o ano 2019 cando dicíamos que o gasto sanitario consignado nos orzamentos era un gasto sanitario insuficiente. Porque isto xustamente é o que sustenta esa petición: déixenme vostedes gastar o superávit en gasto sanitario corrente — iso é o que di a Xunta de Galicia —. Pero nós dicíamos que o gasto consignado nos orzamentos era insuficiente no ano 2018 e non só non atenderon as nosas pretensións senón que... En fin, vou evitar lembrar as cualificacións que nos daban por esta posición.



¿Hai algo de hipocrisía nesta posición da Xunta de Galicia? Seguramente. ¿Hai algo de cinismo? Vou intentar demostrar despois que tamén. Pero, en todo caso, como primeira versión, déixenme que tomemos boa nota deste cambio de posición e que nós aceptemos estas posturas flexibles en relación coa sustentabilidade financeira e unha posición máis proactiva en relación co gasto sanitario. É unha boa noticia, unha boa noticia.

O escrito do presidente da Xunta de Galicia, sen embargo, é para nós unha mera operación de márketing, por iso falamos de hipocrisía. E ¿por que é unha operación de márketing? Porque, fíxense vostedes, esta disposición adicional á que se refire na súa carta, que é unha disposición adicional do orzamento de 2018 —non de 2019 senón do 2018, é dicir, o presentado polo goberno de Mariano Rajoy—, é á que se refire o presidente da Xunta. Esa disposición adicional establece regras especiais para uso do superávit. ¿Cales son as regras ordinarias? As regras ordinarias están contidas na lei de 2012, na Lei Montoro-Mariano Rajoy. E o que din é que, cando exista superávit, este debe destinarse imperiosamente, imperativamente, a reducir o endebedamento neto —tamén para as comunidades autónomas e tamén para as corporacións locais—. Para as corporacións locais o goberno de Mariano Rajoy estableceu sucesivos instrumentos de flexibilización desta norma rixida até o propio ano 2018. Nas comunidades autónomas nunca sucedeu. A primeira vez que isto se fai é no propio ano 2018.

Pois ben, nesa disposición adicional o goberno de Mariano Rajoy o que establece é que se poderá gastar o superávit en investimentos, non en gasto corrente, en investimentos. En segundo lugar, en investimentos financeiramente sostibles. E establécense as condicións: ten que estar ligado ao combate contra o cambio climático, ten que fomentar a eficiencia enerxética, ten que fundamentar aforros continuados no gasto corrente futuro. E só nestes casos está autorizado o uso do superávit, en vez de usalo para endebedamento neto. E, en terceiro lugar —que tamén ten importancia—, é que primeiro, antes de destinalo a investimentos, hai que reducir o déficit do exercicio. Iso di esa disposición adicional contida nos orzamentos de 2018 de Mariano Rajoy, xustamente a disposición á que apela o goberno de Alberto Núñez Feijóo.

Por tanto, se se aplica esa disposición, poderase utilizar o superávit nese tipo de gasto, que é un gasto de investimento; non no gasto social e non no gasto social corrente. Entón o que está pedindo por carta o señor Alberto Núñez Feijóo non é gastar no gasto social corrente, non é gastar en sanidade; é gastar noutras cousas que son as que están previstas na disposición adicional 116^a dos orzamentos de 2018. Por iso o da hipocrisía, porque a presentación pública desa posición vai nunha dirección diferente da que está contida na normativa. (Aplausos.)

A min paréceme que ten máis importancia o que sucedeu despois de presentada esta iniciativa. O goberno de Sánchez aproba un decreto recente no que, para as comunidades autónomas —tamén para as corporacións locais—, se limita a trasladar para o ano 2019 as previsións do 2018. Aproba un decreto que reproduce, por tanto, as condicións que establecera o goberno de Mariano Rajoy; seguramente coa pretensión va —como vimos despois— de que o Grupo Parlamentario Popular puidera asumir como propio —digamos— ese decreto e apoialo favorablemente. Non foi así —e isto é o máis chocante—, porque o Grupo Popular



vota en contra. É o único grupo do Congreso que na Deputación Permanente vota en contra da validación deste decreto. Todos os demais grupos votan a favor.

Pero máis importante aínda é atender aos argumentos que ofrecen os seus portavoces. Alí na propia Deputación Permanente foi o señor Floriano, e o señor Floriano o que nos di é que non se pode volver ás épocas en que se gastaba por riba do que un podía gastar, que non podemos volver á época en que había lasitude coas comunidades autónomas e cos concellos e, por tanto, volver outra vez a esa senda de destrución á que, en fin, parece ser que o goberno de Sánchez conduce a España, —tamén para Galicia, jeh!—.

Pero o señor Lacalle, nunha entrevista recente —que vai ser o que defende o concerto económico para todos, (*Aplausos.*) o que significaría mil millóns menos para Galicia, (*Aplausos.*) e que é o portavoz económico nestes momentos da candidatura de Pablo Casado—, o que nos vén dicir é algo moi similar: que non estamos en condicións de facer isto e que, por tanto, se chegamos ao Goberno, pois imos revisar toda esta cuestión.

Claro —fíxense vostedes—, o primeiro obstáculo para que o goberno do señor Feijóo poida usar o superávit é xustamente o seu propio partido. Non me estraña que leve varios días facendo unha campaña centrada sobre bases absolutamente contrarias ás do señor Casado —como quedou de manifesto hoxe neste pleno—, paréceme normal. Ese é o primeiro obstáculo.

Pero o segundo obstáculo é quizais máis chamativo pero non menos importante. O señor Feijóo quixo ser o campión da austeridade antes ca ninguén. De feito, presentouse en Galicia unha lei para garantir a estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira no ano 2011, antes da Lei Montoro-Rajoy, pero que basicamente coincidía no seu espírito. Era unha lei excesivamente rixida pero que tiña algúns valores positivos, sen dúbida. Era excesivamente rixida, por exemplo, na xestión do superávit. Nesa lei —que está vixente hoxe, que non foi anulada— establécese no seu artigo 18 o que debe facerse co superávit. E a lei di: «No suposto de que a liquidación orzamentaria sexa superavitaria respecto do obxectivo fixado inicialmente, os recursos xerados dedicaranse a reducir o déficit do exercicio ou o endebedamento da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo corresponda». Non hai nada máis, ningunha outra posibilidade.

Por tanto, para o señor Feijóo o seu principal obstáculo é a propia lei que ten Galicia e que el apoiou, non só impulsou, no ano 2011 e que non foi modificada. Claro que hai xigantes contra os que pelexar, o Quixote Feijóo enfrontouse a muíños de vento, que eran unha presunta negativa...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...do goberno de Sánchez a utilizar o superávit. Eran muíños de vento, non era real. Aprobouse nun decreto que foi validado polo Congreso. Pero había xigantes aos que enfrontarse: o seu propio partido e a súa propia lei. Eses eran os dous obstáculos para poder utilizar o superávit.

E o incumprimento da lei pois ten algún problema, claro. Eu non sei como cualificar unha proposta de incumprir...



A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando, señor Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...de maneira consciente unha lei autonómica. Iso ten algún nome, pero eu espero que nos poidan explicar como vencer eses obstáculos.

Remato xa.

Precísanse máis recursos correntes para sanidade, efectivamente —volvo ao principio—. Nós imos plantexar a través desta PNL que se dediquen 60 millóns adicionais neste ano para ter un horizonte de 190 millóns máis que compensen a redución de gasto en atención primaria.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Ten que rematar, señor Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: E se —como penso— isto se leva a adiante, espero que voten a favor da lei que traeremos a esta Cámara xustamente para darlle respaldo normativo a esta pretensión.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Por parte do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día.

Ben, pois para superar eses obstáculos, señor Leiceaga, eu creo que temos que confiar en que o próximo 28 de abril o Partido Popular non sexa quen ostente o Goberno do Estado e en que tamén as forzas soberanistas do Estado teñamos un papel decisivo para así garantir poñer fin á hipocrisía que estamos vendo con esta cuestión. Porque ao fío do debate sobre o superávit vimos nos últimos días ou semanas pois un exemplo máis da pouca vergonza que en moitas ocasións ten o Partido Popular de Galiza; un Partido Popular que é o mesmo Partido Popular que instaurou as normas do déficit e da estabilidade financeira e que agora, de repente, arrepúxose —en modo campaña electoral— coma se viñera de descubrir a pólvora e escandalizado porque Galiza non tiña aínda acceso e escandalizado tamén polo marco no que isto se podía desenvolver. Parecía que descubriran a pólvora. Claro que, tendo en conta que o presidente da Xunta de Galiza descubriu onte que o Bloque Nacionalista Galego é unha forza que defende o dereito de autodeterminación, pois, non sei, eu pensei que tiñamos sinceramente, desde a diferenza (*Aplausos.*) un presidente un pouco máis espabilado. (*Aplausos.*) Eu tiño por un pouco máis espabilado, pero, en fin, é o que hai.

Entón eu, se crera algo do que vendeu o señor Feijóo ao longo destas últimas semanas, se crera algo do que dixeron, daríalles a benvida ao Partido Popular a descubrir —aínda que sexa tarde, mal e a rastro— o mal acordo económico que temos co Estado español.

E comparto co señor Leiceaga que é un tema no que, efectivamente, de crermos o que nos están dicindo, pois estaríamos diante dunha emenda á totalidade ao que ten defendido o



Partido Popular. O problema é que non pasaron nin dous meses e a pouca credibilidade que lle podíamos dar xa quedou polo chan cos últimos acontecementos e tamén con ese debate no propio ámbito estatal ao que facía referencia o señor Leiceaga e no que eu xa non me vou deter.

Eu si que quería insistir nunha cuestión, en que este tema do superávit quen o está atando son precisamente as normas que empuxa o Partido Popular no Estado español; as súas normas de miseria e centralismo españolista que fan que, primeiro, Galiza estea amordazada por esas obrigas de cumprimento do déficit, coas cales os que máis perden son os concellos e son as comunidades autónomas, e non o Estado; e, segundo, que ser cumpridora, ser ese alumno avantaxado de Montoro durante todos estes anos, pois de ben pouco nos serviu.

E falaba a iniciativa do Partido Socialista, dunha forma elegante, de perplexidade sobre as argumentacións do Partido Popular á hora de ver a letra miúda dos orzamentos de 2018. Efectivamente, falar de perplexidade é ser moi elegantes. O certo é que é un escándalo. E é un escándalo que despois de anos e anos votando nesta Cámara e noutras institucións contra todas aquelas propostas que pretendían superar o corsé das chamadas «leis de estabilidade», agora de repente se puxeran do outro lado. Insisto, nós dariámoslles a benvida se tiveran algún tipo de credibilidade, pero, desde logo, estamos vendo que non a teñen. Porque coa cuestión do superávit pasou como coas repentinas demandas de autogoberno, que non lles duraron demasiado no tempo, como vimos hoxe pola mañá no debate entre a nosa voceira nacional e o presidente da Xunta de Galiza. De repente querían case todas as competencias do planeta e, pasadas dúas semanas, xa non fan falta transferencias e non hai que modificar absolutamente nada, porque o único que lle importa ao presidente da Xunta de Galiza é a unidade de España, non que a nosa sanidade estea infrafinanciada, que o noso sistema de financiamento achegue menos contías en 2019 do que achegaba hai dez anos, en 2009, ou que, por exemplo, para financiar gasto corrente de sanidade non chega o que vai nos orzamentos da Xunta de Galiza. Non chega porque están pedindo, como dicía antes o voceiro socialista, que se deixe gastar ese superávit niso, pero é que tamén vemos ano a ano nos propios informes do Consello de Contas que denuncian como un gasto que debe ser fixo e ordinario está sistematicamente sufragado a través do fondo de continxencia.

E, polo tanto —non me estendo máis—, nós presentamos unha emenda desde o punto de vista simbólico, no sentido de que a cuestión de fondo é ese marco precisamente, esa relación económica co Estado español. E, polo tanto, cómpre outra relación económica, outro sistema de financiamento. Esas leis de estabilidade auspiciadas, leis elaboradas para plasmar esa reforma exprés do artigo 135 da Constitución española, son tamén outra cuestión —xa que falamos de sanidade— que é clave no que estamos a debater. Non imos ter a sanidade que merece este país se non derrogamos esa taxa de reposición que nos impoñen desde Madrid. E, polo tanto, diante dun marco que nega a autonomía financeira —e negar a autonomía financeira é negar a autonomía política—, pois é a reflexión que queríamos deixar enriba de mesa. Pero, en todo caso, votaremos favorablemente os puntos que presenta o Partido Socialista e que non modificamos. Non nos sorprendería que o Partido Popular, en precampaña, tamén os vote. Pero, desde logo, a cadaquén os feitos irao poñendo no seu sitio e veremos se realmente o Partido Popular de Galiza vai antepor os intereses e as necesidades deste país ou, unha vez máis, vai antepor a bandeira española, que é o único que lle preocupa.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Presas Bergantiños.

Por parte do Grupo de En Marea ten a palabra o señor Lago Peñas.

O señor LAGO PEÑAS: Grazas, presidenta.

Eu si que vou darlle a benvida ao Partido Popular ás posicións críticas coa austeridade. ¡Quen o diría! ¡Dez anos de fundamentalismo austericida que se dilúen cando cambia o Goberno central!

A proposta do presidente Feijóo de gastar o suposto superávit orzamentario de 2018 supón unha impugnación, na práctica, da arquitectura da austeridade, dese marco institucional e normativo imposto pola Troika a partir do ano 2010.

Nós estamos de acordo, porque esa é a nosa posición dende o principio. Repetímola aquí cada vez que debatemos das normas nas que se concreta esa arquitectura da austeridade; por exemplo, no debate sobre o teito de gasto. Facémolo porque para nós as necesidades da xente teñen que estar por riba dos intereses dos bancos, por iso defendemos aquí que hai que acabar coa arquitectura da austeridade. Por exemplo, autorizando aos concellos a que gasten o seu superávit mellorando as condicións de vida dos seus veciños, debate que sempre tivo a posición contraria do Partido Popular.

Pero sexamos claros e consecuentes: para poder dedicar o suposto superávit da Xunta a gasto sanitario hai que derrogar as leis que hoxe o impiden. Primeiro hai que derrogar a Lei 2/2011, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, máis coñecida como «teito de gasto»; unha lei da que todos os anos presume o conselleiro de Facenda, gabándose de ser o primeiro goberno que estableceu límites estritos á evolución do gasto público. Vou ler o que di esa lei na súa exposición de motivos: «O instrumento fundamental para incorporar disciplina orzamentaria é evitar que ingresos extraordinarios se incorporen á estrutura administrativa a través do gasto corrente. E tamén o establecemento dun límite de gasto non financeiro que permitirá empregar eses ingresos extraordinarios en amortizar débeda».

Dixo o profesor Leiceaga —e eu vouno repetir— o que di o artigo 18 desa lei. Esta é unha lei propia da Comunidade Autónoma. Artigo 18: «No suposto de que a liquidación orzamentaria sexa superavitaria respecto do obxectivo fixado inicialmente, os recursos xerados dedícanse a reducir o déficit do exercicio ou ao endebedamento da Comunidade Autónoma».

Efectivamente, a lei da Xunta de Galicia antecede á Lei 2/2012, de abril dese ano, á Lei de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, unha lei do Partido Popular que no seu artigo 12.5 di textualmente: «*Los ingresos que se obtengan por encima de lo previsto se destinarán íntegramente a reducir el nivel de deuda pública*». Esta mesma lei, no seu artigo 32, di que: «*En el supuesto de que la liquidación presupuestaria se sitúe en superávit, éste se destinará, en el caso del Estado, comunidades autónomas y corporaciones locales, a reducir el nivel de endeudamiento*».



E non me resisto, aínda que non ten que ver co que estamos debatendo directamente, a ler un parágrafo desta lei, que debería figurar na antoloxía da indignidade. «*El pago de los intereses y el capital de la deuda pública de las administraciones públicas gozará de prioridad absoluta frente a cualquier otro gasto*». ¡Qué vergüenza!

Pasemos agora á segunda parte, que é o que ten que ver coa orixe deste suposto superávit, porque o resultado provisional de superávit non é como consecuencia dun aumento dos ingresos, senón dunha redución dos gastos. E esta é unha diferenza fundamental, porque os 125 millóns de euros dos que fala a Xunta non se deben a unha mellora da xestión que permitira incrementar os ingresos. Todo o contrario, a liquidación de 2018 reflicte unha caída dos ingresos. Polo tanto, o superávit débese a que a Xunta non gastou todo o orzamento do ano 2018.

E aquí é moi relevante coñecer cales son as partidas nas que a Xunta deixou de gastar os fondos dos que dispuña. Vou ler catro: a 322A, de mellora de fomento e empregabilidade, con 32 millóns de euros non gastados; a 322C, de promoción do emprego, con 28 millóns de euros non gastados; a 323A, de formación profesional de desempregados, con 59 millóns de euros non gastados; a de formación profesional de ocupados, con 8,6 millóns de euros non gastados.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.

O señor LAGO PEÑAS: Se sumamos estas partidas que teñen que ver coas políticas de emprego, son 129 millóns de euros. Esta é practicamente a mesma cifra dese suposto superávit. Para que se entenda ben, o superávit do que presume a Xunta é o que deixou de gastar na formación das persoas desempregadas. Esa é a realidade, un superávit conseguido recortando fondos para combater o desemprego, fondos que son, algúns deles, finalistas. É intolerable.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Ten que rematar, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Si, remato.

Remato cunha pregunta. O conselleiro ¿vai ter o valor de traer dentro de tres meses a Lei de teito de gasto, para que impidamos que se leve a adiante a proposta que está facendo o Partido Popular hoxe? Se así o fixera, demostraría que isto non é máis ca un exercicio de vulgar demagogia electoral. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Lago Peñas.

Pregaríalles que se axustaran ao tempo.

Ten a palabra, polo Grupo Popular de Galicia, o señor Pedro Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señora presidenta.

Eu creo que, para centrar o debate, o primeiro que hai que saber é por que estamos debatendo o uso dun superávit. Isto é porque Galicia en 2018, como en toda a serie dos últimos anos,



cumpriu co déficit público, cumpriu co límite da débeda, cumpriu coa regra de gasto e, ademais, foi a comunidade autónoma que mellor desempeño tivo —con 16,9 días de media— en pago aos provedores. É unha situación que deixa a Galicia nunha moito mellor posición para o futuro e que, desde logo, permite que esteamos a falar do uso dun superávit que evidentemente non se debe á mala execución total do orzamento, senón que é consecuencia dunha evolución dos ingresos por riba do previsto como consecuencia do crecemento económico. *(Aplausos.)*

A segunda cuestión para centrar o debate creo que é que convén recordar que a carta que lle manda o presidente á ministra de Facenda para pedirlle un uso excepcional do superávit ten data de 27 de febreiro; é dicir, moito antes de que este debate fose plantexado polo Partido Socialista. Foi feita pública no pleno do día 13 de marzo —concretamente o 14 de marzo—, e o día 15 de marzo o Partido Socialista rexistra unha iniciativa na que pide o que xa pedira había semanas o presidente da Xunta: concretamente destinar este superávit a investimentos financeiramente sostibles e, en especial, en materia sanitaria, educativa e de servizos sociais.

E ¿por que tomou o presidente esta iniciativa —hoxe que se fala tanto de hipocrísia aquí—? Porque, polo medio, o Goberno socialista, co apoio de En Marea e a especial contribución do señor Lago Peñas, segundo nos ten revelado a número un da candidatura de Unidas Podemos pola provincia de Pontevedra, resulta que tomou a decisión de eliminar do seu proxecto de lei de orzamentos a posibilidade de que as comunidades autónomas cumpridoras e con superávit puideran empregalo; cousa que si introducira o Partido Popular e que o ano anterior fora aplicable a unha comunidade autónoma, que é a comunidade autónoma de Canarias.

Polo tanto, cando estamos a falar do uso do superávit e a dicir que aquí se está a falar de cousas de hipocrísia, habería que saber de que lado está cada un. Nós votamos varias veces nesta Cámara para que o superávit puidera ser utilizado polos concellos, señor Lago —en contra do que vostede di—, e cando estaba gobernando o señor Montoro, que preveu non só que se puidera usar o superávit das comunidades locais, das corporacións locais, senón tamén das comunidades autónomas.

É o Partido Socialista coa Marea, ou con Unidos Podemos, quen suprime isto do seu proxecto de orzamentos, que foi exactamente o mesmo que fixo en relación co incentivo ás comunidades autónomas. Resulta que nos orzamentos de 2018 hai 85 millóns de euros que son a condonación das liquidacións negativas que son o resultado da mala xestión dos gobernos do señor Zapatero. É a Xunta quen recolle esas entregas á conta —sobreestimadísimas—, e resulta que iso que é unha condonación que fai o señor Montoro vostedes tamén o quitan dos orzamentos do ano 2019 e ademais non liquidan o do ano 2018.

Esta é a situación, e o señor presidente pídelle por carta á señora ministra, primeiro, que lle deixe utilizar o superávit en investimentos sostibles financeiramente. Díxose que non podía ser en sanidade, e aos tres días a propia ministra dixo que podían perfectamente ser en sanidade sempre e cando fosen investimentos financeiramente sostibles. Aquí o señor Leiceaga, como vostedes saben, dixo que non podía ser en sanidade, díxoo literalmente, e aos tres días desmentiuno a ministra.



Polo tanto, se estamos a falar de relacións financeiras e estamos a falar de hipocrisía, o que sería bo sería ter en conta que a excepción do uso do superávit ten que ver co feito, primeiro, de que hai comunidades autónomas que non están cumprindo aínda coas regras de gasto — polo tanto, sería sancionar as comunidades autónomas que si cumpren—; pero, ademais, neste caso, ese superávit que ten Galicia pode servir para compensar os decretos lei de gastos sen ingresos que está a aprobar, saíndo das canles tradicionais da democracia española, o Goberno socialista.

Polo tanto, se falamos de hipocrisía vexamos todas estas cuestións e vexamos de que lado está cada un. Nós estamos do seguinte lado: primeiro, de poder usar o superávit en sanidade, en gastos educativos e política social, de acordo coa normativa vixente; segundo, estamos a favor de que se liquiden os 85 millóns que lle deben do orzamento do 2018 e que o Goberno socialista non transferiu, e mais de que se introduzan os 85 millóns do ano 2019, que se lle piden pola carta á ministra e dos que aquí non se falou; estamos a favor tamén de que se deixe de xerar tensións no tesouro da Comunidade Autónoma, porque están sen transferir os 200 millóns da mensualidade do IVE e os 330 da actualización das entregas á conta —que esta mañá o dixo o presidente—. É dicir, estamos a falar de 125 millóns de euros de investimento, pero de ata 800 millóns de euros que a Xunta pode dedicar, entre outras cousas, á sanidade.

Sanidade creo que, despois do acordo acadado polo conselleiro, ratifica o seu bo labor de negociación, de pacto, fronte a outras actitudes. Onte vimos aquí que a oposición incluso parecía enfadada porque se chegara a un acordo. Nós lamentámolo. Temos máis gasto por habitante que a media. Un punto máis de PIB gasta Galicia en sanidade pública que a media das comunidades autónomas. E, efectivamente, teremos ocasión de gastar en sanidade. O que me chama a atención é que nos pidan nesta PNL un gasto de 60 millóns en atención primaria cando, nos orzamentos, as emendas do Grupo Socialista o limitaban a 12 millóns de euros.

Vou ler o que dixo o señor representante do Grupo Popular no Congreso. Dixo: «*Vienen a extender*» —cando se votou o decreto— «*una excepción a la regla de gasto permitiendo que el superávit de las administraciones públicas pueda ser gastado en inversiones financieramente sostenibles. La cuestión es por qué lo traen en forma de decreto ley. Fíjense si es razonable que es una copia de lo que hacía el Partido Popular*». Iso foi o que dixo o señor Floriano.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Entón, dito isto, ¿que é o que está ocorrendo? E falamos dos decretos. O que se está falando dos decretos é que o déficit que ten o Estado é do 1,3. Pidiuse o 1,8 e foi rexeitado. O Banco de España estima un 2,4, ou un 2,5. E o que estamos facendo é, por vía de decreto e fóra de toda tradición da democracia española, incrementando o déficit para financiar unha campaña electoral. E ¿quen o está a pagar? Entre outras, as comunidades autónomas cumpridoras, como Galicia. Evidentemente, isto é extemporáneo. O presidente xa actuou. Vostede vén detrás da petición do presidente, e non imos, evidentemente, entrar nun xogo no que si eu vin moita hipocrisía electoral nas intervencións, tanto no portavoz socialista como no da Marea.



Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Agradezo as palabras da portavoz do BNG e do portavoz do Grupo de En Marea. Non imos aceptar a emenda porque eu creo que nos levaría a un debate moito máis extenso e moito máis profundo sobre o que hai que facer. Teño que aclarar, en todo caso, que nós estamos a favor de que exista estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, pero tamén estamos a favor, desde o principio, de que exista máis flexibilidade nas normas que regulan o comportamento de todas as administracións, incluídas as administracións descentralizadas, comunidades autónomas e concellos, pois, por exemplo, en función da súa situación económica e financeira, do seu nivel de débeda, en función do grao de cumprimento dos obxectivos, en función tamén de se os fondos están destinados a investimento ou non. É dicir, hai países federais onde se exixe da regra de gasto os fondos de investimentos en determinadas circunstancias. Isto parece razoable. E, polo tanto, cremos que hai que ter unha arquitectura que garanta a estabilidade do conxunto das administracións, do conxunto da economía española, pero ao mesmo tempo que dea flexibilidade.

Segunda cuestión. Eu entendo a complicada posición de Alberto Núñez Feijóo neste tema. El é favorable a unhas cousas e Pablo Casado e o grupo aquel —¿como se chamaba?—, o «dos toreros vivos», pois está noutra cousa completamente distinta. Están noutra cousa completamente distinta. Nese sentido entendo a dificultade de facer compatible unha campaña electoral favorable ás teses de Pablo Casado coa defensa das posicións de Galicia. Iso obriga a contorsións diversas, e aquí estamos nunha delas.

Tamén me molestan un pouco no plano persoal esas referencias a que parece que o superávit o fixa a ministra Montero ou Pedro Sánchez, nin sequera tampouco o conselleiro de Facenda. Isto depende da Intervención Xeral da Administración do Estado, que vai ser a que determina ao final do que estamos falando. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Non, non, pero é que o presidente fixo unha alusión esta mañá —e lévaa facendo repetidamente— a este tema!

Nós estamos a favor do que plantexamos. ¿Por que plantexamos a iniciativa? Porque criamos e seguimos crendo que coa normativa vixente, coa emenda de Rajoy —que despois foi trasladada ao decreto do ano 2019—, o investimento hai que facelo de forma que sexa financeiramente sostible. Non é que non se poida investir en sanidade ou en educación. Hai que facelo en sanidade e en educación pero para uns fins determinados. Polo tanto, hai unha rigidez excesiva. Por iso plantexamos que, cumprindo os principios de estabilidade financeira, se poida flexibilizar isto un pouco máis. E iso é o que plantexamos. E vostedes teñen que decidir se están a favor diso ou non. Porque, se non están a favor do que nós plantexamos, pois queda de manifesto que se trata nada máis que dunha pura representación e de que non hai nada máis. Esa é a clave. ¿Parécenlles poucos 60 millóns? Pois estamos en condicións, cando traíamos a lei, de discutir se hai posibilidade de incrementar esas cifras. Nós fixemos o esforzo de buscar no orzamento onde podería haber marxes, e de conseguir ata aí. Pero



estamos en disposición de facer outras cousas. Sesenta millóns para o que queda de exercicio pois é unha inxección importante, en termos de gasto corrente, que debería permitir basicamente —que é o que nós queremos— cumprir os compromisos aos que pouco a pouco está chegando a Consellería e que van ter consecuencias orzamentarias.

Xa sabemos que, ao final do exercicio, todas aquelas partidas que quedan sen executar e que son susceptibles de transferencia, ou os ingresos adicionais, acaban indo a sanidade, porque o gasto vai bastante por encima do que está inicialmente orzado. Pero cremos que, cos compromisos que está adoptando a Consellería, isto hai que reforzalo...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...incluso para permitirlle que vaia un pouco máis alá do que o está facendo e acabe cerrando a negociación que merecen os profesionais.

E, por último, sabe vostede perfectamente que o principal perigo para a estabilidade financeira das comunidades autónomas vén do programa do señor Casado. Non só polo que di o señor Lacalle, senón porque o escoitei onte a el mesmo e di que vai borrar dun plumazo o imposto de sucesións, o imposto de doazóns, o imposto de patrimonio e o imposto de actos xurídicos documentados. Iso, de entrada, son cerca de 400 millóns de euros na comunidade autónoma de Galicia, 400 millóns de euros sen compensar. E, ademais, o Partido Popular xa nos ten afeitados a isto. ¿Que fixo o señor Azar co IAE en relación coas corporacións locais? Esa é a principal ameaza...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...e iso é do que deberían preocuparse.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Leiceaga.

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE: Procedemos agora a debater, de xeito acumulado, as proposicións non de lei números 4.6 e 4.8.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prórroga da concesión outorgada a Ence nos terreos de dominio público marítimo-terrestre de Lourizán, na ría de Pontevedra

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Jacobo Moreira Ferro e dezaseis deputados/as máis, sobre a posición e as demandas que debe trasladar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión da Avogacía do Estado de avirse nos re-



cursos interpostos contra o acordo de prórroga da concesión de Ence nos terreos de Lourizán, en Pontevedra, así como sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación cos seus traballadores.

O señor PRESIDENTE: Á proposta do Grupo Parlamentario do Bloque hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista; e a do Grupo Parlamentario Popular ten dúas emendas, unha do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 47995)).

Emenda de modificación.

Débense substituír os puntos 1 e 4 da parte resolutiva da proposición non de lei polos seguintes:

<<1. Agardar ao resultado dos procedementos xudiciais pendentes e relativos ao outorgamento dunha prórroga de 60 anos máis á empresa Ence e, segundo o seu resultado, iniciar o procedemento de redacción do instrumento urbanístico ou de ordenación territorial máis acaído para a rexeneración, restauración e reordenación do ámbito de recualificación previsto nos terreos actualmente ocupados pola empresa.

4. Iniciar, de maneira inmediata, as xestións para participar nunha mesa de diálogo, xunto coa Administración do Estado, o Concello de Pontevedra, a empresa Ence e colectivos interesados, para estudar o posible traslado da empresa fóra da ría de Pontevedra, atendendo ás necesidades sociais e medioambientais e ao mantemento dos postos de traballo da planta.>>)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 48111)).

Emenda de modificación.

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Con relación á prórroga relativa á concesión da ocupación pola empresa Ence de terreos de dominio público marítimo-terrestre en Lourizán (Pontevedra):

a) Agardar ao resultado dos procedementos xudiciais pendentes e relativos ao outorgamento dunha prórroga de 60 anos máis e, segundo o seu resultado, iniciar o procedemento de redacción do instrumento urbanístico ou de ordenación territorial máis acaído para a rexeneración, restauración e reordenación do ámbito de recualificación previsto nos terreos actualmente ocupados pola empresa.



b) Iniciar, de maneira inmediata, as xestións para participar nunha mesa de diálogo, xunto coa Administración do Estado, o Concello de Pontevedra, a empresa Ence e colectivos interesados, para estudar o posible traslado da empresa fóra da ría de Pontevedra, atendendo ás necesidades sociais e medioambientais e ao mantemento dos postos de traballo da planta.

2. O Parlamento de Galicia manifesta o apoio a todos os traballadores da empresa Ence que desenvolven o seu traballo na factoría situada en Lourizán (Pontevedra) e a todos aqueles que, de xeito directo ou indirecto, dependen na súa actividade laboral, da permanencia da empresa.»)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, (doc. núm. 48111).

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva da Proposición non de lei pola seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a, en colaboración co Goberno do Estado e co Concello de Pontevedra, traballar na elaboración dun plan de emprego para a comarca de Pontevedra co obxectivo de recolocar aos traballadores de Ence e dinamizar o modelo produtivo dedicado á explotación sustentable dos recursos da ría de Pontevedra.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición, en primeiro lugar ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

O BNG vén aquí falar de Ence e dicir o mesmo que dixoo sempre: que Ence non pode seguir na ría de Pontevedra. (Aplausos.) Isto díxoo sempre o BNG, e outros cambiaron de posición e traizoaron a Pontevedra, como fixo o Partido Popular. A súa é unha historia de mentiras, de trampas e de enganar. Porque primeiro, na época do señor Fraga e do señor Aznar, intentaron consolidar a fábrica vinculándoa primeiro aos terreos do porto e despois facendo un proxecto sectorial, intentando poñer alí unha fábrica de papel tisú e, ademais, intentando asaltar a vontade maioritaria do Pleno de Pontevedra.

Como dixoo o señor director de Ence daquela, é máis fácil cambiar a opinión pública que cambiar a fábrica. E intentaron facelo a través de millóns de euros para comprar vontades. Non contaban coa oposición frontal da maioría da sociedade pontevedresa e do Concello de Pontevedra liderado polo BNG. Porque a nós, señores do Partido Popular, non nos comprarán con abalorios nin con chantaxes nin con coaccións.

E, claro, despois desta época do señor Fraga chegou a etapa camaleónica do señor Feixóo, unha etapa de mentiras, de falsidades, hipócrita. Quero lembrar aquí, unha vez máis, aquel acordo do 21 de maio do 2009 do Consello da Xunta, que se reuniu, ademais, en Pontevedra. Saíu alí o presidente da Xunta en rolda de prensa dicindo: «Non cabe a posibilidade de manter Ence na ría. Non imos dicir unha cousa e facer a contraria». Isto chámase «tela de cemento armado», ter a cara de cemento armado.



Despois, vostedes, no programa do 2012, nos peores anos da crise, seguiron dicindo que o PP mantén a súa postura para que Ence abandone o seu actual emprazamento. Mesmo houbo, señores do Partido Popular, un acordo unánime do Parlamento galego o 8 de xuño de 2010 para que Ence saíse da ría de Pontevedra. Estes foron os acordos que promoveu o Partido Popular. E claro, polo medio, aprobouse tamén o POL, o Plan de ordenación do litoral, que prevé para eses terreos unha área de mellora ambiental e paisaxística e a redacción dun instrumento de ordenación. E, que nós saibamos, o POL segue en vigor; polo tanto, estas directrices do POL son plenamente legais e teñen que cumprirse.

¿Que pasou? Que o Goberno central cambiou a Lei de costas en 2013. Púxolle o pomposo nome de Lei de sustentabilidade do litoral, nada máis e nada menos. E pouco despois, no ano 2015, consumouse a traizón, a traizón a Pontevedra e tamén unha traizón aos traballadores de Ence. Porque vostedes estiveron todo o tempo xogando con eles e enganándoos, contándolles trolas e mentiras. (*Aplausos.*) Iso foi o que fixeron vostedes con eles.

Porque mire, señor Moreira —xa que vostede vai falar aquí—, vuelle recordar a súa intervención nunha convención do Partido Popular en xaneiro do ano 2015. Díxolle vostede á, daquela, ministra Tejerina: «*Señora ministra*» —teño aquí a gravación, quería poñela pero non quero avergonzalo máis— «*cuando llegue el momento de decidir sobre la fábrica de Ence no se tenga en cuenta el interés de la empresa sino el de Pontevedra. Habrá que tomar la decisión que más interese a Pontevedra, dejando a un lado los intereses empresariales e imponiendo el interés de la ciudad y de los vecinos*».

Iso díxollo vostede en xaneiro de 2015 á ministra de Medio Ambiente, e dous meses despois, en marzo de 2015 —que había eleccións—, vostede anunciou publicamente en Pontevedra o seu apoio ao mantemento e continuidade da fábrica nos terreos de Lourizán. Pero, ¿como se chama isto? Isto é unha fraude, isto é un engano e isto é unha traizón a Pontevedra. (*Aplausos.*) Foi así.

Vostede debeu ter unha aparición mariana. Vostedes xa sabemos que defenden o turismo mariano. Vostede debeu ter unha aparición mariana, pero foi porque o chamou Mariano Rajoy desde Madrid dicíndolle que había que cambiar de postura, que había que atender aos intereses do IBEX, aos intereses de Ence, aos intereses dos poderosos e traizoar a Pontevedra, aos intereses das portas xiratorias e da corrupción publicada no BOE, que non se pode chamar doutro xeito, señores do Partido Popular. Vostedes si que actúan así, coma teleñecos, teledirixidos desde Madrid. Si, teleñecos teledirixidos desde Madrid. Son os tontos útiles das empresas do IBEX. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

E claro, logo desta conversión —non sei se pola aparición mariana ou pola chamada de Mariano Rajoy—, despois desta conversión do Partido Popular de Pontevedra e do Partido Popular galego, pois en xaneiro de 2016 un goberno en funcións presidido polo señor Rajoy —persoa non grata en Pontevedra con todos os merecementos— aproba a prórroga de Ence. Si, señor Tellado, 17 de 25 concelleiros e o PP no camiño da irrelevancia política en Pontevedra. ¡Sigan así, sigan así! (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Un auténtico escándalo!, porque vostedes fixeron este cambio legal cun goberno en funcións e indo en contra do que establece a lei respecto dos gobernos en funcións, que non permite aprobar



máis asuntos que os que sexan de trámite ordinario, e unha prórroga de setenta e cinco anos non é un trámite ordinario. ¡Son uns auténticos *[delincuentes]*! (*Palabra retirada polo señor Bará Torres por petición do señor presidente.*) ¡Non se pode chamar doutra maneira! (*Protestas.*) Si, si, si, isto é delincuencia, si señor.

O señor PRESIDENTE: Señor Bará, esa palabra pídolle que a retire.

O señor BARÁ TORRES: O amigo Otegui é o amigo do señor Maroto, que saía de copas con el. (*Aplausos.*) Ese é o amigo Otegui. Nós...

O señor PRESIDENTE: Por favor. Silencio, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Silencio, señor Tellado! Silencio.

Señor Bará, voulle pedir que retire a palabra *delincuente*.

O señor BARÁ TORRES: Retiro a palabra pero reafirmome en todo o que dixer.

O señor PRESIDENTE: Pero queda retirada a palabra *delincuente*. Retira a palabra *delincuente*. Silencio, señor Tellado. (*Murmurios.*)

O señor BARÁ TORRES: Vale, de acordo. Parece que o señor... Podíase dicir unha decisión que ronda o delitivo, ou algo así. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, señor Tellado. ¡Chámoo á orde!

O señor BARÁ TORRES: Pero ¿como se pode permitir isto, señor presidente? (*Protestas.*) Que fale ese señor de pertenza a banda armada... ¡Iso si que é delitivo! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Non, non vostede. Silencio, silencio.

O señor BARÁ TORRES: O da pertenza a banda armada...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Señor Tellado, ten vostede unha chamada á orde.

O señor BARÁ TORRES: ...eran os que o señor Maroto ía con eles de copas. Estoulle dicindo que ía con eles de copas e pactaba con eles. (*Aplausos.*) E o señor Aznar...

O señor PRESIDENTE: Señor Tellado, ¡ten unha chamada á orde!

O señor BARÁ TORRES: ...e isto vostedes tampouco o queren recordar, o señor Aznar chamáballes Movemento Vasco de Liberación Nacional e negociaba con eles. ¿Pero de que veñen falar aquí? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Vaia ao tema de Ence.



O señor BARÁ TORRES: Nós non nos avergoñamos de pactar con ningún partido democrático. Sons un fariseos e uns hipócritas.

Ante esta decisión, manifestamente irregular e inxusta, o Concello de Pontevedra presentou un recurso de reposición na Audiencia Nacional. O Concello de Pontevedra, tamén APDR e Greenpeace. Ademais —e isto vai para o PSOE—, o Concello de Pontevedra tamén presentou un requirimento previo de anulación da prórroga que está aínda sen responder, señora Vilán. Por iso non lle imos aceptar as súas emendas, porque o Goberno o que podería facer, en vez de mandar o avogado do Estado, é responder a ese requirimento do Concello de Pontevedra e darlle a razón aos argumentos, que son os mesmos que utiliza a Avogacía do Estado, porque é unha decisión ilegal. Non se pode dar unha concesión de setenta e cinco anos, non se poden facer as cousas así, non hai ningunha razón para que a fábrica teña que estar aí, que é o que di a lei que cambiaron vostedes. Ademais, hai instrumentos de ordenación do territorio aprobados polo Goberno galego que non permiten a continuidade da fábrica aí; o POL dío claramente. Están cometendo una ilegalidade manifesta, e se isto non o tumba o Supremo, túmbano en Europa, está clarísimo.

Ademais, vostedes veñen agora con estas trapalladas, con estas trampas e estes enganos de intentar convencer a alguén de que isto tamén lles vai influír ás conserveiras e ás bateas. ¿Pero de que están falando? ¿Queren levar as bateas para o río Miño? (*Aplausos.*) As bateas teñen que estar na ría, non poden estar noutro sitio. E as conserveiras poden estar tamén en terreos de dominio público, a non ser que haxa un instrumento como o POL que diga outra cousa. Porque se o POL di que aí hai unha área de mellora ambiental e paisaxística, como din en Lourizán, non se pode poñer nin unha conserveira nin nada, nin unha fábrica como a de Ence.

E ante esta decisión da Avogacía do Estado dándolle a razón ao Concello de Pontevedra, o Partido Popular e o señor Feixóo saltan coma uns auténticos resortes, como portavoces da empresa, defendendo os intereses da empresa fronte ao interese xeral, fronte á legalidade defendida pola Avogacía do Estado. Arman unha campaña infame e ruín, que recorda a peor campaña da historia deste país, a campaña do 2009, unha campaña de trampas, de mentiras, de enganos e de coaccións, e agora véñennos con ese argumento dos postos de traballo.

Pero mire, fágolle eu as contas. Coa nosa proposta, cambiando de sitio a fábrica e completando o ciclo produtivo, temos o dobre de postos de traballo. ¿Din que hai trescentos?, ¡pois seiscientos! E ademais creamos postos de traballo na ría, para o desfrute da ría, para o turismo, para a explotación marisqueira: cincocentos postos de traballo máis. E se por riba facemos unha política forestal decente, como hai que facer neste país, promocionando as madeiras de calidade, promocionando completar os ciclos, promovendo a transformación da madeira, tamén teríamos ao mellor a duascenas mil familias tendo rendas do monte, non esas oitenta mil das que falan vostedes. ¿Pero de que están falando? ¿Que contas veñen botar aquí? Sexan serios, e sobre todo, cumpran a legalidade.

Dende logo, o BNG vai estar sempre en defensa do sentido común, en defensa da xustiza, en defensa da legalidade aprobada por este Parlamento nos DOG e tamén no POL, en defensa do traballo na ría e do traballo digno nos montes galegos, para acabar con isto que é a maior agresión ambiental da historia deste país, pero sobre todo a maior agresión democrática,



porque se utilizaron as cloacas do Estado e as portas xiratorias para tomar unha decisión contra todo criterio xurídico e contra toda legalidade. E como din nas manifestacións: «*Se é tan boa, que a leven para a Moncloa.*» (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Popular, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Señor Bará, os seus argumentos desacreditano por si mesmos. Desde logo, non sei se rir ou chorar, ¡pero que nos chame delinquentes quen vai cear e comparte amizades e charlas con Arnaldo Otegui...! Non sei se rir ou chorar, pero Arnaldo Otegui foi encarcerado en cinco ocasións, a última no 2009, por un delito de pertenza a banda armada. (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Xa foi retirada esa expresión, señor Moreira. A expresión *delinquentes* foi retirada.

O señor MOREIRA FERRO: Ben, pero segue sendo amigo de Arnaldo Otegui.

O señor PRESIDENTE: Quero deixar claro que foi retirada. ¿Vale?

O señor MOREIRA FERRO: De acordo, foi retirada, pero os amigos do BNG son amigos de Arnaldo Otegui, que é unha persoa condenada pola Audiencia Nacional a dez anos de cárcere por pertenza a banda armada como dirixente de ETA. Esas son as súa amizades. *Dime con quien andas y te diré quien eres.*

Señor Bará, vostede o POL nin o entende nin o quere entender. O POL regula unha situación para cando non estea a empresa aí, que é o que hai que facer. Non se dá conta porque non entende o POL. Alégrome de que siga moito as convencións do Partido Popular e que siga particularmente a miña intervención, porque eu naquel momento —e ratifícome— pedinlle á ministra que tomara a mellor decisión para Pontevedra; e a mellor decisión para Pontevedra non é a mellor decisión para o BNG, é a mellor decisión para o interese xeral, para milleiros de traballadores que dependen desa fábrica. (Aplausos.) Por iso se adoptou a mellor decisión, aínda que a vostedes non lles guste.

E indo á proposición non de lei, estamos vendo a evolución positiva coa caída do paro, pero parece que hai algún partido, ou o presidente do Goberno particularmente, que non sabemos se está convencido ou lle gusta esta caída do paro, o que si sabemos é que Pedro Sánchez está facendo todo o posible para truncar esta evolución, está facendo todo o posible dende o Goberno para que a Galicia lle vaia mal.

Nós acabamos de estar —eu e mais dous compañeiros— ás portas do Parlamento, sen cámaras, sen fotografías, sen televisión e sen avisar os medios, pero con traballadores que



teñen un posto de traballo e que están preocupados, señor Bará, non porque o poidan perder pola crise, senón porque alguén llelo quere quitar. ¡Están moi preocupados!

Eu xa sei que vostede non vai ir fóra falar con eles, porque, claro, como non son de Poligal, nin de Alcoa, nin de Ferroatlántica, non lles interesa, pero para nós son traballadores galegos e, polo tanto, merecen toda a nosa consideración e teñen todo o noso apoio. *(Aplausos.)*

Os problemas na industria de Galicia teñen dous nomes: chámanse Partido Socialista e Pedro Sánchez, e non é de estrañar, por tanto, que o presidente do Goberno nunca pisara Galicia en viaxe como presidente, porque, dende logo, Galicia lle importa ben pouco.

Recentemente coñecemos outra nova de consecuencias tráxicas, un sismo que está causando temor en moitísimas instalacións industriais. Trátase dunha decisión dramática que descoñeciamos, que a Xunta de Galicia descoñecía porque era unha decisión da Avogacía do Estado, pero había alguén que si a coñecía. Curiosamente, o responsable do Partido Socialista en Pontevedra si que a coñecía, e nos enteramos por el, cando o 6 de marzo anunciou que en breve podería existir unha resolución favorable á demanda do Concello de Pontevedra contra a prórroga concedida polo Goberno de Mariano Rajoy a Ence.

Así é como funcionan as cousas agora co Goberno socialista. O normal, as decisións da Avogacía do Estado coñécense polo portavoz do Partido Socialista. Isto igual en Venezuela ou noutros países é normal, pero, desde logo, en Galicia e en España é inaudito que se coñezan decisións deste calado a través dun portavoz dun partido político que ocupa o Goberno.

Efectivamente, o 14 de marzo a Avogacía do Estado presentou o allanamento a tres recursos contencioso-administrativos que se presentaron contra a decisión de prorrogar a concesión de Ence. Isto significa que o Estado deixa de defender a súa postura, o seu posicionamento, e deixa de defender o acto administrativo. E ao final é lamentable que a defensa dun acto administrativo, dun procedemento administrativo, se deixe nas mans dunha empresa privada que terá que defender ela a actuación da Administración, cando o lóxico creo que é que esas cousas as defenda o Estado.

Estamos en desacordo con esa decisión nas formas e no fondo. Nas formas, polo que dixen, que é inaudito que isto se anuncie a través dun portavoz dun partido político. E no fondo, porque o que ten ocorrido sinteticamente foi que no 2015 a Avogacía do Estado emitiu un informe favorable á prórroga de Ence, pero no 2018 chegou Pedro Sánchez á Presidencia do Goberno, e no mesmo ano, curiosamente, a Avogacía do Estado, que é un centro directivo ao que se lle presupón un certo rigor nas súas actuacións, mudou o seu criterio e declara todo o contrario: agora declara que non é favorable o seu informe.

Dende logo, xa saben que isto non vai en favor da seguridade xurídica. Xa sabemos que aos representantes dos traballadores no ministerio lles dixeron —e non foi nin o ministro nin o secretario de Estado, senón que foi un xefe de gabinete— que cando foi o Goberno de Rajoy non se informou pola Avogacía do Estado. Enseguida quedou clarificado que iso foi mentira, porque si existiu un informe da Avogacía do Estado do 2015.



¿E que di agora a Avogacía do Estado? Pois que as concesións máis as prórrogas, en cómputo total, non poden superar os setenta e cinco anos. Nós non compartimos que o Estado diga unha cousa e que logo diga a contraria. O Consello de Estado tampouco o comparte, porque o Consello de Estado di que nas concesións previas á Lei 2/2013 —non das novas, porque o informe da Avogacía do Estado fala soamente das novas posteriores ao 2013— si que poden superar os setenta e cinco anos. E hai que ter en conta que esta prórroga que recibiu Ence está suxeita a un réxime excepcional, non é unha prórroga ordinaria e indiscriminada. A lei di que é unha prórroga extraordinaria e selectiva, e o que trataba de garantir é que se permitira compatibilizar a ocupación do terreo coa seguridade xurídica, conxugándoa tamén coa protección do litoral.

Polo tanto, dende o noso punto de vista é unha decisión arbitraria, é un caso máis de instrumentalización da Avogacía do Estado —e xa non é o primeiro, ¡eh!— en favor de intereses políticos. E que o Estado baixe os brazos nun litixio xudicial en vez de defender un procedemento administrativo que tramitou o propio Estado, leva á cidade de Pontevedra a ver ameazados cinco mil postos de traballo e oitenta mil familias que xa non lle van poder vender a madeira a esta empresa.

Esta decisión tamén provoca un profundo impacto socioeconómico, e a isto Sánchez di: *haz que pase*. Pois xa pasou, xa ten consecuencias na práctica. A empresa conxelou inmediatamente os investimentos que tiña previstos para esta fábrica e está desviando cincocentos millóns a outra fábrica que está fóra de Galicia. Así é como loitan vostedes en favor da industria en Galicia, facendo que as empresas desvíen investimentos fóra de Galicia. Supón, ademais, unha quebra de principios, como o de seguridade xurídica fundamental, e isto xera tamén unha crise reputacional do noso país, porque os investidores non invisten cartos en sitios onde non hai seguridade xurídica, non invisten nunha administración que hoxe outorga un informe favorable a unha instalación e anos despois vaina revogar. Sen falar xa da responsabilidade patrimonial que isto pode xerar para o Estado, que imos pagar todos os españois por esta decisión, e que, sen dúbida, é unha boa decisión para os accionistas da empresa porque poderán obter unha indemnización, pero, desde logo, é un escenario fatal, garrafal, para os traballadores, que quedarán sen traballo.

Galicia dálle moita importancia a esta decisión, quen non lle dá moita importancia é o Goberno do Estado, puidémolo comprobar nunha rolda de prensa destes *viernes locos* que fan, na que un periodista lle preguntou á portavoz do Goberno sobre a prórroga de Ence, e a portavoz do Goberno non sabía nin de que se lle falaba e non soubo contestar. ¡Esa é a importancia que lle dá o Goberno de Pedro Sánchez a Galicia, a Ence e á industria en Galicia!

Pero este xiro ten máis damnificados, ¿eh?, moitos dos cales aínda non son conscientes de que están afectados por esta decisión. O PSOE quería prexudicar a Ence, pero isto vai máis alá, esta decisión vai afectar a conserveiras. Xa saltaron as alarmas no sector conserveiro; un sector que factura dez mil cincocentos millóns de euros e que dá emprego a vinte e seis mil persoas. Porque a Avogacía xa manifestou que as concesións que foran prorrogadas e que excedan en cómputo total os setenta e cinco anos van ser obxecto dunha revisión de oficio e as vai anular o propio Goberno. Tamén deixa en situación insegura a moitas máis empresas. Por exemplo, equipamentos, cocedeiros de mariscos, depuradoras, e tamén equipamentos públicos como poden ser colexios, instalacións deportivas etc.



Despois desta decisión da Avogacía do Estado, como nunha manobra de escape para xustificar a decisión do allanamento de Ence, días despois anúnciase que se vai modificar o Regulamento de costas.

Señorías, nós pedimos o apoio para os traballadores, pedimos ao Goberno que dea marcha atrás nesta decisión garrafal para os intereses de Galicia, porque, desgraciadamente, hoxe en día hai dous inimigos para o emprego en Galicia: un é a crise, e o outro é Pedro Sánchez, valla a redundancia.

Agardo que a solución deste problema, señores do Partido Socialista, non dependa dunha chamada a Arnaldo Otegui, ¡sería a maior humillación para Galicia!

En definitiva, vemos que o Estado ten a súa propia avogacía, a empresa ten a súa propia avogacía, e nós imos seguir defendendo os traballadores, sexan da empresa que sexan, porque son traballadores galegos. Polo tanto, pedimos o apoio a esta proposta que, en definitiva, trata de que se subsane e se rectifique unha decisión catastrófica para Galicia. Pedimos o rexeitamento no cambio de criterio da Avogacía do Estado. Pedimos ao Goberno central un compromiso expreso cos máis de cinco mil postos de traballo, directos e indirectos, ameazados e tamén coas oitenta mil familias que venden a súa madeira a esta empresa e que ingresan trescentos millóns de euros. E tamén salvagardar —moi importante— os principios de lealdade institucional —que parece que non van co Partido Socialista—, o principio de cooperación e o principio de coordinación entre administracións, porque a Xunta de Galicia non tivo noticia previa desta decisión.

Tamén solicitamos que se avalíen os custos que esta declaración de nulidade da prórroga pode implicar para o erario público. E interesamos tamén que haxa un acordo de apoio expreso aos traballadores da empresa Ence que desenvolven o seu traballo nesta factoría e tamén a todos aqueles que, dun xeito directo ou indirecto, dependan na súa actividade laboral da permanencia na empresa ante esta decisión adoptada polo Goberno do Estado, que compromete o futuro destes empregos.

Unha instalación que, recordemos —onte mesmo fíxose público—, conta co apoio...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor MOREIRA FERRO: ...das confrarías de pescadores da ría de Pontevedra, dato que deberían analizar vostedes.

Polo momento, nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos os deputados.



Xa que hoxe se falou aquí de incoherencias, de hipocrísia, e vese que a memoria dalgúns dos deputados e das deputadas, dos que estamos aquí, é mínima, é tipo peixe —incluso a propia memoria do presidente da Xunta—, pois eu vou facer un relatorio de datas e un relatorio das cousas que se contaron, que se dixeron, que se comprometeron dende o ano 1959.

No ano 1959 gobernaba o ditador Francisco Franco e, nese momento, outorgouse a primeira concesión a Ence que lle permitiu estar en Lourizán ata xullo de 2018, que era a data na que remataba a concesión. Todo o mundo coincide hoxe tamén, a maior parte, aínda que foron silenciados —xa coñeciamos as formas de silencio do ditador—, en que a ubicación de Ence en Lourizán foi nefasta para Pontevedra e para a ría de Pontevedra.

No ano 2002 —era presidente José María Aznar no Estado e en Galicia era presidente o señor Manuel Fraga Iribarne— Ence foi condenada pola Audiencia Provincial de Pontevedra por delito ecolóxico continuado. Achantouse a petición da Fiscalía e da acusación naquel momento por un delito ecolóxico doloso continuado. Eran uns delincuentes, polo tanto, naquel momento, porque foron condenados. Pero nin Manuel Fraga nin José María Aznar, que tiñan nas súas mans a oportunidade de facelo naquel momento porque eran presidentes e ademais porque así llelo pedían dende o propio ministerio, activaron naquel momento a declaración de caducidade da concesión por incumprimento flagrante das condicións da concesión outorgada por Franco no ano 1959. Ningún dos dous o fixo.

Entón si que había un problema medioambiental de primeira orde, tanto que no ano 2002 houbo unha condena, pero os gobernos do señor Fraga Iribarne e do señor José María Aznar, decidiron mirar para outro lado.

No ano 2009, un partido político dicía: «Traslado de Ence. Nestes catro anos, temos oído moitos anuncios sobre o traslado de Ence e téñense xerado moitas expectativas. Nestes catro anos, o Bipartito tivo moitas oportunidades para cumprir as súas promesas, pero o certo é que todo segue igual, non se avanzou nada. Como en moitos outros eidos, quedou claro que o Bipartito non cumpre o que promete». Este é o programa electoral Feijóo 2009, Recargando Galicia.com. Repetiuse —porque se dicía expresamente—: garantir que o traslado de Ence se faga dentro da comarca de Pontevedra. Programa electoral de Feijóo no ano 2009 que lle vou deixar ao presidente—.

Programa electoral de Feijóo no ano 2012 —primeiro era candidato, no ano 2012 xa era presidente da Xunta de Galicia—: «o PPDG mantén a súa aposta para que Ence abandone o seu actual emprazamento». Vese que nin no ano 2009 nin no ano 2012 había traballadores de Ence nin miles de familias como agora mesmo, polo visto, si hai. *(Aplausos.)* Naquel momento non as había. *(Aplausos.)*

Ano 2010, presidente do Goberno de Galicia o señor Núñez Feijóo. Neste mesmo hemiciclo —xa o dixo o voceiro do BNG— aprobouse por unanimidade retomar as conversas coa empresa para atopar unha nova situación fóra da ría de Pontevedra. O presidente Feijóo premeu o botón verde, exactamente igual que todos os deputados. E no *Diario de Sesións* do 8 de xuño de 2010 o deputado Daniel Varela —que por desgraza agora non está na Cámara— defendía o voto favorable do Grupo Parlamentario Popular a favor do traslado de Ence fóra da ría de Pontevedra. E dicía o seguinte —e tamén llo vou deixar ao presidente—: «Estamos con-



vencidos de que esta situación ten un final anunciado, que é o ano 2018, no que non se debe facer a prórroga desta concesión». Iso é o que dicía, e que tiñamos que acadar un acordo para trasladala fóra da ría. Dicía finalmente: «¿Quere isto dicir que Ence pode ficar no actual emprazamento máis aló do ano 2018 se non se fai a prórroga da súa concesión? Non». Isto dicíao o deputado Daniel Varela, que segue a ser deputado do seu grupo, aínda que hoxe non estea sentado.

Ano 2012, Feijóo presidente da Xunta, Mariano Rajoy presidente do Goberno do Estado. A Avogacía Xeral do Estado, nun ditame do 23 de xullo de 2012 que vostede debería ler, señor Jacobo Moreira, dicía: «Debe prevalecer o prazo que marca a Lei de patrimonio das administracións públicas de 2003», é dicir, o prazo máximo de duración da concesión, de setenta e cinco anos, prórrogas incluídas.

Ano 2013, Mariano Rajoy —que era presidente do Goberno— mudou a Lei de costas, permitiu ás empresas —tamén a Ence— pedir prórrogas, e permitía un informe favorable determinante dos órganos ambientais das comunidades autónomas. ¿Saben vostedes que dixo ese informe —favorable, por suposto, si que o foi— por parte do Goberno do señor Feijóo? Nada. Sobre Ence non dixo absolutamente nada e sobre a prórroga absolutamente nada. Nada de nada; cero patatero, como dicía o presidente Aznar. E agora vén aquí o señor Feijóo dicirnos que ninguén o vai calar. Efectivamente, xa calou tanto con aquel informe que agora debe estar desatado para ter que falar de Ence. (*Aplausos.*) Sesenta anos máis de prórroga, sesenta anos máis, ata o ano 2073. ¡Ata a propia empresa estaba asustada de que lle desen os sesenta anos que pediron! (*Aplausos.*)

Tamén estaría ben que algún de vostedes non mandasen só os conselleiros delegados de Ence a falar coa empresa, senón que ao mellor a algún de vostedes tamén lles viría ben falar con eles de vez en cando.

Ano 2014, presidente do Goberno Mariano Rajoy, presidente de Galicia o señor Feijóo. O Consello de Estado emite un ditame, o 705/2014 —que tamén deberían ler—, do 17 de setembro, no que se di: «O prazo de setenta e cinco anos debe ser total. Isto é, é o prazo máximo ao que pode chegar a concesión e a súa prórroga». ¿Quen era o presidente do Consello de Estado nese momento? ¡Ollo ao dato!, o señor Romay Beccaría, que creo que é militante do Partido Popular.

Ano 2018, a Avogacía do Estado emite un informe baseado no seu primeiro informe e tamén no Ditame do Consello de Estado do señor Romay Beccaría, presidente, e di o mesmo. O informe é este, ten corenta páxinas —que, evidentemente, hai que ler—, non é esta cousa que se sacou na prensa, que non é un informe da Avogacía do Estado nin moito menos, é este informe. E neste informe dise o mesmo: «Mantemos o criterio, os setenta e cinco anos son para a concesión e para a prórroga». Exactamente igual que dicía Romay Beccaría no ano 2014. E esa interpretación é a que leva a Avogacía do Estado a achantarse ao recurso contencioso-administrativo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...do Concello de Pontevedra.



Vou rematando, presidente.

Hai que agardar a que resolva a Audiencia Nacional. Sabemos que vostedes son máis de controlar as salas segundas por detrás ou desde detrás e pretender colocar a certas persoas da maxistratura segundo lles conveña cando lles conveña. Incluso non respectar... *(Aplausos.)* Así o dixo o seu portavoz no Senado. Non o digo eu, díxoo el. Incluso non son capaces de respectar as sentenzas firmes, como a que condena a valedora do pobo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...por desvío de poder e por arbitrariedade na designación dun posto de libre designación da irmá do voceiro do Grupo Parlamentario Popular. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Señora Vilán, terminou o seu tempo.

A señora VILÁN LORENZO: Vou rematando.

O señor PRESIDENTE: Non, non, mire o tempo, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: Nós pedimos...

O señor PRESIDENTE: Non, xa se pasou un minuto e medio. Grazas.

A señora VILÁN LORENZO: ...que se chegue...

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Terminou o seu tempo.

A señora VILÁN LORENZO: ...a un diálogo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VILÁN LORENZO: ...e temos as peticións na nosa emenda.

Moitas grazas, presidente...,

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

A señora VILÁN LORENZO: ...pola súa atención.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

A posición do noso grupo con respecto a Ence é ben coñecida e sempre foi a mesma, a diferenza do Partido Popular. Nós defendemos que precisamos recuperar integralmente a ría de Pontevedra para conservala medioambientalmente, para protexer a saúde das persoas, para dinamizar os sectores resultantes da extracción sustentable dos recursos da ría —ben sexa o marisqueo, a pesca e mesmo o turismo— e tamén para asegurar os postos de traballo dos empregados de Ence. Porque hai unha riqueza na ría de Pontevedra que está sendo secuestrada tras a prórroga irregular de Mariano Rajoy de sesenta anos máis. A potencialidade da ría de Pontevedra está furtada e secuestrada por esta prórroga e pola situación da ría. E para isto é preciso trasladar a fábrica da ría de Pontevedra.

Nós imos apoiar a iniciativa do BNG que propón o traslado, o compromiso que tiña tamén o Partido Popular para dar cumprimento ao POL e ás DOT, pero introducimos unha emenda de substitución para que o Partido Popular non teña ningunha escusa para non defender os postos de traballo dos traballadores de Ence. Presentamos unha emenda que di que, no caso de que non se poida acometer o traslado, como está dicindo a empresa que no caso de que non lle permitan a continuidade se iría do territorio español, demostrando o ningún interese que ten polos seus traballadores e traballadoras, no caso de que iso non se poida acometer, que se faga un plan de emprego de reindustrialización na zona que absorba eses postos de traballo, que entendemos que debería ser na industria das enerxías limpas. Polo tanto, hoxe o Partido Popular ten dúas opcións para defender os postos de traballo: ou o traslado ou a retirada da fábrica e o impulso dun plan de emprego para recuperar eses postos de traballo.

Dicía o señor Moisés Blanco esta mañá que o Partido Popular se cingue ao cumprimento estrito da lei, e chamábanos farsantes políticos. O que non entendemos logo é por que para Ence non queren vostedes cumprir estritamente a lei, porque a situación de prórroga de Ence está incumprindo catro marcos normativos: está incumprindo o POL, está incumprindo as DOT, incumpre a Lei de patrimonio e incumpre a Lei de costas.

Incumpre a Lei de patrimonio pola extensión da concesión, como xa comentaron os anteriores voceiros, que supera os setenta e cinco anos. Coa Lei de patrimonio só podería estar ata o 2033, e non os sesenta anos que lle deu o Partido Popular. Pero tamén incumpre a Lei de costas no artigo 32.1, que di claramente que só se poderán facer concesións en dominio público terrestre cando a natureza da actividade da empresa xustifique a necesidade de que teña que estar nese emprazamento; e Ence non xustifica a necesidade de que teña que estar nese emprazamento.

Polo tanto, a proposta que trae hoxe o Partido Popular, o que nos queren propoñer, é que votemos favorablemente, que o Parlamento se posicione favorablemente, no incumprimento da lei. Polo tanto, quen son os farsantes políticos son vostedes, que pretenden que incumpramos a lei para defender única e exclusivamente os intereses do consello de administración de Ence.



Vostedes, o Partido Popular, traen hoxe a voz do consello de administración de Ence, e así o levan facendo todo este tempo. Traen datos falseados, inventan vostedes datos. Vostedes poden falar de cinco mil postos de traballo como poderían dicir cincuenta mil ou como poderían dicir cen mil. Vostedes sácanse os postos de traballo de debaixo da manga. Mesmo o presidente Feijóo chegou a falar de setecentos postos de traballo directos cando a propia memoria da empresa fala de trescentos nove, dos cales cen están nas oficinas centrais de Madrid. Polo tanto, falamos de douscentos nove postos de traballo, nin setecentos nin catrocentos, que son os postos que hai directos.

E quero dicir tamén que resulta verdadeiramente obsceno que o Partido Popular traia iniciativas ao Parlamento de Galicia de Ence, que estea todos estes días falando de Ence, cando vostedes tiñan que estar agochados e calados e procurando que non se fale moito desta cuestión, porque estamos falando do caso máis grave de corrupción por portas xiratorias do Partido Popular en Galicia, do caso máis grave de corrupción por portas xiratorias. E vostedes, lonxe de avergoñarse, aínda teñen o atrevemento de estar sacando o tema unha e outra vez. Porque todos sabemos que Isabel Tocino e Carlos del Álamo, dúas persoas determinantes no proceso de privatización de Ence, forman parte do Consello de Administración de Ence e están levando suculentos beneficios. É unha auténtica indecencia que vostedes aínda teñan o atrevemento de estar falando desta cuestión.

E ¿como poden vostedes falar de inseguridade xurídica? Vostedes, que son os que mudan a Lei do solo a unha media dunha vez por ano, veñen aquí falar de inseguridade xurídica. Dende logo que hai unha situación de inseguridade xurídica, pero provocada polo Partido Popular, provocada por unha prórroga irregular, que incumpre a lei e que agora se está a reverter, que agora posiblemente a Xustiza reverta. Deixen vostedes que a Xustiza determine se é legal ou é ilegal. Vostedes, que sempre se cinguen ao cumprimento estrito da lei, non sei por que no caso de Ence non. Ben, si que sei, sabemos todos; evidentemente, dous postos no consello de administración seguramente non sexa o único que Ence lle dá ao Partido Popular; se non, non veríamos tanto esforzo do Partido Popular por manter esta empresa nesa situación. Porque o resto das empresas pagan os terreos onde teñen que facer a súa actividade, non sei por que a Ence lle temos que regalar un terreo para que faga a súa actividade. Vostedes saberán o que lles dá a cambio, ademais, a maiores dos dous postos no Consello de Administración, con Isabel Tocino e con Carlos del Álamo.

Pero que vostedes veñan defender os postos de traballo aquí é como quen pon o raposo a coidar das galiñas. Durante os dez anos que vostedes levan gobernando en Galicia, perdéronse corenta mil postos de traballo de empregos industriais. Corenta mil empregos industriais perdidos en Galicia nos dez anos que o Partido Popular leva gobernando co señor Feijóo. E agora veñen aquí e fan moitos espaventos para defender douscentos postos de traballo. Vostedes non teñen ningunha credibilidade defendendo o emprego porque non dixeron nada mentres se perdían eses corenta mil empregos. Non trouxeron iniciativas a este pleno para manter eses empregos; non traen iniciativas a este pleno para defender Poligal, para defender Alcoa; non traen iniciativas a este pleno para defender os máis de dous mil postos de traballo que hai neste momento en risco pola onda de ERE que hai neste momento, non traen nin unha soa iniciativa. Só a traen de Ence, porque vostedes teñen unha convivencia política corrupta con Ence e todo o mundo o sabe.



Polo tanto —e remato xa, que se me acaba o tempo—, hai dúas opcións para a ría de Pontevedra: a opción do Partido Popular, que é que se manteña Ence aí durante sesenta anos máis, contaminando, agredindo o medio ambiente, a saúde pública e impedindo o desenrolo dun sector produtivo sustentable na ría de Pontevedra, que podería xerar centos e mesmo miles de postos de traballo. Cincocentas licenzas de marisqueo perdéronse nos últimos vinte anos desde que temos datos. Eses postos de traballo ao Partido Popular evidentemente non o preocupan, porque non levan nada a cambio.

Nós imos seguir defendendo a saída da fábrica da ría, co traslado, cun plan de emprego para recuperar os postos de traballo, e temos moita confianza en que o imos conseguir e temos moita confianza en que a xente bote o Partido Popular das administracións para que deixe de destruír e de impedir o seu futuro.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Ben, falamos aquí moito de delinquentes, e a única persoa deste hemiclo que tiña relación con delinquentes foi o que se foi con el de vacacións..., *(O señor Bará Torres mostra unha fotografía.) (Murmurios.) (Aplausos.)* ...de vacacións, si. Estes eran os delinquentes, os delinquentes. Por certo, o señor Feixóo, que tamén lle desexa boa sorte a un señor nada máis e nada menos que acusado de dirixir unha rede de proxenetismo. Iso é o que fan vostedes. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Un señor que se pasea por Sanxenxo rodeado de Mariano Rajoy, rodeado de Ana Pastor, candidata nestas eleccións, e de toda a camarilla. Eses son os seus amigos, eses son os seus amigos.

Mire, señor Moreira, a vostede botárono aquí aos leóns como no circo romano, porque ¡xa me dirá! Mire, é que vostede incluso quere tomarnos aquí por parvos. Voulle poñer a gravación. *(O señor Bará Torres colle un teléfono móbil.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non, perdoe, perdoe. Non está permitido.

O señor BARÁ TORRES: ¿Non está permitido?

O señor PRESIDENTE: Non. Síntoo.

O señor BARÁ TORRES: Pois é unha mágoa...

O señor PRESIDENTE: Pois claro, pero non pode ser.

O señor BARÁ TORRES: ...porque a gravación non mente.

O señor PRESIDENTE: Pero non está permitido.



O señor BARÁ TORRES: Pero a gravación di literalmente, porque a estiven repasando: *Habrá que tomar la decisión...* —díxolle vostede literalmente á ministra—. *Señora ministra...* —ben, así cun ton máis implorante—. *Señora ministra, habrá que tomar la decisión que más interese a Pontevedra, dejando a un lado los intereses empresariales e imponiendo el interés de la ciudad y de los vecinos, dejando a un lado los intereses empresariales.* E fixeron todo o contrario. É que non hai por onde collelo, señor Moreira.

Vostede falou aquí do POL. O POL é absolutamente claro e contundente, o POL fala dunha área de mellora ambiental e paisaxística para eses terreos e di que a fábrica ten que saír de aí. E o POL tiña que ser o argumento principal para que vostedes fixesen un informe contrario á prórroga e fixérono a favor, porque xa está claro a que intereses serven.

E, ademais, veu aquí vostede cuns argumentos que caen con toda a bagaxe, porque vostede dixo: é unha prórroga excepcional, extraordinaria e selectiva. E resulta que a aproba un goberno en funcións, que só pode aprobar asuntos ordinarios. Pero ¿de que me está falando? É unha manifesta ilegalidade. Un goberno en funcións non pode aprobar unha prórroga excepcional, extraordinaria, selectiva, por cento quince anos, violando, como dixo o avogado do Estado, toda a lexislación habida e por haber.

Vostedes levan anos enganando e mentíndolle a Pontevedra, pero sobre todo enganando e mentíndolles aos traballadores. Como fixeron por certo tamén con Elnosa, que lles prometeron que ían trasladalos, que ían deixalos aí e ao final deixáronos tirados no camiño. Así é como actúan vostedes, señor Moreira.

E fáleme vostede do apoio das confrarías. Iso recórdame aquilo que dicía o director de Ence: é máis fácil cambiar a opinión pública que cambiar a fábrica de sitio, efectivamente. Tamén as ameixas e os berberechos dos Praceres están facendo unha festa, van saír en manifestación tamén en apoio de Ence. Así a iso chegamos.

Mire, o BNG teno claro: *(O señor Bará Torres mostra unha fotografía.)* o BNG o que quere é a ría como estaba, este paraíso perdido, a ría libre de Ence, pero, sobre todo, queremos unha sociedade e unha democracia libre da corrupción, das portas xiratorias, que foron as que usaron vostedes para intentar...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...perpetuar Ence na ría de Pontevedra, pero nós non llelo imos consentir.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

¿Non acepta a emenda do PSOE?

(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)



Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Señor Bará, por empezar con vostede, os traballadores de Ence o que queren é traballar, non queren vivir de deputados, e menos no Bloque Nacionalista Galego, porque aí non hai prazas para todos, porque, como se sabe, collen todos nun *Scénic*. (*Aplausos*.)

E sácame vostede unha gravación que eu asumo perfectamente, e ratifico; e agradezo que lle dea publicidade a unha intervención nunha convención do Partido Popular. Porque dixen que se tomara, como vostede mesmo reproduciu, o mellor para os intereses dos veciños. E vostede interpreta que o mellor para os intereses dos veciños é que os veciños queden sen traballo. Esa é a súa interpretación. Nós interpretamos que o mellor para Pontevedra, para o tecido socioeconómico de Pontevedra e para os intereses dos veciños, é que teñan traballo, e por iso se adoptou esa decisión. (*Aplausos*.) Vostedes teñen unha mente realmente abxecta.

E, por certo, fala de que se adoptou a decisión cun goberno en funcións. O informe da Avogacía do Estado nada di sobre esa cuestión, soamente cuestiona o prazo. En ningún momento cuestiona que se adoptara por un goberno en funcións, porque foi unha decisión técnico-administrativa que agora o Goberno se nega a defender.

Que me recorde vostede o tema de Elnosa a verdade é que é sangrante, ¡eh! Unha empresa que vostedes pecharon, co Partido Socialista, que todo o mundo quedou sen emprego salvo uns poucos que tiveron que emigrar cincocentos quilómetros, e vostedes fixeron unha festa para celebrar que esas persoas quedaran sen traballo. Eu preguntolle: señor Bará, ¿tamén vai facer unha festa cando as cinco mil persoas queden sen traballo? Desde logo, é lamentable o BNG. Sigán con esas compañías, (*Aplausos*.) sigán con Arnaldo Otegui e non falen destas cousas.

A cuestión é que calquera cidadán se preguntará como é posible que a Avogacía do Estado questione agora unha decisión que a mesma Avogacía do Estado adoptou hai dous anos. Isto é o que non entende a xente e non entendemos nós.

Miren, no ano 2008 concedeuse a autorización ambiental integrada. ¿Alguén podería entender que cando chegou o presidente Feijóo á Xunta de Galicia un ano despois ordenara reformular esa decisión e deixara sen autorización ambiental integrada a Ence e a Elnosa? Ninguén o entendería. Porque nós non facemos esas cousas. Iso foi o que fixo o Partido Socialista, ademais, terxiversando un informe do Consello de Estado, porque fíxese vostede en que o Consello de Estado fala do réxime das concesións novas, posteriores ao 2013, pero a Avogacía do Estado non transcribe a parte na que o Consello de Estado fala das previas e di que aí se trata de forma diferente, que poden superar os setenta e cinco anos. Hai un erro grave aí que está desencadeando todo un conxunto de medidas erróneas.



Eu creo que é un erro tremendo tratar de subsanar esta decisión equivocada mudando un regulamento, porque agora están facendo tremer as conserveiras, os cocedoiros de marisco, as depuradoras, tamén deixando no limbo moitas instalacións e equipamentos públicos. É un tremendo erro. Eu creo que un mono con dúas pistolas ten menos perigo que Pedro Sánchez no Goberno, sinceramente. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

En canto ás emendas, xa é un sarcasmo de moi mal gusto, señora Vilán, que o Partido Socialista... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. É unha expresión metafórica.

Sobre as emendas, sobre as emendas... *(Murmurios.)* Silencio, silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio. Señor Pazos, silencio, por favor. Emendas. Sobre as emendas.

O señor MOREIRA FERRO: Sobre as emendas, señor presidente. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Chissst, chissst! Señor Losada, tranquilidade. Quédalle pouco tempo aquí, imos con tranquilidade.

O señor MOREIRA FERRO: Non as aceptamos... *(Murmurios.) (O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non, pero xa o dixó a prensa e en boca túa. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Ah!, se a prensa se equivocou, perdón. Puxeron unha declaración túa e así a tomo, non hai nada malo niso, ¡eh! Ademais, deséxoche o mellor. Xa sabes que che desexo o mellor, por favor. *(Murmurios.)* Retiro o dito todo, ¡eh!

Emendas.

O señor MOREIRA FERRO: A do Partido Socialista non a imos aceptar. Parécenos un sarcasmo de moi mal gusto despois de que o Partido Socialista faga que a Avogacía do Estado se desautorice a si mesma e emende un informe que fixo. Fai falla ter estómago para mostrar o apoio aos traballadores nunha emenda, señora Vilán; fai falla ter estómago. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre a de En Marea?

O señor MOREIRA FERRO: E se gardan un pouco de sentido común e de coherencia, o lóxico non é que manifesten o apoio aos traballadores, é que lles dean o pésame, é que lles dean o pésame, pola súa decisión, da Avogacía do Estado, que xa sabemos o que opinan algúns avogados do Estado. Mesmo un señor que é candidato agora, que foi o responsable penal *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* no xuízo do Procés, dixó: *Me cesaron porque querían que mintiera y no lo iba a hacer*; un avogado do Estado.



O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda, sobre a emenda de En Marea.

O señor MOREIRA FERRO: Sobre a emenda de En Marea... (*Murmurios.*) tampouco a imos aceptar, porque non hai que recolocar a ninguén.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Señor Moreira, terminou o tempo. Grazas.

O señor MOREIRA FERRO: Estes traballadores teñen traballo, non o van perder por ningunha crise.

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

O señor MOREIRA FERRO: Pérdeno por unha decisión do Partido Socialista e do señor Pedro Sánchez...,

O señor PRESIDENTE: Terminou o tempo, terminou o tempo. Grazas, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: ...que non coñece Pontevedra e dubido moito que saiba onde está Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Tranquilidade, aínda empeza a campaña mañá. Non se poñan nerviosos.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia conxuntamente coas tres universidades de Galicia para revisar o actual sistema de taxas académicas

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 42462 [10/PNP-003196]).

Emenda de modificación.

Modificar a parte resolutiva coa adición do texto que vai en negriña:

<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a establecer unha negociación coas tres universidades de Galiza co fin de revisar o sistema de taxas académicas actual para equiparar os prezos de matrícula



de todos os mestrados aos de grao, de igual maneira que naqueles de carácter habilitante, e garantir a gratuidade da primeira matrícula en todos os títulos de grao do Sistema Universitario de Galiza, de maneira que, no prazo de catro anos, sexan eliminadas as taxas de todas as primeiras matrículas e se mellore a eficiencia do sistema. Esta revisión do sistema levará aparellada a correspondente compensación económica ás universidades pola vía do Plan de Financiamento do SUG.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

Para os socialistas, como todos vostedes saben, a educación é un servizo público, un dereito de primeira importancia, porque é a que garante a equidade social e garante a igualdade de oportunidades. E, como tal dereito individual que consideramos a educación, consideramos tamén que ten que ser un dereito en todos os seus niveis, tamén no nivel universitario. E por iso cremos que as administracións públicas teñen a obriga de garantir o acceso ás universidades sen discriminación de ningún tipo a toda aquela persoa que teña os méritos e os requisitos académicos necesarios para iso, sen que ningún problema económico ou problema de renda familiar dificulte ou free o acceso aos estudos universitarios.

Por iso presentamos esta proposición non de lei, que insiste na necesidade de cambiar o sistema, revisar o sistema de taxas académicas, para garantir a gratuidade da primeira matrícula, tan só da primeira matrícula, de todos os graos no Sistema universitario galego.

E facémolo así, propoñemos este cambio de taxas académicas, por convicción ideolóxica, por equidade e por cohesión social, (*Aplausos.*) porque non podemos permitir —dende logo, os socialistas non podemos permitir— que ninguén quede fóra da universidade por motivos económicos, non podemos aceptar que nunha sociedade avanzada se renuncie ao talento por parte dos seus membros por unha cuestión de renda familiar.

E esta proposta que facemos os socialistas esta mañá non é unha proposta nova ou unha proposta que sexa absolutamente orixinal no medio do noso contorno, fundamentalmente en Europa, porque, como imaxino que as súas señorías saben, a matrícula gratuítas en estudos universitarios é maioritaria en toda Europa. Escoiten, por favor, os países que teñen matrícula gratuítas, porque atoparán neles os países de maior calidade ou fama de calidade universitaria. Teñen matrícula gratuítas Noruega, Suecia, Finlandia, Austria, Escocia, Dinamarca. Teñen unha matrícula simbólica de cincuenta e cen euros Alemaña e Francia, ademais doutros países como Malta, Grecia, Turquía, Polonia, República Checa, que teñen matrículas simbólicas. Ademais, todos estes países teñen un sistema de bolsas moi avanzado, moi potente tamén de axudas familiares.

Conscientes desta realidade, conscientes da necesidade de garantir tamén os estudos universitarios, por unha serie de razóns que espero ter tempo de comentar despois, o PSOE, o Partido Socialista Obreiro Español, propón no seu programa electoral —mais xa comezaron no Goberno presidido polo señor Pedro Sánchez a traballar nisto— esa matrícula gratuítas



en todos os graos do Sistema universitario español. Ademais, garante e comprométese o presidente Sánchez a poñelo en marcha na próxima lexislatura. E insisto: xa houbo reunións con consellos de universidades para arbitrar unha maneira de poder facelo.

Pero, ademais, dende logo, dende o Goberno da nación, o Goberno presidido por Pedro Sánchez reconverte tamén o sistema de bolsas, porque esta é tamén unha medida que leva aparelado un aumento tamén das bolsas, porque, como todos vostedes saben, os estudos universitarios recaen en gran medida na economía familiar tamén das rendas máis baixas; unha reconversión do sistema de bolsas para volver a un sistema que garanta o dereito a percibir unha bolsa, non unha axuda sen dereitos, como fixo o Partido Popular cambiando todo o sistema.

Por outra parte, sobre a medida que aquí propoñemos está xa dalgunha maneira comprobado que facilmente se pode poñer en marcha. Como vostedes saben, en Andalucía existe dende o curso 2017/2018 unha medida moi similar; son gratuítas o 99 % das taxas universitarias; xa houbo máis de oitenta mil alumnas e alumnos universitarios que se viron beneficiados por esta rebaixa de taxas, por practicamente a gratuidade.

Por outra parte, incluso pois nun exemplo máis cercano a nós, de moito menor tamaño, por suposto, no campus de Lugo, a Deputación de Lugo puxo en marcha un programa de bonificar o 50 % das matrículas dalgunhas das titulacións universitarias do campus, cun notable éxito, porque con esas matrículas bonificadas a matrícula creceu neses estudos. Tamén Aragón e Extremadura están poñendo en marcha algo semellante, e Valencia estao estudando.

É dicir, é un debate que é necesario abrir e que máis pronto ou máis tarde vai ter desenvolvemento no noso país, e non soamente no noso país, senón en todas as comunidades autónomas e en España.

Quero dicirlles tamén que as universidades representadas pola CRUE se manifestaron totalmente de acordo coa proposta do Partido Socialista de ter matrícula gratuíta en España e os reitores galegos tamén manifestaron que esta medida lles parecía oportuna, porque eles tamén consideran que a universidade, os estudos universitarios son un dereito e eles son perfectamente conscientes tamén de cantos alumnos e alumnas tiveron que abandonar os estudos nestes últimos anos ou non puideron chegar a eles.

Por outra parte, a taxa de escolarización de estudos universitarios en Galicia está por debaixo da taxa media española. A taxa de escolarización de estudos universitarios en España é do 31,1; en cambio, en Galicia, o 27,6; é dicir, que temos que aumentar, poñernos ao nivel polo menos da media de España.

Ademais, porque é absolutamente necesario para paliar a situación de dificultades laborais, un dos problemas máis graves que ten o noso país, de dificultades laborais dos máis xoves, que teñen unha moi difícil inmersión no mercado laboral, con altas taxas de desemprego e precariedade. E, como todos vostedes saben, todos sabemos, a preparación e a cualificación profesional son elementos básicos para conseguir emprego e a educación superior marca unha diferenza que facilita enfrontarse ao mercado laboral.



Por outra parte, claro, non fai falla que insista moito en que o Sistema universitario aumentaría a súa eficiencia, porque estamos primando os bos resultados para conseguir a gratuidade da matrícula.

Por suposto tamén, todo este sistema de novas taxas ou de taxas gratuítas nos estudos de grao non pode ir, por suposto, en detrimento da economía das universidades, que xa bastantes problemas económicos teñen, porque, como dixeron en múltiples ocasións, o que a Xunta aporta ao Sistema universitario non cobre todos os gastos que teñen.

A Administración pública é a que por suposto ten que facerse cargo deste pago como un dereito individual. Habería por suposto que arbitrar as cantidades de compensación, que teñen que estar reflectidas no Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia. Pero pode facelo facilmente, porque os nosos cálculos lévannos a pensar que son cantidades pequenas, menos de dez millóns de euros, que van ser paulatinamente e que compensan os beneficios que esta medida traerá a Galicia.

Polo tanto, non vemos ningunha razón para non ser aceptada e para beneficiar e aumentar a igualdade de oportunidades no noso sistema público.

Quero facer, antes de rematar —perdón, e remato—, unha indicación. Falaba antes de que este sistema, practicamente igual, está xa posto en marcha en Andalucía. Dígoo porque seguramente o señor voceiro do Partido Popular vai falar de que aquí temos matrículas moi baixas, pero quero recordar que en Andalucía son tamén moi baixas, as segundas máis baixas de España, a pouca diferenza con Galicia. Polo tanto, o feito de que teñamos taxas baixas non impide poñer en marcha esta iniciativa.

Por outra parte, que as taxas sexan baixas ou altas depende, como vostedes comprenden perfectamente, de como sexa a economía familiar; para uns serán moi baixas, pero para a maioría son unha carga moi importante sobre a renda familiar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Nós imos apoiar a iniciativa presentada hoxe polo Partido Socialista. Explicarei na miña exposición tamén a emenda de modificación coa que introducimos algúns elementos que para nós son importantes no debate que se abre hoxe.

Concordamos absolutamente con que é indispensable garantir o acceso ao ensino superior, ao ensino superior universitario no noso país en condicións de equidade para todas as per-



soas, independentemente do nivel de renda que teñan as familias. Ademais, os prezos das matrículas veñen sumarse á carga de cuestións ás que teñen que enfrontarse moitísimas familias no noso país e que vai moito máis alá do custo do prezo de matrícula, que ten que ver co material académico pero que en moitos casos tamén ten que ver coa manutención desas propias persoas naqueles casos en que temos que saír das nosas cidades, mesmo das nosas provincias, para poder cursar estudos superiores.

Sempre defenderemos ese acceso en condicións de equidade e sempre garantindo —sinalábo agora a señora Burgo tamén— os recursos orzamentarios suficientes para as universidades públicas no noso país. Despois detereime, porque xusto onte o Instituto Galego de Estatísticas publicada o informe sobre os gastos e ingresos das universidades públicas galegas e estamos nuns niveis no ano 2019 que nos sitúan por baixo dos ingresos que tiñan as universidades no ano 2009, é dicir, hai unha década exactamente —logo poderemos falar diso—, e iso implica tamén —e isto creo que ten que ver cunha das cuestións das que fala a iniciativa— que o Estado asuma tamén a parte que lle corresponde no financiamento, no sostemento do Sistema universitario público deste país ou na revisión, cando menos, da relación económica da que xa se falaba esta mañá, porque é quen recada o groso dos impostos e xestiona o gran volume de recursos públicos dos que se dispón por parte da Administración pública.

Nós presentamos desde o BNG unha emenda de modificación para incluír unha cuestión que para nós é absolutamente fundamental cando falamos das matrículas. O que nós propomos é incluír a redución dos prezos de matrícula nos mestrados, de todos os mestrados, para equiparar tamén a situación en relación co que se fixo este ano, que é aqueles mestrados habilitantes, é dicir, aqueles que son indispensables para poder exercer profesionalmente, por exemplo arquitectura, por exemplo medicina, por exemplo profesorado, para que teñan o mesmo custo que os estudos de grao.

Actualmente no noso país o prezo, o custo medio das matrículas dos mestrados oscila entre os mil trescentos e os mil novecentos euros; hainos por riba destas contías, pero o groso dos títulos de mestrados no noso país está sobre os mil trescentos e os mil novecentos euros.

O estudo é practicamente obrigatorio, toda vez que se impuxo o Plan Boloña, adaptación do espazo do ensino superior ao espazo europeo, e a ese sistema 4+1, que nos leva a estudar os mesmos anos que licenciatura pero pagando unhas matrículas absolutamente inasumíbeis para moitísimas familias cando falamos dos mestrados.

O que nós propomos é que esa equiparación nesa revisión dos prezos de matrícula se estenda tamén aos mestrados, para paliar ademais un duplo problema. Por unha banda, baixar os prezos alí onde máis subiron, precisamente por esa conxelación de taxas, das que falaba tamén a señora Burgo, pero que seguen mantendo unhas matrículas de mestrado absolutamente inasumíbeis en moitos casos; e logo frear un dos efectos máis nocivos de algo que está aínda por vir, que é esa implementación do modelo 3+2 co decreto aprobado polo ministro Wert, polo Partido Popular, no ano 2015, que é un modelo —denunciámolo en reiteradas ocasións o conxunto da comunidade educativa nas rúas—, do 3+2, absolutamente elitista, que é un freo tamén ao acceso a eses estudos superiores en condicións de equidade e de xustiza social.



Nós, por iso, o que propomos é tamén abordar a cuestión dos mestrados —insisto—, toda vez que tanto no modelo 4+1 como no 3+2 son obrigatorios practicamente para acceder a ese nivel formativo que —a señora Burgo falaba— exige o mercado laboral.

Pero tamén hei de dicir: a crise económica, as reformas laborais e a realidade que vivimos no mercado de traballo hoxe en día no noso país levan a que haxa persoas doutoradas pola universidade pública deste país tirando cañas en cervexerías. E podo poñerlles nomes e apelidos de doutoras da Universidade de Santiago que están na cidade de Ourense tirando cañas por menos, case, do salario mínimo e traballando con contratos por horas. Ter ese nivel formativo hoxe en día non garante nin que chegues a ser mileurista. Cando eu entrei pola porta da universidade no ano 2007, ser mileurista era como o peor do peor. E hoxe temos persoas mestradas, persoas doutoradas —persoas que poderían contribuír moitísimo ao desenvolvemento social e económico deste país—, tirando cañas por salarios absolutamente miserables. E insisto —e con isto remato— en que sempre —e é unha cuestión que na nosa emenda tamén incorporamos— se debe garantir o acceso aos recursos que necesitan como auga de maio as universidades públicas deste país. Invito a todo o mundo a que vaia ao informe que onte facía público o Instituto Galego de Estatística e a que vexamos cal é a situación económica do sistema universitario público deste país, na que os ingresos das universidades están, con data de 2019, por baixo do que tiñan hai unha década.

Pola miña banda, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas presidente.

Bo día a todas e a todos.

Vaia por diante que nós imos apoiar esta proposición non de lei, pois coincide cunha demanda na que coincidimos plenamente deste grupo parlamentario: a gratuidade total, efectiva e de verdade no ensino, e non como acontece.

Xa o dicía a señora Burgo na súa intervención: non se trata dunha petición extraordinaria, senón que vai en liña co que temos en tantos países do noso contorno, nos que normalmente gustamos mirarnos. Reivindicamos unha vez máis a necesidade de garantir este dereito para todas as persoas, independentemente das condicións económicas de cadaquén. E isto non é o que acontece hoxe. Todo o contrario, temos estudantes que non poden continuar na universidade polo prezo das taxas, mozas e mozos que nunca puideron nin sequera pensar en ir á universidade por tratarse dunha sorte de luxo asiático para as súas familias. Temos familias que fan un sobreesforzo enorme cada mes, cada ano; e ata se endebedan cos bancos para poder pagar as matrículas, o aloxamento ou o material. Porque son moitas cousas, moitos gastos os que teñen que abordar as familias para mandar as súas fillas e fillos á universidade. Temos rapazas e rapaces con xornadas precarias, para poder pagar os créditos, sumadas ás horas de clase.



Non nos cansaremos de repetilo: que unha moza ou un mozo teña que abandonar os estudos universitarios ou que non os comece por motivos económicos é un fracaso colectivo que, como sociedade, non deberíamos permitir. Insistimos, ou son para todos ou non son dereitos. E, neste senso, garantir que todas as rapazas e rapaces teñan as mesmas oportunidades de acceder aos estudos universitarios ten que ver, por suposto, con garantir un dereito fundamental, pero ten que ver coa propia calidade da democracia. E por iso, señoras e señores do Grupo Socialista, coincidimos, ou parece que coincidimos, no fundamental, na convicción ideolóxica —dicía a señora Burgo— que trae consigo esta iniciativa.

Pero digo «parece» porque o certo é que, lamentablemente, cando o Grupo Socialista chegou ao Goberno non derogou todos os recortes educativos, e temos que lamentalo. Non o fixo, e temos que falar, por suposto, da modificación do Real decreto 12/2012. Non derogaron ese artigo, tal e como lles pedimos, o 81.3, que abriu a porta á subida brutal das taxas universitarias. Podían facelo e non quixeron, malia que foi un dos temas que o noso grupo no Congreso puxo sobre a mesa na negociación orzamentaria. Dixémoslles: Derroguen os aspectos do Real decreto 12/2012 directamente vinculados coa subida das taxas. Tiñan na man poder facelo. Baixen a horquilla establecida nese decreto, que establece por onde deben flutuar os prezos nos graos e nos mestrados, ata chegar a cero. Vostedes dixeron que non, dixeron que non, malia estarmos no cuarto Estado coas matrículas máis caras de toda Europa, só superadas por Reino Unido, Irlanda e Holanda; malia termos un acceso aos estudos universitarios dez puntos por debaixo da media europea. Cando quixemos falar da reversión total dos recortes universitarios, o Partido Socialista, no Goberno, díxenos que non, que de momento non, que xa se falaría no futuro, que o fixeran as comunidades autónomas se querían.

Si, que o fagan, por suposto. Por iso nós imos votar a favor desta proposición non de lei. Pero o que lles pedimos é que, cando o teñan na súa man, non dubiden. Cando puideron facelo non o fixeron. Cando puideron rematar con todos os recortes, non o fixeron. Nós pensamos que se equivocaron, e que, cando se teñen as capacidades para acabar coa austeridade, hai que facelo sen dubidar, con contundencia. Cando se ten na man acabar cos prezos universitarios abusivos, debe facerse, hai que posicionarse con claridade e non levar a responsabilidade só ás comunidades autónomas. Porque, governe quen governe aquí ou alá, a nosa postura vai ser clara, os nosos votos van estar sempre para sumar a prol da igualdade de oportunidades, estarán sempre para sumar dereitos.

Reducir as taxas de matrícula que paga o alumnado é imprescindible, por suposto, para derribar unha das principais barreiras de entrada no sistema universitario que ten a xente común, que teñen as fillas e fillos das familias traballadoras deste país; menos taxas e, dende logo, máis becas para as persoas que o precisan, máis bolsas vinculadas á situación socioeconómica das familias, de xeito que non sigamos vendo que moita xente con méritos e vontade de seguir estudando teña que abandonar por non poder permitirse seguir; e menos cronificar a situación das súas familias.

Nós queremos falar deste tipo de bolsas e tendemos a man para falar deste tipo de bolsas e non das bolsas que premian constantemente a excelencia. Queremos recuperar o papel da universidade como verdadeiro ascensor social, como un lugar de igualdade para darlle a volta á privatización e á elitización do ensino público que nos impuxo o Partido Popular, que en



só catro anos foi quen de reducir, por exemplo, en 332 euros a media das bolsas que reciben as mozas e os mozos neste país. E para iso precisamos derrogar con contundencia e de verdade o Real decreto 12/2012 en todos os seus artigos e, por suposto, no que ten que ver coas taxas universitarias, aumentar o diñeiro dispoñible para as bolsas e mellorar o financiamento orzamentario.

Precisamos acordos, por suposto, co Grupo Socialista. E, por nós, xa lles digo que non vai quedar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Mire, tal como está, señora Burgo, plantexada a súa iniciativa, entendemos que é pouco progresiva, pouco redistributiva. O que están facendo é eximir a todas as persoas, independentemente dos seus niveis de ingresos e niveis económicos, de pagar as taxas. Estamos falando de sacar cartos públicos de servizos de xente que necesita e metelos para pagarlle unhas taxas á xente que non o necesita. Por iso dicimos que, tal e como está plantexada, cremos que é pouco redistributiva. Con eses cartos, só en educación, podemos mellorar as bolsas, podemos contratar máis profesores, podemos mellorar os equipamentos ou axudar á investigación, soamente no eido da educación.

Fronte a estas políticas demagóxicas, podemos falar doutras políticas, que son nas que está traballando o Partido Popular, como é mellorar esas bolsas, mellorar as axudas para os que de verdade as necesitan, e poder garantirles que ninguén quede fóra do sistema universitario por cuestións económicas. Este creo que debe ser o obxectivo primordial dunha administración, axudar a esa xente e non á xente, indiscriminadamente, que non o necesita.

Pero hoxe e onte falamos moito de electoralismo. E eu creo, sinceramente, que esta proposición non de lei é o cumio do electoralismo neste Parlamento. Porque o que nos están a pedir con esta proposición non de lei é que un incumprimento de Pedro Sánchez o pague a Comunidade Autónoma de Galicia. É dicir, eu prometo, paso dez meses sen cumprilo, e agora, antes das eleccións, quero branquear a miña postura e que pague Galicia.

Mire, o sistema de taxas académicas está suxeito á normativa estatal. E, como xa lle dicían antes, que empece poñendo os cartos para Galicia. Xa non falamos dos 850 millóns, dos que falaba esta mañá o presidente, que nos deben e que teñen que mover. Non falamos diso, falamos de que poña os cartos das súas promesas. Porque, claro, é fácil vir aquí, tirar coa pólvora do rei e facer promesas para que paguen outros. Eu invito á festa, que pague a comunidade autónoma e xa se arreglará. *(Murmurios.)* Ben puideron poñelo nos orzamentos, nesas fantásticos orzamentos que machucaban a Galicia. Aí tampouco se acordaron.



Pero mire, señora Chao, se tan mal lles parecían as políticas e os orzamentos do Partido Socialista, ¿por que os votan en Madrid? Esa é a hipocrisía. Agora chegamos, seguimos co electoralismo, e do que votamos e apoiamos en Madrid aquí non nos acordamos.

En calquera caso, isto de que inviten e que paguen as comunidades autónomas é o que dicimos: tiveron moitos venres durante os dez meses para poder aprobar isto e non o fixeron. Era un compromiso do goberno socialista. Pedro Sánchez volve incumprir os seus compromisos.

Pero, mire, o primeiro que podían facer era cumprir coas datas e que a xente cobre as bolsas que ten que mandar o Ministerio. Esta mesma semana liamos que vinte mil universitarios galegos teñen que esperar sete meses para cobrar as súas bolsas. O primeiro é pagar as bolsas, ¡o primeiro!

Pero, miren, claro, xa puña a venda antes da ferida a voceira socialista, non me estraña. Porque, claro, nos anos do Bipartito, ¿que vimos? Subidas do 4 % anuais das taxas, ¡4 % por enriba do IPC todos os anos! Esa era a política do Bipartito cando gobernaba. Cando chegou Feijóo, ¿que fixo? Primeiro, mentres estaba a política estatal do PSOE, cumprir o mínimo que exixía de incremento a lei —que era o IPC—. E cando chegou Mariano Rajoy e permitiu conxelar as taxas, miren a política do Partido Popular. ¿Que fixo o Partido Popular en Galicia? Conxelar, nos sete ou oito anos, as taxas. (*Aplausos.*) Esa é a política e a diferenza.

Por iso non me estraña que poña a venda antes da ferida, porque xa sabe que, cando gobernarón, o que fixeron foi subir as taxas, incrementar os custos para as familias. E, cando chega o Partido Popular, rebáixaas, ou báixaas.

Porque, mire, volveron comprometerse para o curso 2018-2019 á conxelación das taxas. Pero non só iso, senón que tamén se rebaixaron ao mesmo prezo do grao as dos mestrados habilitantes. Evidentemente, son, outra vez máis, as máis baratas de España. E seguimos sendo a comunidade autónoma cos prezos de taxas máis baratos. Porque esa é a política, a de axudar e minimizar.

Pero, mire, imos seguir con esa política de axudar e complementar as bolsas do Ministerio, pero o primeiro que ten que facer o Ministerio é cumprir as súas propias promesas e poñer os cartos —xa digo, os oitocentos e pico millóns que faltan máis os que queira prometer e comprometer—, pero non chegar con populismos, demagoxias e electoralismos, e vir en campaña electoral a prometer unha cousa para que a pague a Comunidade Autónoma de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Imos, xa digo, seguir intentando facilitar, a través de mellorar e complementar as bolsas do Estado, a capacidade da xente de poder acceder á universidade, para que ninguén quede fóra do sistema universitario galego por problemas económicos. Pero iso dista bastante da barra libre para todos, incluso para a xente que non o necesita.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer o apoio do BNG e de En Marea. En canto á emenda, quería dicirlle á señora Olalla que eu entendo perfectamente o que di e que estamos, ademais, absolutamente de acordo con ela. Pero preferimos non incluír agora mesmo, nesta iniciativa, os mestrados e tratalos á parte; en primeiro lugar, tamén porque non falamos aínda cos reitores en torno a esta situación, e gustaríanos facelo. Pero si estamos de acordo en que iso ten que ser a segunda parte desta disposición. A última parte da súa emenda por suposto que si a aceptamos, porque clarifica o que queremos dicir.

Señora Chao, non lle caiba dúbida de que imos facer dende o Goberno do Estado todo o que vostede di. (*Aplausos.*) O señor Pedro Sánchez xa dixo —xa o dixo eh!—, que ía a... (*Aplausos.*) É certo, ten vostede que ter en conta que son dez meses. O Decreto 12/2012 vai ser erradicado, así o prometeu. Vaise intentar que haxa un parámetro de taxas iguais, ou semellantes —e neste caso gratuítas— para o grao en toda España. E si haberá diñeiro para facelo. Se non se fixo aínda, foi porque se está falando co Consejo de Universidades para saber como se arbitra esta situación, na que hai competencias estatais e competencias tamén das comunidades autónomas.

E, señor Fernández, a ver se aclaramos algún punto. Vostedes son incapaces de entender que a distribución se fai a través da fiscalidade (*Aplausos.*), que os dereitos se pagan coa fiscalidade, porque xa paga máis quen máis ten. Os dereitos non se fan en función da renda das persoas, están abertos a todos, e logo as persoas pagan máis en función do que teñen. Isto é unha cuestión de dereitos.

En canto ao electoralismo: non sei ¿tamén foi electoralista a decisión do señor Feijóo de, de repente, sen falar coas universidades —por certo, que nós si que falamos—, rebaixar o prezos dos másters? É que vostedes entenden que é electoralismo a equidade e a igualdade de oportunidades. Isto xa o presentamos nesta cámara como resolución no debate da autonomía, é dicir, moito antes de que houbera ou non eleccións.

Por outra parte, di vostede que se paga sen orzamentos: mire, nos orzamentos do 2019 estaba boa parte do diñeiro que se necesita para facer isto. O que se necesita é que se poñan de acordo todas as autonomías.

Pero quero rematar cunha cousa, señor Fernández: ten vostede que chamar inmediatamente o señor Moreno de Andalucía. Ten que chamalo, porque, mire: o señor Moreno, presidente da autonomía andaluza e membro do seu partido, acaba de aprobar que non se modifiquen as bonificacións en Andalucía das matrículas bonificadas. (*Murmurios.*) É dicir, o PSOE dixo que non se modificasen, tendo en conta o que podían facer vostedes e mais Vox... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.



A señora BURGO LÓPEZ: Por favor, se non lles importa... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora BURGO LÓPEZ: ¿E que fixo o señor Moreno en Andalucía? Votar a favor da petición do Partido Socialista. ¿Por que o fixo? ¿Por electoralismo? Non, porque dixo que estaban beneficiando a case noventa mil alumnos andaluces. E dixo, ademais —e pode ir vostede comprobalo—, que era unha das medidas máis importantes que se tomaran nos últimos anos en Andalucía.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora BURGO LÓPEZ: Non sei por que lles parece ben en Andalucía e non aquí.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Pero, ¿saben? —remato—, as ideas de vostedes, dun momento a outro e fale un ou fale outro, xa sabemos como son: cambiantes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Antes de proceder ás votacións, saudamos os alumnos e alumnas de 2º da ESO do centro Leiras Pulpeiro, de Lugo. Benvidos ao Parlamento.

Agora si, procedemos ás votacións. Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando as proposicións non de lei, neste caso, a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa da señora Burgo. Sobre a emenda do Bloque, dixo que non a aceptaba, aínda que na segunda parte dixo que aceptaba unha segunda parte.

Déanlle voz ao escano da señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Si, acepto o último parágrafo da emenda. Se quere, léoo ou pásollo.

O señor PRESIDENTE: Si, pásello...

A señora BURGO LÓPEZ: É a última frase da emenda.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votamos coa última frase aceptada como engádega. (*A señora Burgo López pronuncia palabras que non se perciben.*) Correcto.



Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia conxuntamente coas tres universidades de Galicia para revisar o actual sistema de taxas académicas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Prado. Hai pendente unha transacción con algúns puntos de engádega.*

Señora Prado, ¿tiña pendente vostede algunha transacción? Señora Prado, falo con vostede. (A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) Non acepta a emenda. Grazas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego diante da situación da sanidade pública galega.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa da señora Santos.*

Estaba pendente unha transacción, non sei se chegaron a esa transacción. (A señora Santos Queiruga: Si.) ¿Téñena aí? ¿Téñena os servizos xurídicos? (A señora Santos Queiruga: Si.) ¿Xa coñecen esa transacción? (A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.) (A señora Prado del Río: A min non me ensinaron nada.) Ben, pois lémosla. ¿Pásanme, por favor, a transacción?

A transacción é substituír o punto 2 e 3 da proposta polo punto 2 da emenda, con votación por puntos, co cal, transfórmanse en cinco puntos. E na votación por puntos, ¿un punto só? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿Cinco puntos e o 1 por separado? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) O 4.

Ben, pois entón, entendida xa a transacción, votamos, en primeiro lugar, o punto 4.



Votamos.

Votación do punto 4 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa independencia dos cargos públicos, co réxime de incompatibilidades, cos conflitos de intereses, coas portas xiratorias e cos posibles casos de enriquecemento ilícito nas institucións autonómicas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 39; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 4 desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o resto dos puntos.*

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, agás o punto 4, xa votado, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa independencia dos cargos públicos, co réxime de incompatibilidades, cos conflitos de intereses, coas portas xiratorias e cos posibles casos de enriquecemento ilícito nas institucións autonómicas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a proposición do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa do señor Sánchez. Non foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.*

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre a declaración de impacto ambiental que debe emitir o Goberno galego en relación co proxecto de reapertura da mina de Touro.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 39; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Xoaquín María Fernández Leiceaga. Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*



Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e tres deputados/as máis, sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Goberno central en relación coa aplicación do superávit orzamentario das comunidades autónomas e dos incentivos previstos na disposición adicional 151 da Lei de orzamentos xerais do Estado, así como a actuación que debe levar a cabo para o impulso dun plan anual de mellora da atención primaria da saúde.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do señor Bará. Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.*

(A señora Vilán Lorenzo pide a palabra.)

Si, perdón. (A señora VILÁN LORENZO: Quería pedir a votación por puntos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (A señora VILÁN LORENZO: Do primeiro punto.)

¿Acéptalle a votación por puntos? (O señor Bará pronuncia palabras que non se perciben.) ¿Só o primeiro punto? ¿O resto van todos? (O señor Bará pronuncia palabras que non se perciben.)

Entón, votamos, en primeiro lugar, o primeiro punto da proposta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luis Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prórroga da concesión outorgada a Ence nos terreos de dominio público marítimo-terrestre de Lourizán, na ría de Pontevedra.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 39; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 1 desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o resto de puntos desta proposta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*

Votamos.



Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luis Bará Torres e cinco deputados/as máis, agás o punto 1, xa votado, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prórroga da concesión outorgada a Ence nos terreos de dominio público marítimo-terrestre de Lourizán, na ría de Pontevedra.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular, a través do seu deputado don Jacobo Moreira. Non aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista nin de En Marea.

(A señora VILÁN LORENZO: De novo, queríamos pedir a votación por puntos.) Solicita a votación por puntos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non se acepta a votación por puntos. *(Murmurios.)*

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Jacobo Moreira Ferro e dezaseis deputados/as máis, sobre a posición e as demandas que debe trasladar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión da Avogacía do Estado de avirse nos recursos interpostos contra o acordo de prórroga da concesión de Ence nos terreos de Lourizán, en Pontevedra, así como sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación cos seus traballadores.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora, por último —é que houbo unha alteración na orde do día, señor Sánchez, por iso é a que imos votar agora—, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de don Martín Fernández Prado, pero que foi defendida pola señora Barreira. Estaba pendente unha transacción. Se nola le, señora Barreira.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Grazas, señor presidente.

Acadamos un texto transaccional. No punto segundo, dado que se pedía a elaboración dun plan director para o corredor atlántico que recolla a planificación e proxectos concretos, e estamos de acordo en que se detallen determinados proxectos —iso non quere dicir que a nosa iniciativa non o incluíra, senón que xa o contemplabamos—, queda a seguinte redacción —por tanto, engádega ao punto 2—: «Que entre os proxectos concretos do Plan direc-



tor para o corredor atlántico se preste unha especial atención aos seguintes: a conexión do ferrocarril cos portos de interese xeral, o Porto Seco de Monforte e a PLISAN, así como a conexión dos grandes parques empresariais e loxísticos; a conexión ferroviaria co porto exterior de Punta Langosteira, garantindo o financiamento a cargo da Unión Europea e dos orzamentos do Estado, sen aportación de fondos económicos pola Autoridade Portuaria da Coruña, de xeito que se poida licitar e dar comezo ás obras neste ano 2019; a tramitación e a aprobación do proxecto de saída sur de Vigo, coa previsión de licitación de proxectos ao longo do ano 2019».

Como engádega ao noso punto 5, no que pediamos a redacción dun plan de conservación e modernización do resto da rede ferroviaria; detallamos tamén —engádega ao punto 5—: «Este plan incluírá, cando menos, as seguintes actuacións: modernización da liña Ferrol-Ribadeo, modernización e mellora do trazado da liña Ferrol-A Coruña, mellora da conexión Vigo-Porto e modernización da liña Ourense-Lugo. Asemade, primará vertebrar o territorio mediante a mellora das conexións, frecuencias e horarios entre as principais cidades e vilas galegas».

E un punto 6, de engádega, coa seguinte redacción: «A que no marco da revisión do Regulamento europeo 1315/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, demande a inclusión do porto de Vigo na rede básica portuaria da Rede transeuropea de transportes e inste o Goberno do Estado a que actúe no mesmo sentido».

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votamos esta transacción.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co Plan director para o corredor Atlántico presentado o 20 de febreiro en Madrid.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: E agora paso a ler unha declaración institucional que me fan chegar os grupos, relacionada co Día Internacional do Pobo Xitano.

«Con motivo do Día Internacional do Pobo Xitano, o día 8 de abril, o Parlamento de Galicia quere sumarse a esta celebración.

O noso ordenamento xurídico recolle a igualdade como principio e valor compartido por todos os españois e inclúe algúns artigos que avalan e permiten a posta en marcha de polí-



ticas para garantir a igualdade de oportunidades, combater a discriminación e promover a participación de todos os cidadáns e cidadás.

É innegable que as condicións de vida melloraron aínda que queda moito por facer; a escolarización dos nenos e nenas xitanas é unha realidade e, aos poucos, cada vez máis mozos e mozas completan a etapa da educación obrigatoria e continúan estudando na universidade. O mercado laboral, aínda que lentamente, vaise abrindo tamén aos xitanos e xitanas. O acceso á vivenda normalizada aínda non é unha realidade, e o chabolismo segue a ser un reto que abordar. E cada vez contamos con máis mecanismos e recursos para loitar contra o rexeitamento e a discriminación que sofren as persoas xitanas.

Así e todo, a fenda da desigualdade persiste, en especial entre as mulleres. A comunidade xitana está sobrerrepresentada nos índices de pobreza e exclusión social. As taxas de fracaso e abandono escolar son moito máis altas entre o alumnado xitano que na media española. A taxa de desemprego da poboación xitana e o nivel de precariedade no emprego están moi por riba das porcentaxes medias, por poñer só algúns exemplos. En definitiva, a igualdade de oportunidades non é unha realidade para unha boa parte da comunidade xitana.

Coincidindo coa celebración do Día Internacional do Pobo Xitano, queremos subliñar os avances que se produciron no recoñecemento institucional do pobo xitano e na progresiva participación de xitanos e xitanas en todos os ámbitos da sociedade.

Debemos seguir apostando por políticas, iniciativas e programas que contribúan a asegurar eses dereitos sociais para todas as persoas xitanas, sen deixar a ninguén atrás, para que poidan exercer plenamente a súa cidadanía».

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2019.

(Apróbase por asentimento.)

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

E agora si, abran as portas, por favor.

Continuamos coa orde do día, neste caso coas interpelacións.

Interpelación de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa creación de escolas públicas infantís de 0 a 3 anos nos polígonos industriais e parques empresariais

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Blanco. *(Murmurios.)*

Chist, chist, chist, por favor.

Cando queira, señora Blanco.



A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Bo día, señora conselleira. Hoxe interpelámola sobre un tema, unha materia que para nós é importante: a rede de escolas infantís públicas da Xunta de Galicia, o que debera ser a ampliación desta rede, unha das liñas estratéxicas claves do Goberno galego, pola súa importancia, pola prioridade que teñen, pero que, en realidade, está convertida nunha das marías deste goberno.

Un dos recursos públicos máis importantes en termos sociolaborais e demográficos, unha ferramenta imprescindible para mellorar a conciliación da vida familiar e laboral, para incrementar a taxa de ocupación feminina, para ofertar recursos públicos para que volvan eses milleiros de mozos e mozas que abandonaron o noso país, pero, sobre todo —e o máis importante para nós—, para reducir as desigualdades sociais e mellorar as oportunidades dos nenos e das nenas que están en contornas sociais, económicas e culturais máis vulnerables.

Onte viamos a enquisa de fecundidade do INE en referencia ao ano 2018. Entendo que coincidirá con nós en que resulta alarmante e que semella que está comprometido o propio futuro de Galicia como país, porque un dos datos máis escandalosos dicíanos que entre as menores de trinta anos Galicia ten a maior porcentaxe de mulleres sen fillos, 93,5 % exactamente.

Dende o PSdeG si cremos na liberdade das mulleres para poder escoller o ter fillos ou non —quero resaltar iso—, a posibilidade para decidir que sempre temos defendido en todos os ámbitos. Pero é que o problema está xusto aí. Nas menores de trinta anos desexarían ter entre dous ou máis fillos o 67 % destas mulleres. O 67 % é a cifra tamén daquelas que están fóra xa da idade fértil ás que lles tivera gustado no seu momento ter máis de dous fillos. O caso é que esas cifras non se rexistran no noso país dende o ano oitenta e que a realidade é que as mulleres teñen de media neste país pois pouco máis dun.

¿Por que? Pois esa terrible fenda entre os desexos e a realidade explícase por razóns laborais, pola precariedade, polos baixos salarios, pola inestabilidade laboral e pola imposibilidade de conciliar a vida laboral coa familiar. En xeral, nesta enquisa dúas de cada catro mulleres reprochan esta imposibilidade de compatibilizar o seu posto de traballo coa crianza dun meniño ou meniña, unha cifra que ten ido en aumento nos últimos anos.

Segundo o IGE, hai en Galicia 58.201 nenos e nenas de idades comprendidas entre 0 e 3 anos. Pois ben, a nós non nos estraña esta fenda que existe se temos en conta que só hai prazas en escolas infantís públicas e de xestión pública para un de cada dez meniños ou meniñas nesta comunidade autónoma. *(Aplausos.)*

Se consideramos o global das prazas, incluídas as concertadas, soamente hai dispoñibilidade de prazas para catro de cada dez. O ano pasado, nas listaxes provisionais das escolas da Galia Azul, quedaron fóra case catro mil nenos e nenas.



Se cando preguntamos pola escaseza de prazas residenciais para os nenos maiores o que nos din é que, claro, hai unha elevada porcentaxe de maiores de sesenta e cinco anos, nós o primeiro que lle queremos preguntar hoxe é como é posible que en Galicia, cun saldo vexetativo negativo, onde hai 13.522 falecidos máis que nacementos, haxa lista de agarda, señora conselleira, nesta comunidade autónoma.

Pois mire, voulle relatar o que fixeron vostedes nestes últimos dez anos. Por primeira vez na historia estableceron os concertos con entidades privadas, no ano 2015; agora mesmo son case o 40 % do total. A estratexia é clara: ao tempo que nos emborrachan de publicidade e propaganda de cifras de novas prazas en escolas infantís, que nunca chegan a materializarse, o que fan é redirixir todas esas familias cara a escolas privadas, a través dese Bono concilia, que nós temos xa bautizado en moitas ocasións como o *Bono Privatiza*.

Ademais, a gran promesa electoral do señor Feijóo foi un novo fiasco, esas escolas infantís en polígonos industriais. Está sen executar o 80 % do orzamento. ¿Por que? Porque vostedes están facendo todo ao chou, é todo publicidade e propaganda, sen concertar, sen concretar cos axentes sociais, e, encima, hai escasas semanas, aínda vén o presidente Feijóo pedirllas colaboración. Pero ¿colaboración de que, se vostedes nin consultan nin atenden os consellos que lles están dando os propios axentes sociais?

E, claro, como non o dan executado, pois ¿que foi o que fixeron? ¿Diálogo? Non. Como non o dan executado, o que fixeron foi recortalas. No 2019 hai oitocentos mil euros e resulta que nos primeiros orzamentos da lexislatura había 1,7 millóns, menos da metade para esa gran promesa electoral do señor Feijóo.

Tamén subiron os prezos. Subiron os prezos no momento en que as familias peor o estaban pasando, unha suba dun 19 % do total, multiplicando por dous o prezo do comedor no ano 2012. Voulle poñer un exemplo: unha familia de catro membros (dous adultos e dous nenos), cuns ingresos de once mil euros anuais aproximadamente, con esta suba do salario medio interprofesional que fixo o presidente Pedro Sánchez, co salario mínimo, esa familia tería que pagar, aínda que un prezo reducido, si, tería que pagar por esa praza nunha escola infantil; á parte, tería que pagar o servizo de comedor e, á parte, se quere, unha hora máis de atención ao meniño ou meniña.

Unha muller que gañe o salario mínimo interprofesional que teña dous fillos —é dicir, falamos dunha familia monomarental, que temos discutido e debatido aquí en moitas ocasións que son unha das que se atopan en maior medida en risco de pobreza e exclusión social— tería que pagar tamén o mesmo, unha taxa reducida, pero, á parte, tamén o comedor e esa hora a maiores.

E nós queremoslle preguntar: ¿parécelle normal a vostede que, con eses dous exemplos, con estes dous modelos de familia que vimos de exemplarizar agora aquí, teñan que pagar? ¿Parécelle normal, que iso contribúe a paliar, a diminuír as desigualdades que hai no noso país? (*Aplausos.*)

Claro, pero é que hai quen o fai. Escolas municipais de Vigo. Estas familias, as que só ingresan por unidade familiar o salario mínimo interprofesional, pagan cero euros por praza, cero



euros por comedor e cero euros por hora a maiores que teñen que deixar os seus meniños e meniñas nestes centros.

Os socialistas, señora conselleira, cremos que a escolarización é un dereito que debe garantirse, fundamental para o interese superior do menor, para o seu desenvolvemento infantil en todos os ámbitos, unha contribución que resulta especialmente relevante naqueles casos de meniños e meniñas que veñen de contornas sociais, culturais ou económicas máis vulnerables, así como tamén para eses nenos con discapacidade, para os que é un factor compensador moi potente, unha valiosa ferramenta para facer unha aposta forte por unha educación máis inclusiva. É ademais un investimento moi rendible, porque facilita a adquisición de habilidades, de competencias, de capacidades, e ademais está probado que diminúe en etapas posteriores educativas a taxa de fracaso escolar e o propio abandono escolar.

Por iso, o Goberno de Pedro Sánchez quere fomentar esa universalización da escolarización de 0 a 3 anos e por iso nos orzamentos para este ano se dispuñan trescentos trinta millóns de euros, trescentos trinta millóns de euros aos que vostedes votaron en contra. Votaron en contra de avanzar cara á gratuidade da educación nas primeiras etapas da vida, votaron «non» a mellorar a conciliación das familias, a reducir as desigualdades sociais e tamén a mellorar as oportunidades dos nenos e nenas máis desfavorecidos.

Claro, porque aquí semella que vostedes —dende o Grupo Socialista comezámolo a ver así dende que chegou o Goberno de Pedro Sánchez, dende que chegamos ao Goberno despois desa moción de censura— están como as persoas que se poñen a mirar para as obras, é dicir, que se poñen a criticar: isto vai mal, o outro vai mal, pero que están de brazos cruzados mentres outros fan un traballo e un esforzo. (*Aplausos.*) Vostedes están mirando, de miranda, señora conselleira, mentres os demais traballan. E o problema non é que nós traballemos —nós estamos cómodos traballando pola igualdade de oportunidades, levámolo no ADN—; o problema é que vostedes están ou estiveron ata agora freando estas oportunidades que tiñamos.

Nós temos claro que esta non é a nosa folla de ruta e a pregunta é se vostedes van seguir mantendo tamén nas escolas infantís públicas da Xunta de Galicia estas políticas raquícticas, asistencialistas e que están fomentando tamén a desigualdade nos primeiros anos de vida dos meniños e das meniñas.

E nada máis e moitas grazas, presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Resposta da conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Señor presidente, deputadas e deputados.

Señora Blanco, boas tardes.



Sempre é un pracer acudir a esta Cámara falar da conciliación entre a vida laboral e persoal, xa que a maioría dos galegos e das galegas opinamos que esta é unha actuación prioritaria para facer de Galicia o mellor lugar para formar unha familia.

Os tempos nos que un membro da familia, sempre a muller, estaba condicionada a quedar na casa para coidar dos fillos pasou felizmente á historia. A incorporación da muller ao mercado laboral foi un dos cambios máis importantes que experimentou a nosa sociedade no último medio século.

Este feito foi fundamental para explicar o crecemento económico e do benestar sen precedentes que vivimos ao longo das últimas décadas, e tamén fixo que o tecido social debese buscar novas solucións para o coidado dos fillos durante o tempo no que os dous proxenitores están a traballar.

Nos últimos dez anos, o Goberno galego púxose á cabeza de Galicia no que respecta á mellora da conciliación. Fixémolo tanto para dar exemplo ao resto dos axentes sociais como para reforzar a rede de benestar de que hoxe desfrutamos todas as galegas e galegos.

Os resultados desta aposta histórica pola creación de recursos de conciliación están á vista de todos. Dende 2009 duplicouse o número de prazas públicas en escolas infantís á disposición das familias galegas e hoxe en día son máis de vinte e catro mil. (*Aplausos.*)

Dende 2009 creáronse recursos pioneiros, como as sesenta e unha casas niño, que achegan a posibilidade de conciliar as zonas rurais, cando antes estaba practicamente restrinxida ás cidades.

Dende 2009 púxose en marcha o Bono concilia, que axuda catro mil catrocentas familias que non puideron acceder a unha praza pública de escola infantil a pagar unha praza no centro que eles escollan.

Dende 2009 lanzouse unha experiencia piloto como o Bono coidado, unha axuda directa ás familias que necesitan unha persoa coidadora en circunstancias puntuais e que este ano se pode pedir tamén para pagar unha ludoteca.

E dende 2009, concretamente a partir do ano 2016, os parques empresariais galegos dispoñen de axudas para poñer en marcha unha escola infantil nunha das súas parcelas.

Aínda que por algún motivo, señora Blanco, vostede alude na súa pregunta só á convocatoria do ano 2017, eu considero que é necesario reflexionar sobre esta convocatoria dende o seu inicio. Dende o ano 2016 esta orde de axudas impulsou a posta en marcha de tres escolas infantís: a do polígono de Río do Pozo, en Narón, con sesenta e unha prazas e que xa está funcionando; a do polígono industrial de Mos, con setenta e catro prazas e que xa está funcionando, e que eu tiven a oportunidade aínda de visitar hai mes e medio; e a do polígono da Tomada, na Pobra do Caramiñal, con corenta e unha prazas, que xa está nas fases finais da súa construción e cuxa apertura se prevé proximamente.



E como en calquera orde de axudas, hai algunhas propostas que non chegaron a saír adiante por algún motivo. Neste caso, nas tres convocatorias que houbo, houbo sete proxectos que non saíron adiante. Un foi denegado por non cumprir os requisitos que figuraban na convocatoria, outros dous renunciaron voluntariamente porque non chegaban a poñer a escola infantil en marcha na data límite que fixaba a convocatoria e outros catro foron desestimados por non achegar a documentación requirida por atopar serios atrancos nos concellos.

Señora Blanco, hai algo, de verdade, que me apena: é que hai asociacións empresariais que tiñan a seria determinación de sacar adiante o seu proxecto e que non puideron porque atoparon moitos atrancos a nivel urbanístico. Creo que o labor das administracións é facilitar que saian adiante iniciativas interesantes, como pode ser esta orde de axudas, e que tan só as malas administracións poñen cortapisas innecesarias, escudándose en papelames infinitos e en requisitos que ninguén comprende.

Houbo un grupo de empresarios en Vigo que se interesou pola orde, pero desgraciadamente nunca se chegou a materializar. Estou segura de que vostede sabe por que: porque se atopou con dificultades e con moitos atrancos no Concello para que adecuase o uso dos terreos. Eu confío en que circunstancias coma esta, que privaron as viguesas e os vigueses de ter unha escola infantil, non se volvan repetir.

Na última convocatoria desta orde obtivo axuda a asociación de empresarios do polígono da Granxa, no Porriño. Espero, señora Blanco, que vostede fale coa alcaldesa do Porriño para asegurarse ben de que o proxecto desta nova escola infantil chega a bo porto.

Dende logo, eu pódolle dicir que o apoio da Xunta, sempre que cumpra, por suposto, coas condicións da convocatoria, está asegurado.

Señorías, esta orde de axudas permitiu nestas tres primeiras convocatorias a creación de cento setenta e seis novas prazas de escola infantil, e para que nun futuro poidan ser máis, eu creo que son necesarias dúas cousas.

En primeiro lugar, que a orde siga perfeccionándose e acercando recursos de conciliación alí onde as familias traballan, e por iso, a partir da convocatoria do ano 2019, tamén financiará a posta en marcha de escolas infantís en centros de traballo como poden ser as nosas confrarías de pescadores, cun peso específico importante e enorme en Galicia e nas poboacións costeiras galegas.

E, en segundo lugar, é necesaria tamén a implicación das entidades locais, que se comprometan coa conciliación, que lles faciliten a vida ás familias que traballan en polígonos industriais e en confrarías, e que poñan todo, todo da súa parte para que estes espazos poidan contar cada día con máis escolas infantís.

Señorías, para garantir o futuro de Galicia, é necesario que todas as familias conten coas facilidades necesarias para ter fillas e fillos. Ese é un obxectivo que nos debe congrega a todos, a todos os axentes sociais, dende as empresas, as entidades sen ánimo de lucro, a todas as administracións, a Administración autonómica, a Administración local e por suposto tamén



a nacional, e como non, señorías, tamén a implicación dos partidos políticos, de todos, porque a mellora da conciliación non entende de cores, de bandos nin de bancadas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a rolda de réplica, ten a palabra a señora Blanco Rodríguez.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señora conselleira, vostede comezou dicindo algo que dende o noso punto de vista é bastante grave: que pasou á historia que as mulleres queden na casa. Mire, eu non sei se é descoñecemento ou ideoloxía, pero o certo é que as mulleres en Galicia quedan na casa non soamente para coidar dos meniños e das meniñas senón que o fan tamén para coidar das persoas dependentes, dos nosos maiores, dos seus sogros, das súas sogras, dos seus avós e das súas avoas, (*Aplausos.*) e parece mentira que a conselleira de Política Social non coñeza esta realidade, cando máis do 90 % das coidadoras —esas ás que o Partido Socialista lles devolveu a cotización á Seguridade Social— son mulleres, señora conselleira.

Ben, orzamentos, vamos ver. Nos orzamentos de 2016 está prevista a creación de escolas infantís en: —isto vén na memoria do Consorcio, non o está inventando o PSdeG—: Mos, Paderne de Allariz, Santiago de Compostela, A Estrada. Nos orzamentos do ano 2017 está prevista a construción de novas escolas infantís en Mos, Paderne de Allariz, Santiago de Compostela, A Estrada. Nos orzamentos do ano 2018 está prevista a construción de escolas infantís en —ademais doutros sitios— Mos, Paderne de Allariz, Santiago de Compostela e A Estrada. Nos orzamentos do ano 2019 está pendente de construción a escola infantil de Paderne de Allariz, 520.000 euros.

Soamente lle vou poñer, porque non teño tempo, o exemplo desta escola infantil. Non hai nin unha pedra e está sen licitar e vostede vén aquí dicindo que o Goberno galego está facendo todo o esforzo posible para ampliar a rede de escolas infantís da Xunta de Galicia. Señora conselleira, por favor, ¡que o din vostedes mesmos, na memoria dos seus orzamentos todos os anos!

Ben, hai dúas novas este ano, a de Pontedeume e a de Redondela, no ano 2019, que se acumulan tamén, como lle dicía, coa de Paderne de Allariz. A este ritmo necesitarían máis de dez anos para cubrir a demanda que hai de prazas, porque mire, pasa todos os anos, todos os anos.

A Coruña: «el 60 % de las solicitudes de plaza en escuelas infantiles, en lista de espera». Ourense: «casi seiscientos niños de Ourense se han quedado sin plazas en guarderías públicas». Vilagarcía: «setenta niños de Vilagarcía se quedan sin hueco en las guarderías públicas». Santiago de Compostela: «las cuatro escuelas infantiles de la Xunta tienen 531 solicitudes en lista de espera». Pontevedra: «más de quinientos niños se quedan sin plaza en guarderías».



Claro, ¿como non van quedar sen praza se vostedes non están facendo ningún tipo de esforzo orzamentario para poñer en marcha as que faltan, aínda máis cando o propio presidente Feijóo dixo no ano 2017 que prometía que no próximo curso non haberá listas da garda nas garderías e resulta que o ano pasado houbo máis de catro mil? Señora conselleira, ¿como explica vostede esta situación?

Nós explicámolo dende o punto de vista da ideoloxía. Mire, en Andalucía, despois de máis de dez anos de conxelación dos prezos en escolas infantís públicas, resulta que agora os fillos e fillas desas familias con poucos recursos van ter que pagar pola praza en escola infantil, ao mesmo tempo que aprobaron que eses fillos desas trescentas grandes fortunas de Andalucía que herden máis dun millón de euros non van pagar impostos. Señora conselleira, iso é nin máis nin menos que ideoloxía, a ideoloxía vergonzante que non loita pola igualdade de oportunidades e que non loita pola xustiza social. É a súa ideoloxía. Porque mire, claro, iso pasa en Andalucía, ¡que casualidade!, igual que aconteceu en Galicia no ano 2015.

Pero a vostede, que veu aquí falar dos concellos, eu quérolle dicir que os concellos, primeiro, antes de nada, respecto do Concello de Vigo e do Porriño, eu estou convencida de que tanto vostede, como representante do Goberno galego, como o presidente da Xunta de Galicia, respectan o traballo dos empregados públicos, porque esas licenzas non se dan por obra e graza do Espírito Santo; danse unhas licenzas cun acto regrado. E é moi grave que vostede veña aquí criticar os funcionarios públicos de dous concellos, o de Vigo e o do Porriño. Iso, conselleira, é dunha extrema gravidade e espero que rectifique na súa segunda intervención.

Porque en Vigo, ademais —díxenllo antes—, é que resulta que os meniños e meniñas desta cidade pagan a metade que o resto dos galegos e galegas polas escolas infantís. É que resulta que o Concello está subvencionando o 82 % do custo. Resulta que en Vilagarcía a escola infantil —a última, a que se vai inaugurar proximamente— se construíu con fondos do Concello e da Deputación de Pontevedra, e o que aportou o Goberno galego foron cen mil euros para equipamento. Señora conselleira, ese é o seu esforzo e o esforzo que están facendo os concellos galegos.

Ben, nós imos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...—remato xa, presidente— pedir que aumente o investimento para a creación de prazas de xestión pública; que se garanta unha cobertura suficiente para a demanda; que se garanta a universalidade, para contribuír a eliminar esas desigualdades de xénero, a loita pola equidade...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...a mellorar a conciliación. Ímolo facer tamén a través do Goberno de España, e imos poñer en marcha coa maioría que estamos convencidos de que imos ter a partir do mes de maio...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Blanco. Xa rematou o seu turno.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...e esperamos daquela, aínda que vostedes se opoñan, que pouco ou nada importará.

Nada máis e moitas grazas, presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira de Política Social, a señora García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Señor presidente, señorías.

Señora Blanco, sería absurdo que eu subise a esta tribuna a dicirlle que xa está todo feito en materia de conciliación, que xa chegamos ao máximo das nosas posibilidades e que non nos queda nada por diante que facer. Demostraría falta de realismo pola miña parte. Pero considero que tampouco é moi defendible, coa mirada posta na realidade, soste que todo vai fatal, que estamos peor que nunca e que todo cambio será peor.

A historia recente de Galicia desmente este tipo de posicionamentos, porque hoxe hai máis prazas en escolas infantís que nunca —o dobre que o ano 2009—, porque hoxe é máis doado que nunca conciliar nas zonas rurais e porque hoxe as familias galegas dispoñen de máis apoios que nunca para poder construír o seu propio proxecto de vida. (*Aplausos.*)

Son consciente de que aínda queda moito por facer, e por iso na convocatoria deste ano da axuda para a creación de escolas infantís en contornas laborais, que é pola que eu hoxe estou sendo interpelada —ou debería estar sendo interpelada—, imos introducir importantes melloras. A principal —xa lla avancei antes—, de abrir a posibilidade de que, ademais das asociacións empresariais, tamén poidan pedir apoio da Xunta outras entidades como son as nosas confrarías de pescadores.

Pero hai máis novidades, coas que me gustaría avanzar hoxe e coas que espero poder responder a esta interpelación.

A convocatoria flexibilízase para abrir a posibilidade de poñer en marcha recursos máis pequenos. Ata agora exixíase un mínimo de tres unidades e corenta e unha prazas, e a partir deste ano, cando non exista a suficiente demanda, poderanse crear centros con menos prazas en aulas onde convivan nenos de diferentes idades, e a convocatoria adecúase mellor ao carácter rural da nosa terra de Galicia, para favorecer a súa chegada ás zonas menos poboadas.

Señora Blanco, vostede fala das persoas coidadoras. Por suposto, por suposto que eu coñezo ben a situación destas persoas coidadoras e das súas familias, e por iso lle acabamos de incrementar un 10 % da prestación que cobran, e xa a cobrarán no mes de abril, señora Blanco. (*Aplausos.*) Por suposto que nos preocupan as persoas coidadoras.



Mire, a Consellería de Política Social celebra os avances acadados coa implantación das escolas infantís nas contornas laborais, pero somos conscientes de todo o que queda por facer para acadar aínda a plena conciliación. E por iso é necesario contar coa participación activa das entidades empresariais e cos concellos, co fin de ofertar cada día ás nais e aos pais máis recursos que lles axuden á crianza dos seus fillos e de darlle todas as facilidades posibles a todo aquel que queira poñer en marcha unha escola infantil.

Asegúrolles que na Xunta de Galicia non van atopar atrancos, senón apoio e impulso, e por iso melloramos esta convocatoria de axudas, para que poida chegar cada día a máis centros de traballo.

Eu, de verdade, señora Blanco, que dende a Xunta de Galicia continuarei sempre traballando, continuaremos sempre dando pasos seguros nun futuro cada vez menos empedrado, ata que consigamos chegar á meta dunha sociedade mellor, e para iso é preciso que todos os axentes implicados traballemos, cóbado con cóbado e remando na mesma dirección, para acadar a plena conciliación.

Confío en que todos os grupos parlamentarios compartan as metas que nós nos marcamos, porque, señorías, o fomento da conciliación seguirá sendo un dos obxectivos principais e prioritarios da Xunta de Galicia e tamén, por suposto, da gran maioría dos galegos e das galegas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleira.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis trinta.

Grazas.

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e dous minutos da tarde e retómase ás catro e vinte e nove minutos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moi boas tardes.

Reiniciamos a sesión coa segunda das interpelacións.

Interpelación de D^a Paula Quinteiro Araújo e D. David Rodríguez Estévez, do G. P. de En Marea, sobre a política laboral da Xunta de Galicia en relación co dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Rodríguez Estévez. *(Murmurios.)*

Silencio, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Boa tarde.



Grazas, presidente.

Boa tarde, deputadas e deputados. Boa tarde, señor conselleiro.

Galicia volve arder, e faino en pleno inverno. Os datos acumulados indican que as primeiras semanas do ano son nas que menos incendios se rexistran no noso país, pero os últimos anos tamén indican unha tendencia que vai ao contrario, na liña das alertas lanzadas por distintas fontes de expertos e de expertas vinculadas ao cambio climático, que se engadirá a factores xa coñecidos, como pode ser a actual estrutura territorial de Galicia ou como pode ser o cambio climático ou a extensión do eucalipto.

A maioría das hectáreas ardidadas sitúase na provincia de Ourense, de Pontevedra, na zona do Barbanza. Este é o pano de fondo para que nos primeiros días do ano 2019 xa ardese nos montes galegos máis do que ardeu en superficie en todo o ano pasado, toda vez que a Consellería do Medio Rural mantén —tamén con vostede, o novo responsable da Consellería do Medio Rural— a política informativa baseada en non dar conta de todos os focos do lume.

A opacidade da información que o seu gabinete amosa sobre os incendios forestais contrasta cos datos e imaxes que, fundamentalmente a través das redes sociais, divulgan colectivos profesionais, como poden ser os propios bombeiros ou como poden ser os axentes forestais e medioambientais.

O propio presidente da Xunta admitía, hai hoxe quince días, que, para efectos prácticos, o seu Goberno continúa a aplicar as restricións informativas sobre os lumes —restricións que implantou el, o señor Núñez Feijóo, hai dez anos— e afirmaba así que durante o pasado 26 de marzo os efectivos contra os incendios tiveran que intervir en máis de trinta e nove lumes, pero a Xunta non informou nin da metade destes.

Lousame, Noia, As Pontes, A Mezquita, Viana do Bolo, Vilariño de Conso, Verín, Dodro, Fisterra, Folgoso do Courel, Rianxo, Cerdedo, Cotobade, A Gudiña... son algunhas das zonas afectadas outro ano máis pola incompetencia da Xunta en aportar solucións a esta lacra, a lacra dos incendios forestais. Certo é que existen delincuentes que poñen o misto, pero son vostedes, señores e señoras do Partido Popular, as que en moitos casos están a aportar o combustible para que isto ocorra.

No dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais conviven diversos actores, pero, á hora do ataque directo na primeira liña de lume, atópase o persoal que dirixe as tarefas, como son os axentes ou os técnicos fundamentalmente, e o persoal que se enfrenta ás lapas, que son as brigadas contratadas directamente pola Consellería do Medio Rural, do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, as brigadas contratadas a través da empresa pública Seaga, as brigadas contratadas polos concellos ou brigadas de empresas privadas.

Os axentes forestais, a Xunta de Galicia e os sindicatos maioritarios asinaron un acordo que puxo fin á mobilización e folga que os axentes medioambientais e forestais mantiñan dende



o pasado 25 de xullo do ano 2018. O documento foi asinado polos representantes sindicais e a conselleira de Medio Ambiente, a señora Ánxeles Vázquez; o conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez; e vostede mesmo, vostede e os departamentos que participaron na mesa de negociación aberta cos traballadores este verán.

Con todo, aínda quedan cousas pendentes, como son a creación desas trinta prazas para reforzar o Servizo, fronte ao roubo de competencias das forzas e corpos de seguridade do Estado. Lembremos a promesa de Feijóo nesta Cámara de reforzar con trinta prazas as brigadas de investigación, así como o cumprimento do acordo de axentes técnicos ambientais do grupo B. Aínda non pasou un ano e vostedes xa están a incumprir este acordo. Persoal de tres meses do Servizo Público de Defensa este ano parece ser que van traballar cinco meses. É imprescindible e necesario reforzar este dispositivo para poder atender e desenrolar as tarefas que a propia Lei do sistema nacional de protección civil encomenda.

No vindeiro pleno, en forma de moción, pediremos para este colectivo que proceda á modificación da actual RPT da Consellería no senso de que a duración do contrato do persoal de reforzo para a campaña do verán se incremente sobre os cinco meses actuais que van traballar este ano, sendo equiparados cos traballadores e traballadoras como mínimo como persoal fixo discontinuo, ampliándose a súa relación a un total de nove meses.

Non está de máis matizar que se trata dun colectivo que está afincado e que está espallado por toda a xeografía rural do país, está ubicado estratexicamente en canto á cobertura territorial se refire e coa plusvalía dun amplo coñecemento do territorio logo de máis de vinte e cinco anos de traballo.

As brigadas dos concellos están a realizar exactamente o mesmo traballo que as compañeiras do Servizo, pero están a cobrar moito menos. ¿Queren ter brigadas nos concellos? Pois fáganas, pero déanlles aos concellos o financiamento suficiente para que traballen nunhas condicións salariais dignas, como o resto de traballadores e de traballadoras públicas. E déanlles aos concellos financiamento para EPI, déanlle aos concellos financiamento para a formación adecuada para este colectivo, polo ben deles e polo ben dos nosos montes. E todo isto tamén o pediremos dentro de quince días na moción que rexistraremos esta semana.

¿Vaise producir unha revisión da xornada laboral destas traballadoras e traballadores dos concellos —temos que recordar que están duplicando tarefas de prevención e de extinción na mesma xornada, de doce horas—, co fin de adaptala para evitar riscos na súa seguridade?

E esta pregunta tamén a podemos traspolar aos traballadores e ás traballadoras de Seaga. Vostede comprometeuse a comprobar por que se está a demorar a publicación do decreto que regula a puntuación para dotar as prazas do Servizo de Extinción de Incendios. Representantes sindicais e empregados da compañía pública presentáronse nun acto ao que vostede asistía no edificio administrativo da Xunta en Pontevedra e no que participaba vostede para reclamarlle unha xuntanza, na que finalmente puideron expoñerlle a súa problemática. Xa anteriormente solicitaran por escrito á súa Consellería, á súa persoa, dúas veces esa reunión, tendo a calada por resposta.



A problemática vén derivada da non publicación da modificación do decreto que regula a puntuación para dotar esas prazas de reforzo para o Servizo de Extinción de Incendios no medio rural. ¿Vai recoñecer o tempo traballado en Seaga á hora de facer as listas? ¿En que termos se vai recoñecer ese tempo?

O comité de empresa vén de convocar unha manifestación para o día 24 de abril —manifestación que estará apoiada por En Marea—, na que demandan unha solución inmediata para estes quiñentos traballadores e traballadoras que van quedar posiblemente excluídos na próxima campaña de extinción.

E despois temos as medidas que Feijóo prometeu aquí despois da vaga de lumes: faixas de protección. ¿Estanse facendo? ¿Quen as está facendo? ¿Cantos concellos están adheridos? ¿Por que non todos están adheridos? Esta é unha medida estrela que, por certo, aínda non se está a executar, namentres que vostedes xa declararon a época de máximo risco o día 1 de abril, e están a descargar unha responsabilidade encima dos concellos, coñecendo a súa incapacidade material de recursos, económica e de persoal para facelo.

O presidente ía garantir aquí que todos os concellos, o cen por cento dos concellos de Galicia, tiveran brigadas de bombeiros forestais. Actualmente hai concellos que rechazaron adherirse a estes convenios polos problemas burocráticos e de xustificación que ten a subvención.

Outra medida: mando único para todos os servizos de emerxencias. É evidente que actualmente o Servizo de Extinción que temos no noso país está totalmente atomizado, porque sabemos que é imposible que exista un mando único que dea coordinado todo isto dun xeito adecuado.

Facilidades para actuar nas parcelas de titular descoñecido. Certo é que a Xunta intenta modificar o marco normativo para que estas fincas que actualmente constan con titular descoñecido se incorporen ao patrimonio de Agader e as inscriban no Rexistro da Propiedade. Non sabemos aínda como está todo avanzado e non sabemos se este mecanismo vai contar con todas as garantías xurídicas.

Incorporación cautelar ao Banco de Terras das parcelas con propietario descoñecido. Non sabemos moi ben como van poder levalo a cabo cando técnica e economicamente o Bantegal o ano pasado tivo un orzamento de noventa e catro mil euros para todo país e este ano case non se incrementou.

Incorporación cautelar ao Banco de Terras dos montes veciñais en man común ou de difícil xestión abandonados. Idéntica á anterior.

Terras abandonadas para polígonos agrarios. Descoñecemos como está de avanzada esta medida.

Participación dos grupos parlamentarios na relación do Plan forestal. Aquí seguimos esperando.

Impulsar os plans de ordenación dos dezanove distritos forestais. De momento aínda non se empezou.



Mellorar as zonas de pastoreo extensivo no sur de Galicia. Non se fixo.

Seguir avanzando na reestruturación parcelaria, especialmente impulsada por particulares. Leo textualmente o Informe da valedora do Pobo do ano 2017, onde, segundo as previsións anunciadas pola Xunta, se ían finalizar en catro anos cento trinta concentracións parcelarias e neste marco temporal destaca este informe que se entregaron once.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Plataforma tecnolóxica para coñecer o grao de protección de cada monte. Descoñécese.

Os equipos forestais de investigación para apoiar a Policía e a Garda Civil...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...nas pescudas sobre a orixe dos lumes volta ser unha recomendación que está no ditame pero que non está instaurada.

E, mentres tanto, pois segue a arder o monte.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Remato.

A súa Consellería segue improvisando, séguense dando paus de cego neste tema, no tema dos incendios forestais...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...e só podemos ver un fin último, que é...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Xa terminou o tempo.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...o de ir cosendo rotos e o de privatizar o Servizo Público de Prevención de Incendios Forestais...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten vostede outro turno despois.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...algo no que vostedes aquí son especialistas.

E deixamos o resto para o seguinte turno. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, o señor González Vázquez.



O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Boas tardes, señor presidente.

Señorías.

Lémbreme a miña primeira intervención, na que tamén pensaba que ía falar dunha cousa cando era parlamentario e tiven que acabar falando doutra, porque eu pensaba que hoxe a interpelación ía dos traballadores de Seaga, pero non hai problema. Pero polo medio meteu mecanismos de mobilización, se se van facer con todas as garantías xurídicas. Pregúntame un deputado de En Marea a un deputado do Partido Popular se se van facer con todas as garantías xurídicas, ¡home! (*Aplausos.*)

Participación dos grupos parlamentarios no Plan forestal de Galicia. Eu teño o compromiso de que volverá polo Parlamento, co cal volverá, non teña medo de que volverá polo Parlamento.

Plan de pastos en extensivo. Pero vostede, que vive cerca, ¿non se enterou das trescentas hectáreas de Cualedro? Son en extensivo para gandeiros locais, non para grandes empresas, para gandeiros locais, trescentas hectáreas, a través do Banco de Terras, postas en arrendamento —285—.

E dínos que non temos..., non sei como dixo, apagón informativo cos informes. ¡Home!, eu pediríalle que respecte o Partido Socialista, que hoxe me preguntou polo balance do primeiro trimestre, e voulle falar con datos de 585 incendios nun trimestre, que é unha auténtica barbaridade e que pon de manifesto o que levamos trasladando dende hai moito tempo: que, con independencia de que haxa dificultades no monte e nós teñamos que solucionarlas entre todos, o que hai é xente que prende a chama, e o 78 % deses incendios —con datos que darei despois e por respecto ao PSOE non dou todos agora— foron intencionados, sen ningunha dúbida, o 78 % de 585.

Por certo, o acto público en Pontevedra non era tal acto público, señor Rodríguez, senón que era unha reunión que está tendo o conselleiro —e vostede sábeo perfectamente— con todos os que forman parte do Servizo de Extinción de Incendios de Galicia.

E isto dáme pé para dicir, en primeiro lugar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —non, porque é sen prensa—, que nos dispositivos de prevención e extinción de incendios forestais é imprescindible —non cabe ningunha dúbida— a colaboración dun grandísimo equipo humano que forma a primeira liña de defensa contra o lume. E eu quero aquí, dende a miña posición como conselleiro, darlle as grazas a todo ese equipo humano que dende o primeiro momento loita contra o lume, todos e cada un deles. (*Aplausos.*) Aí non sobra ninguén.

E por dar contexto á situación e á interpelación, que fala de Seaga, eu entendo que este é un tema técnico —e, ademais, a estas horas da tarde—, pero gustaríame poñer un pouco en contexto a todos do que vimos falar hoxe. Despois, se quere, na réplica, pois a calquera outra cousa que queira falar do rural aproveitando esta interpelación tamén lle contesto, non teño problema nese ámbito.



Sabemos que no ano 2017 aquí houbo unha vaga de incendios moi importante, en outubro de 2017, que trouxo consigo unha reacción, e a reacción estase a implementar. En primeiro lugar, houbo trinta medidas aplicadas ou determinadas polo presidente, trinta medidas sobre as que xa vostedes preguntaron dabondo e xa se lles trasladou como se están a executar.

Eu destacaría algunha delas, pero, sen ningunha dúbida, todas tiveron bastante transcendencia no apoio a este servizo magnífico, excepcional, que temos en Galicia de prevención e extinción de incendios.

Pero, ademais, tamén fixemos outra cousa: unha comisión de estudo parlamentaria; unha comisión que tiña como reto ambicioso, pero entendiamos que imprescindible, abordar toda a problemática dos lumes en Galicia. E así o fixemos. Traballamos —vostede estivo nesa comisión— cun resultado, na miña opinión, excepcional. Tivemos moitas comparecencias, moitos informes e acadamos cento trinta e tres recomendacións, que foron aprobadas —e isto é importante— polas tres cuartas partes deste Parlamento. Eu espero entender algún día por que non foron as catro cuartas partes, non sei se por intereses doutro tipo, pero dende logo non polo interese de acabar con esta problemática dos lumes de Galicia.

Miren, unha das conclusións inequívocas que traía consigo esa comisión —e non o di este conselleiro, foron todos os que estiveron alí e todos o sabemos tamén— é que o Servizo de Extinción de Incendios, a súa configuración, ten ou require dun estudo en maior profundidade. E o que se fixo foi convocar un grupo de expertos —tamén llo traslado a todo o Parlamento, todos o sabemos— no que se designaron expertos por todos os grupos parlamentarios; é dicir, hai expertos designados polo Partido Popular, pero tamén polo Bloque Nacionalista Galego, por En Marea e polo Partido Socialista de Galicia. Eu penso que temos que respectar o traballo que se está a facer por ese grupo de expertos, eu sei que están facendo un traballo intenso. Quero desde aquí aproveitar para agradecerlle ese traballo e estamos á espera das súas aportacións.

Pero eu pedinlle tamén, cando se constituíu tamén o grupo de expertos, que se había algunha cuestión que se puidera implementar xa neste ano, que nola trasladaran, que, aínda que non tiveran o informe final, a podíamos acoller, e recordéillelo aínda nalgunha das sesións que tiveron ultimamente.

Pero, ao mesmo tempo, nós non podíamos quedar quietos. É certo que hai un grupo de expertos traballando, pero tiñamos que tomar determinacións. E miren —é certo, e esta é unha cuestión na que estamos todos de acordo—, as circunstancias climatolóxicas de hoxe non son as mesmas que has de hai anos. É certo tamén que probablemente se estea ampliando o período de máximo risco, e nós temos que facer unha reacción, non podemos esperar para tomar determinacións deste tipo ao grupo de expertos.

¿E que fixemos nós? Claro, porque é que son cuestións que estamos a facer e que estamos implementando. Eu recordaríalle que os cartos públicos son finitos, non infinitos; entón, as cuestións que se poden ir abordando hai que ilas facendo de acordo coas dispoñibilidades.

Miren, ata o ano 2018 tiñamos traballadores de doce meses, traballadores de nove meses, máis ou menos dúas mil persoas; e despois tiñamos 436 traballadores no Servizo de Extin-



ción de Incendios que traballaban tres meses ao ano. É así. Iso era o que coñeciamos como Servizo Público de Prevención e Extinción de Incendios de Galicia. E, a maiores, tiñamos moitas máis persoas traballando na problemática dos incendios. Tiñamos, ademais, 592 persoas traballando na entidade pública Seaga; tiñamos tamén algunha cuadrilla de Tragsa; temos, por suposto, as brigadas municipais, que terán que dicirnos o grupo de expertos tamén cal é a súa configuración definitiva —non é unha opinión de vostede ou do conselleiro, senón que é unha opinión desa xente que está a traballar—; temos tamén, por suposto, forzas e corpos de seguridade do Estado, que traballan arreo cos nosos axentes forestais na investigación; temos, por suposto, Protección Civil e temos bombeiros cando fai falta apoiar os lumes, sobre todo cando se decreta a situación 2; e temos —e faltoulle a vostede, xa me estrañou, señor Rodríguez— a UME; si, si, o Exército de vez en cando colabora cando é necesario, e eu agradézolle moito tamén a súa presenza nos incendios.

Volvendo aos traballadores do Servizo de Extinción de Incendios, mil, practicamente, en termos xerais, traballan un ano; ao redor de oitocentos-novecentos traballan nove meses; e os que traballaban tres meses tomamos a determinación de ampliarlles o tempo a seis meses. ¿E como facemos isto? Progresivamente en tres anos. No 2018 traballaron xa catro meses, neste 2019 van traballar cinco meses e no 2020 traballarán seis meses. ¿Por que non lles pregunta vostede a eses 436 traballadores que lles pareceu que o ano pasado os contrataramos un 25 % de tempo máis, señor Rodríguez? ¿Por que non llelo pregunta? Porque eles me trasladaron a min que están encantados e entenden que é a liña que temos que seguir. Entón, nós o que dicimos é que este ano está orzada a súa contratación para cinco meses e o ano que vén irán a seis meses.

Polo tanto, para que todos teñamos en conta, onde antes había traballadores de tres meses agora dobran en tres anos o seu tempo de traballo, porque nós entendemos que a problemática dos incendios e o período de máximo risco se estendeu, efectivamente, polas circunstancias climatolóxicas.

Pero, ademais, e respectando o traballo —repito, vouno repetir moitas veces— do grupo de expertos, nós queremos avanzar cara a un Servizo de Extinción de Incendios —fíxese ben no que vou dicir— público, único e versátil. Repito: público, único e versátil. A ver se hai algunha cousa que non lle pareza ben e mo di na réplica.

¿E que facemos entón? Nós dicimos —vamos ver—: fóra da situación 2 —que cando se decreta a situación 2 é que se poñen en perigo as aldeas—, normalmente os que está traballando na extinción é o Servizo Público de Extinción de Incendios e as entidades instrumentais, Seaga e Tragsa. E nós entendemos que, dentro da evolución que debía ter o Servizo cara a un servizo público, único e versátil, o que debiamos facer é incorporar traballadores a ese servizo. ¿Que é o que facemos nós entón? Orzamos. Onde antes se recollía unha encomenda —eu entendo que todo isto é farragoso, a min supónme certamente unha certa dificultade de comprendelo tamén, porque son cuestións administrativas, pero como conselleiro teño que vivilas— nós o que fixemos foi quitar a encomenda que se facía para o Servizo de Extinción e levalo ao capítulo I. Todos vostedes saben que o capítulo I está utilizado, se utiliza para dotar o persoal da Xunta. Polo tanto, o que imos facer é sacar da encomenda das entidades instrumentais e levar a capítulo I ese persoal. Polo tanto, esta-



mos incrementando o Servizo e estámolo facendo público e estámolo facendo, como vos tedes nos pedían tamén entre outros, único, porque entendemos que iso é bo para o Servizo.

Datos, e contestando á súa interpelación. O primeiro que teño que dicir é que o venres pasado —e consulten cos sindicatos, que penso que vostedes teñen boa relación con case todos— presentouse pola Consellería do Medio Rural a RPT (relación de postos de traballo) con 548 prazas novas do Servizo Público de Extinción de Incendios, señor Rodríguez. Esa é a tramitación administrativa. Eu non podo dicir que creo unhas prazas sen dotalas orzamentariamente e facer a relación de postos de traballo. Polo tanto, os sindicatos saben que está dotado orzamentariamente e vostedes tamén o viron no debate presupostario, e, ademais, a maiores, xa está a relación de postos de traballo.

A seguinte cuestión é: ¿quen vai entrar no Servizo con esas 548 prazas? O persoal máis cualificado e con maior experiencia. Polo tanto, nós, evidentemente, valoraremos esa cualificación e esa experiencia. Pero isto non llo digo eu así aquí sen documentos. Hai un borrador, hai un decreto, un proxecto de decreto...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): ... —si, remato, señor presidente— que xa foi presentado na Comisión Superior de Persoal, 1/2019 —seguro que debería coñecelo a través dos sindicatos, porque xa foi presentado—, que di no seu artigo 9 bis que se vai valorar para a incorporación ao Servizo por cada mes completo de servizos, efectivamente, prestados en entidades instrumentais do sector público autonómico na mesma categoría, categorías análogas ou asimilables...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): ...0,15 puntos, ata un máximo de 20 puntos.

Polo tanto, señor Rodríguez, respondida a súa interpelación.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): E, efectivamente, váiselle valorar a experiencia a todo aquel que teña experiencia na extinción de incendios.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Na rolda de réplica ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.



Ben, penso que de garantía xurídica vostedes poden presumir tamén pouco, jeh! Ademais, eu creo que cos casos que están saltando por todos os lados a todas as horas hai que ter pouca vergoña para vir aquí falar vostedes de garantías xurídicas. (*Murmurios.*)

Mire, sobre as loas que vostede lle fai ao Servizo Público de Defensa contra os Incendios Forestais, eu penso que xa é hora de que deixe de pelotear cos compañeiros e compañeiras que traballan no lume, e, se quere darlles as grazas polo seu esforzo e pola súa profesionalidade, unifique dunha vez o Servizo cunhas condicións laborais dignas e déixese de tanta loa ao Servizo Público. Porque nesta relación de medios que vostede nos deu faltoulle a relación das empresas privadas que traballan nas bases públicas da Xunta. ¿Olvídouse ou fíxoo adrede e escondeu ese tema? Entendo que tamén entón o vai volver facer público, ¿non? Como está a base de Marroxo, como está a base de Campiño, como está a base de Vilamaior, as tres únicas que son públicas; temos máis de once bases agora mesmo privatizadas con compañías amigas.

Falou vostede do grupo de expertos: están a traballar arreo, están facendo un labor moi grande... Tamén hai que dicilo todo: teñen o atranco da súa Consellería. E voullo dicir agora. Dende que empezou ese grupo de expertos, meses despois de que se constituíra ese grupo, están esperando por documentación vital que vostedes non lle dan entregado.

Rozas realizadas pola Administración, datos non facilitados pola Consellería do Medio Rural. Silvicultura preventiva, datos non facilitados pola Consellería do Medio Rural. Datos sobre os labores de policía forestal realizados polos axentes forestais en relación coa Lei de incendios, especialmente nas faixas de protección de núcleos, datos non facilitados pola Consellería do Medio Rural. Convenios en vigor con colectivos de risco (cazadores, pastoreo e gandería extensiva), datos non facilitados pola Consellería do Medio Rural. Cumprimento da normativa relacionada coa faixa de protección e xestión de biomasa e cumprimento da normativa polos titulares de estradas, autoestradas, ferrocarril, rede eléctrica e telefónica, datos non facilitados pola Consellería do Medio Rural. Cumprimento da normativa polos propietarios de núcleos situados a menos de catrocentos metros do monte e instalacións singulares, datos non facilitados pola Consellería do Medio Rural. Número de convenios coas entidades municipais para a xestión de biomasa e a súa evolución nos últimos dez anos, datos non facilitados pola Consellería do Medio Rural. Actividade sancionadora das administracións municipais e autonómica e tipoloxía estatística, datos non facilitados pola Consellería do Medio Rural. Actividades de prevención realizadas pola Administración forestal, distribución territorial e evolución nos últimos dez anos, medidas divulgativas e educativas, número, tipoloxía, distribución territorial do número de accións de sensibilización, divulgación, formación preventiva coa poboación nos últimos dez anos, así como porcentaxes totais sobre a poboación total, datos non facilitados pola Consellería do Medio Rural. Plans de prevención, número de plans de prevención municipal e de distrito existentes e a súa distribución, ano da súa elaboración e aplicación actual dos mesmos, datos non facilitados pola Consellería do Medio Rural.

Mire, o pasado 2 de abril houbo un lume no concello de Verín, na parroquia de Vilamaior, na aldea de Vilamaior. Voulle contar cronoloxicamente como foi este lume, sobre todo no que atinxe á falta de medios e, sobre todo, no que atinxe á falta de motobombas neste distrito. Os datos pódellos pedir ao xefe de distrito, do distrito 14.



O lume comezou ás 15.39 nas inmediacións da base de helicópteros de Vilamaior, detectouno unha brigada da Xunta que ía camiño do seu punto de encontro. No momento de plantar xa empezou a tirar con moita velocidade e moita virulencia. A brigada do helicóptero saíu por terra en todo terreo e o helicóptero saíu co helibalde. A brigada que o detectou desprazouse cara ao lume, así como a única motobomba dispoñible na comarca de Verín —na comarca, non no distrito— nese momento, e cinco axentes forestais. Solicitouse tamén a brigada que estaba na Gudiña e a segunda motobomba dispoñible no distrito que estaba na Gudiña. Chegou ao incendio ás 16.25, que son corenta e catro minutos despois de comezar o incendio, e deixando a todo o distrito sen ningunha motobomba, en época de máximo risco —decretárono vostedes o día 1 de abril—. Solicitáronse motobombas doutros distritos; do distrito 15 chegou ás 16.50, unha hora e vinte despois; a do distrito 12, de Ourense, chegou ás 18.25. A maior parte do incendio apagouse con medios aéreos e con batelumes, porque non había motobombas, e aínda así conseguiuse, nunhas condicións meteorolóxicas moi adversas, que só arderan sesenta e cinco hectáreas.

O tema das motobombas no distrito de Verín, por poñer un exemplo, é: agora mesmo hai dous condutores de baixa —unha baixa vai ser de longa duración— e outro de excedencia; estas tres prazas están sen cubrir; e así todo o tempo.

O outro día o señor Blanco Paradelo falou aquí dun número de medios que estaban actuando...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...no lume de Dodro e de Rianxo. Efectivamente, había brigadas da Xunta que estaban a traballar. Consultados coas brigadas, estaba o 62 % do persoal traballando nesas brigadas; o 38 %...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...que tiñan que estar traballando nese momento estaban de descanso, estaban de baixa...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...estaban de vacacións e o persoal estaba sen cubrir.

E ese é o servizo público que vostedes defenden.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para turno de réplica, por parte da Consellería, ten a palabra o señor González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.



Moitas grazas, señorías.

Mire, señor Rodríguez, eu en primeiro lugar agradeceríalle que non personalizara directamente en min. Agradézollo, porque vostedes teñen a pel moi fina e nós se dicimos algo é tremendo, e entón agradeceríalle que non personalizáramos, pero se temos que xogar a personalizar, mire, ¿vostede dáse conta co seu discurso —vostede forma parte dese servizo— de como o está poñendo? Eu podo sacar datos oficiais. Vostede fálame de corenta e cinco minutos e eu volvo dicir, por respecto ao portavoz do PSOE —e, por certo, despois deixareille a información oficial ao presidente para que a reparta aos grupos parlamentarios—: non podo dar todos os datos do balance, que podería estar agora aquí contándoos.

¿Quere saber o tempo medio da reacción dun excepcional Servizo de Extinción de Incendios que temos en Galicia no primeiro trimestre do ano 2019? Vinte e un minutos, vinte e un. É dicir, en calquera dos 585 incendios que houbo no primeiro trimestre en Galicia chegamos, dende que se avisou, en vinte e un minutos de media.

¿Ese é un servizo horroroso que está desmantelado e que non funciona? ¿Esa é a súa visión, señor Rodríguez? Vaia preguntar fóra de Galicia se o tempo de resposta de vinte e un minutos é bo ou malo. Por certo, o ano pasado foi moito mellor aínda, e estamos a falar dunha época na que aínda non fixemos o despregamento do servizo completo, co cal, baixa. O noso obxectivo —e vostede sábeo porque le o Pladiga— é baixar dos vinte minutos. Chegamos a calquera parte de Galicia con medios aéreos ou terrestres en menos de vinte minutos. (*Aplausos.*) E eu non estou presumindo como Partido Popular, ¿sabe como presumo eu? ¡Caramba! Seguro que eses vinte minutos... ¿Sabe como presumo, señor Rodríguez? Como galego, porque me sinto orgulloso como galego dese servizo. Non estou falando de partidos. Ademais, penso que esta debería ser unha cuestión que deberíamos abordar algún día e empezar a pensar que é unha cuestión que nos afecta a todos.

Falaba tamén dos medios de Rianxo, señor Rodríguez. Os datos que deu o señor Blanco Paradelo o outro día refórzollos eu: 615 efectivos. Pero mire unha cousa, vostede estivo alí e estivo tamén o seu portavoz. ¿Onde estiveron vostedes? Nunha cousa que se chama PMA, posto de mando avanzado. ¿A que tiveron ocasión de ver como funciona e como se coordinaba? ¿Cal foi a súa reflexión naquel momento?, ¿cal foi? ¡Magnífica coordinación! E agora veñen aquí porque temos que facer o plantexamento de que isto é un desastre. ¡Home!, señor Rodríguez, eu estiven media hora falando con vostedes, estivemos vendo o incendio, estábamos cerca das lapas, estivemos vendo como se traballaba. ¿Por que non saen a dicir que aquilo é un traballo excepcional, que estamos todos orgullosos no noso servizo? Dinme a min que lle fago a pelota ao servizo.

Mire, primeiro, o servizo son moita máis xente que vostede só e que todo o seu grupo parlamentario. Son case tres mil persoas que tamén falan nas redes sociais. E ¿sabe o que din? Que lles gusta que este conselleiro fale deles e os poña en valor. Eu non lles estou facendo a pelota, ¡non teñen ningunha necesidade! Eu estou defendendo os meus traballadores, señor Rodríguez, (*Aplausos.*) estouno defendendo. ¡Home, é que vamos!

¿Non ve? Xa estamos coa pel fina: os meus traballadores. Pero é que resulta —e aclárollo— que como eu quero facer un servizo público, único e versátil, ese servizo depende da Conse-



llería do Medio Rural da que eu son conselleiro. Polo tanto, ¡permítame a licenza de dicir que son os meus traballadores, caramba! Permítame a licenza (*Aplausos.*), señor Rodríguez.

Seguro que eles non se senten enfadados porque eu diga que son os traballadores da miña consellería. E eu o único que digo é que estou tremendamente orgulloso do servizo de extinción de incendios. Xa o estaba antes, e agora que coñezo os datos, que os pido e os podo poñer encima da mesa, estou excepcionalmente satisfeito do seu labor. E podo asegurar que todo o que poida defender ese servizo, e sacalo adiante, vouno facer, sen ningunha dúbida.

O mellor exemplo é que contestando a súa interpelación en relación coa xente de Seaga, que penso que viñamos falar aquí deles... Por certo, teñen unha preocupación e é importante que se lles fale. Eu téñolle que dicir claramente o seguinte. Primeiro. As brigadas que traballaban a través de encomendas de xestión, con entidades instrumentais, este ano non están no orzamento. Capítulo VI. No capítulo I hai 6 millóns de euros dotados para persoal propio, persoal laboral. Polo tanto, este ano, ademais dos 436 que había ata o momento en catro meses e este ano en cinco meses, vanse contratar outros 548. E téñolle que dicir tamén que o decreto que regula a apertura das listas —que está en fase de borrador e eu espero que se aprobe canto antes— recolle claramente a puntuación para que nese servizo público, único e versátil que nós queremos, entre a xente que teña a maior experiencia e cualificación posíbel na loita contra os incendios.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Interpelación de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en materia de mellora da atención primaria

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde a todos e a todas.

Moi boa tarde, señor conselleiro.

Eu o primeiro que lle quero preguntar hoxe é que pasou. Quero preguntarlle que pasou para que pasaran vostedes de afirmar e volver afirmar que non había ningún problema na sanidade pública de Galiza, que non había absolutamente ningún problema en atención primaria, a ter que rectificar e aceptar un marco de diálogo para solucionar os problemas da atención primaria. Gustaríame que me dixera se é que vostede caeu do cabalo camiño de Damasco ou máis ben é o medo ás repercusións electorais da situación que teñen vostedes na sanidade pública.

Eu advertinlle, na anterior interpelación que lle fixen, que era bo que vostede rectificase a tempo antes de ter que facelo pola vía dos feitos, como ían ter que facelo, e sería bo que non agardaran tanto.



Despois de negar durante nove anos que non había ningún problema, despois de nove anos recortando nos cadros de persoal, nove anos degradando a sanidade pública, a verdade é que é ben triste que teña que convocarse unha folga en atención primaria, a primeira folga que se convocara para o conxunto da atención primaria —para facultativos, para enfermería, para TCAE, para persoal administrativo, para celadores— para que se deran conta de que era preciso dialogar, negociar, cuestión que tiñan que estar facendo, dende logo, xa había tempo.

De verdade, dígollo absolutamente de verdade, agardo que esa boa fe que teñen demostrado os traballadores e traballadoras desconvocando a folga non a estraguen. Dígollo de verdade. Agardo que sexa quen de coller ese guante, esa luva, de boa fe e non estragar esa vontade e esa confianza que lle deron, porque, dende logo, vostede supoño que ten claro que non é un cheque en branco.

Por iso eu hoxe, despois de preguntarlle que pasou, quero preguntarlle cal é o seu compromiso real con este acordo. Ata onde chega, ata onde vai chegar, para mellorar toda a situación da atención primaria. Porque nin vostede nin o xerente do Sergas tiveron a ben acudir á reunión de negociación desa primeira folga convocada na atención primaria, deixárono exclusivamente en mans da directora xeral de Recursos Humanos. E teño que dicirlle que, para sorpresa da maioría deses profesionais que de boa fe asinaron a desconvocatoria para empezar a dialogar, aínda ben non se recolleran os papeis da sinatura do acordo —díxeno onte aquí, neste Parlamento—, coa tinta aínda fresca de asinar o acordo, e xa vimos desmarque do presidente da Xunta, desmarque do xerente do Sergas, desmarque do voceiro de sanidade do Grupo Parlamentario do Partido Popular... queda vostede, queda por saber cal é a súa posición. O acordo asinouse a última hora da mañá do luns, e onte martes o presidente da Xunta, despois de recoñecer que se equivocaron na planificación de médicos e demais, é dicir, todo aquilo que levamos anos dicindo que había que facer e non o quixeron facer, agora recoñecen unha equivocación pero di que non hai ningún compromiso de incremento orzamentario, cando vostede sabe perfectamente que unha das cuestións fundamentais polo que se convocaba a folga era porque se necesitaban e porque se demandan por parte dos profesionais máis recursos para atención primaria.

Chegar no prazo de catro anos —poñía na súa táboa reivindicativa— até o 25 %, e topámonos con que xa onte o presidente da Xunta di que no acordo non hai compromiso de incremento orzamentario. Ante outra das demandas fundamentais para esa convocatoria de folga, que é a necesidade, a demanda, de que se recuperen as xerencias de Atención Primaria con capacidade resolutive, de execución, orzamentaria, é dicir, unha estrutura administrativa totalmente diferenciada, individualizada, autónoma das xerencias hospitalarias, e incluso a eliminación das EOXI, encontrámonos con que o xerente do Sergas di que no que hai que volcarse é en mellorar a coordinación e nos sistemas que poidan facer que os pacientes non noten a diferenza, mais non considera que a diferenciación sexa algo importante.

E logo xa a bordou o voceiro de sanidade do Partido Popular, aquí, neste Parlamento, chamándolle telderete a todos os colectivos, a todos os profesionais que convocaron a folga, nun desprezo, dende logo, e nunha descualificación, dando unha clara imaxe de cal é o nivel



e cal é a consideración para con eses profesionais, que —insisto— actuaron de boa fe, dándolle un voto de confianza.

Polo tanto, insisto, presidente da Xunta, xerente do Sergas, voceiro de sanidade do Grupo Parlamentario do Partido Popular, sinceramente estamos bastante expectantes por coñecer o nivel de vinculación do máximo responsable da sanidade, do conselleiro. Porque ademais de todo isto que acabo de dicir, onte o BNG e os outros dous grupos da oposición trouxemos iniciativas a este Parlamento na dirección do cambio de rumbo que se está a demandar de dotación orzamentaria, de dimensionamento e estabilidade dos cadros de persoal, de contratos estables e dignos, dun plan de mellora para a Atención Primaria cun aumento orzamentario de cara a ese horizonte do 25 %, de recuperación das xerencias de Atención Primaria, de atender as demandas do persoal dos PAC, je o Partido Popular votou que non a todo! Co cal, a verdade é que estamos un pouco caídos na incerteza de canto vale para o Partido Popular e para a Consellería de Sanidade un acordo asinado cun comité de folga que representaba a miles de traballadores que traballan no Sergas.

Por iso, señor conselleiro, eu insístolle que nos diga se vostede se vincula a ese acordo. Acordo que quero lembrarlle que esa folga estaba convocada demandando orzamento, dicindo que o orzamento non serve para atender as necesidades dun servizo de calidade, e nese horizonte do 25 %, no que demandaban capacidade e planificación, é dicir, esa recuperación das xerencias de Atención Primaria para poder planificar e xestionar os orzamentos desde esa autonomía. Máis persoal, unha cuestión fundamental. Porque o factor tempo é o que máis necesitan, tempo para dedicárllelo aos doentes, para iso necesitanse máis profesionais, para que non teñan que ter unha sobrecarga asistencial brutal, acabar coa precariedade laboral e darlle solución aos problemas dos PAC. É dicir, queren mais tempo, máis persoal para todas as categorías e rematar coa precariedade. Así, resumindo.

Dos días despois de asinado ese acordo, vostede está aquí, en sede parlamentaria, onde está prohibido mentir —supoño que queda un pouco feo—, onde temos a obrigaón de non caer nesa tentación, e por iso o BNG, ao igual que miles de traballadores e traballadoras, queren coñecer cal é o nivel de cumprimento, a que velocidade, con que orzamento, en que orzamento está traballando a Consellería para atender estas propostas. Porque é evidente que sen recursos non é posible atender as demandas todas que se lles están a facer.

Eu agardo que vostede non xogue ao escapismo como fai habitualmente. A ese escapismo de vir aquí, coa súa folla de datos de tantas consultas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...porque estamos falando de cousas serias.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: Estamos falando de compromisos, estamos falando —insisto— de miles de persoas que confiaron en que vostedes, por unha vez, igual son capaces de cumprir. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente.

Señores deputados.

Sen acritude, señora Prado, por facer referencia ao último que falou. Se mentimos ou non mentimos, se cumprimos ou non cumprimos, creo que iso se referenda cada catro anos, e parece ser que o Partido Popular debe cumprir bastante ben en Galicia, por iso sempre o votan. *(Aplausos.)*

O pasado 12 de marzo comparecín neste Parlamento para informar sobre as propostas elaboradas para dar resposta ás necesidades actuais de atención primaria e sobre como desenvolvemos o proceso participativo de elaboración destas propostas. Nesa comparación, fixen primeiro unha análise da situación, aportando datos, porque para poder avanzar no deseño deste modelo faise imprescindible coñecer ben a realidade e contar coa información adecuada.

¿Cales son as causas da situación en atención primaria? Pois mire, non hai dúbida de que dispoñemos dunha atención primaria excelente, accesible e resolutiva, dotada de profesionais competentes, non exenta, evidentemente, de dificultades, e desde logo —como dicía o conselleiro do Medio Rural—, tamén nos sentimos orgullosos dos profesionais que traballan durante todo o ano para manter este nivel de calidade.

As dificultades veñen de tensións derivadas fundamentalmente, para min, de dúas causas: unha, a ausencia de persoal substituto en atención primaria, nomeadamente médicos de familia e pediatras; e segundo, un viraxe sociodemográfico cara á cronicidade e á pluripatoloxía da cidadanía galega.

Dende o Servizo Galego de Saúde téñense tomado importantes medidas de mellora dende hai anos. Non estou de acordo —como dicía vostede— con que nós negabamos que había dificultades e que non tomabamos medidas. Levamos anos tomando medidas, a diferenza de outras comunidades autónomas e do ministerio. OPE anuais, prolongación da idade de xubilación, concurso aberto e permanente, carreira profesional, contrato de continuidade, creación de especialidades de enfermería, e todo isto con acordos a nivel de profesionais e tamén a nivel sindical.

Pero despois de todas estas medidas —como digo—, moi importantes, a última a creación do contrato de continuidade, temos que ir máis aló, por iso en decembro iniciamos un proceso, o máis participativo e transparente en atención primaria, que non conta con antecedentes na nosa comunidade, pero tampouco en ningunha outra comunidade, porque as medidas a adoptar pasan inescusablemente pola participación de todos, de administracións públicas, dos profesionais e da cidadanía, porque todos somos responsables de manter o que tanto tempo nos levou construír. Impónse o diálogo e as decisións compartidas.



É por isto que creamos os grupos de mellora, coa colaboración de todas as categorías profesionais de atención primaria —ese grande equipo que temos na atención primaria—, para desenvolver propostas para o novo modelo de atención primaria que se presentou aos profesionais o 20 de febreiro. En mes e medio practicamente tiñamos o primeiro borrador; un borrador xa con moitas medidas e seis liñas estratéxicas.

Polo tanto, señora deputada, levamos tempo traballando en medidas de mellora que permitan que o modelo de atención primaria evolucione e dea resposta ás necesidades dos nosos cidadáns, medidas que incluso outras comunidades autónomas queren copiar.

A atención primaria non está en situación de emerxencia, os datos e as cifras así o atestiguan. No ano 2018 solicitáronse 26,6 millóns de consultas en atención primaria en Galicia. Destas, 14 millóns corresponden a médicos de familia; 1,7 millóns a pediatría; 9 millóns a enfermería; e as restantes por parte de matronas, odontoloxía, hixiene bucodental, farmacia e traballo social. Como dicía antes, un grande equipo multidisciplinar.

Galicia é a sexta comunidade autónoma de España con menos tarxetas por médico de familia. No ano 2008 a media era de 1.347, e no 2017 —porque son os últimos datos do ministerio— 1.275, por debaixo da media do Sistema Nacional de Saúde. Tamén en Enfermería estamos por debaixo da media, neste momento 1.487, cando no Sistema Nacional de Saúde está en 1.547. Por certo, hoxe, dentro do documento que quere aprobar o ministerio como un decretazo máis dos venres sociais, aparece que queren baixar por debaixo de 1.500 no 2022. Creo que é significativo este obxectivo a longo prazo que en Galicia estamos superando desde hai tempo.

Nos últimos anos fixemos un importante esforzo na asignación orzamentaria no que respecta a recursos humanos. Quero destacar que actualmente contamos co maior orzamento destinado ao persoal dentro da atención primaria. No ano 2008, por exemplo, o capítulo I de atención primaria era de 415 millóns de euros, e no ano 2019, neste presuposto xa aprobado, é de 462 millóns, 47 máis que no 2008.

Cando vostede fala do orzamento de atención primaria, está incluíndo o capítulo adicado a farmacia e receitas, que, efectivamente, mostrou un descenso acumulado moi importante desde o ano 2009, grazas a medidas de racionalización e xestión deste Goberno que vostedes non apoiaron. E nos últimos dous anos voltou a subir.

Ademais, o Bipartito tamén contaba como orzamento para atención primaria o fondo de continxencia, que agora está fóra dos orzamentos de atención primaria e atención hospitalaria, é un fondo aparte.

Galicia conta con 469 centros de saúde e 90 puntos de atención continuada —PAC—. No período do 2009 ao 2018 puxemos en funcionamento 36 novos centros de saúde, cun investimento de 60 millóns de euros; reformamos ou ampliamos 13 centros de saúde, cun investimento de 6,8 millóns; e, como digo, reformamos a través de convenios cos concellos un total de 20 centros de saúde, cun investimento de 1 millón. Nestes momentos temos 9 centros de saúde en execución, 1 en fase de licitación, 5 en preparación de licitación e 9 en fase previa á redacción do proxecto.



¿E como está a calidade percibida polo cidadán? Pois, evidentemente, é unha cualificación alta. O Barómetro sanitario valora a atención primaria en Galicia con 7,47 puntos sobre 10, cando no Sistema Nacional de Saúde é de 7,31, sendo especialmente apreciadas a confianza e a seguridade que transmite o persoal médico, 7,70. Os datos deste barómetro tamén reflicten que a poboación en Galicia puntúa nun 7,6 os coidados e atencións recibidas polos médicos de atención primaria.

Podemos destacar que as persoas que acudiron a un centro de atención primaria do Servizo Galego de Saúde manifestan nun 88,10 % unha valoración moi positiva, boa ou moi boa. O 67 % dos pacientes foron atendidos no mesmo día ou o seguinte, e só o 47 % no Sistema Nacional de Saúde. En Galicia a espera é de 2,6 días para ser atendido, mentres que en España é de máis de 4. Polo tanto, o modelo organizativo de atención primaria é un modelo de éxito, ao ter experimentado melloras espectaculares tanto na capacidade diagnóstica como na capacidade de resolución. Non podemos esquecer que a esperanza de vida en Galicia é das máis altas do mundo.

Como xa dixemos, Galicia, para seguir na vangarda, dá un paso adiante e tomamos medidas para evolucionar neste modelo. Ao igual que na construción do Sistema Nacional de Saúde, as medidas a adoptar pasan inescusablemente —como dicía— pola participación de todos.

As propostas de mellora establecen distintas liñas de actuación en atención primaria. A consellería vai realizar un importante esforzo en incrementar os recursos humanos, sumado ao que xa levamos realizado. O aumento de prazas debe de contribuír a que os profesionais teñan máis tempo para dedicar aos pacientes, pero esta non era a única medida contemplada, hai outras salientables, como a reordenación do traballo dentro dos equipos de atención primaria, os novos roles. Os equipos están compostos por distintas categorías, e o traballo debe de ser asumido en función das competencias e en función de cada un deles, o equipo de cabeceira.

Estas iniciativas van na liña de crear unha filosofía de traballo en equipo que permita redistribuír a actividade asistencial. Nós estamos en contra de negar a asistencia aos cidadáns, e si por a accesibilidade total, porque debe ser un dos piares da atención primaria. Xunto a isto, as campañas de información á poboación no uso de recursos sanitarios e intervención comunitaria reforzarán a figura do paciente e mellorarán o uso dos recursos sanitarios. Tamén as novas tecnoloxías, plataforma de saúde, o Conecta 72, a consulta telefónica, todo emgadido á excelente calidade asistencial dos nosos profesionais.

Tamén debemos mellorar a relación entre a atención primaria e hospitalaria, unha relación bidireccional que faga que as necesidades de probas ou consultas ao especialistas sexan tramitadas no menor tempo posible. A atención centrada no paciente precisa dun traballo moi coordinado entre profesionais.

Estas son as liñas xerais do Plan galego de Atención Primaria, integrado por medidas de mellora propostas polos profesionais que traballan no día a día nos centros de saúde. Un plan que mostra a implicación e o empeño do Goberno de Galicia na mellora da atención primaria no menor tempo posible. Un plan con propostas concretas a curto, medio e longo prazo, cos seus indicadores para poder facer un seguimento e avaliar os resultados.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Unha proposta que conta co apoio dos colectivos que participaron nos grupos de traballo, complementado co acordo co Consello Galego de Colexios Médicos e Sociedades Científicas de Atención Primaria.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleiro.

Para o turno de réplica, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Bueno, señor Almuíña, supoño que fará vostede o de sempre, na segunda quenda igual di algo, igual di algo, ¿non?

Do que vostede contestou, despréndese que igual hai que agardar a ver se vostedes cumpren ou non cumpren ás seguintes eleccións, co cal eu, sinceramente...

Fíxenlle unha pregunta moi concreta, vou volverlla facer e agardo que vostede sexa quen de contestar, e é cal é o nivel de vinculación do conselleiro de Sanidade, como máximo responsable da sanidade pública de Galiza, co acordo, toda vez que non tivo a ben ir negociar directamente cos convocantes da folga; en que medida se vincula a ese acordo. E tamén se está de acordo co manifestado polo presidente da Xunta en canto que non vai haber aumento orzamentario, co xerente do Sergas en canto que non é necesaria a recuperación das xerencias de atención primaria con capacidade resolutiva, organizativa, e orzamentaria, e incluso co voceiro do Partido Popular, cualificando a todo ese colectivo de traballadores e traballadoras, que vostede saca peito defendendo, pero que logo os seus representantes —que son os seus representantes— aquí se cualifican de tenderete.

Entón, a min gustaríame que vostede contestara se se vincula e está de acordo. Son, xunto con vostede, os máximos representantes en cuestión de sanidade. Entón, se vostede non contesta, a conclusión á que teño que chegar é que está de acordo, que está de acordo co que dixeron e que, polo tanto, deixan en papel mollado ese acordo.

Logo, a segunda cuestión que dixo vostede é que o modelo organizativo da Atención Primaria é un modelo de éxito, cando lle están dicindo que non, cando lle están dicindo que o que hai é que introducir modificacións de calado para arreglar o profundísimo dano causado polas medidas do Partido Popular.

Hai 2.000 millóns de euros menos, non todo en farmacia, señor conselleiro, vostede sabe que non. Vostede sabe que en atención primaria son máis de mil profesionais menos dende o ano 2009. Sábeo perfectamente. O outro día o xerente do Sergas xa dixo como computan eses datos vostedes: computan por contratos, non por persoal real. Porque se tiveran a decencia de que houbera claridade en cales son os profesionais reais, non teríamos que estar con este desmentido continuo dos seus datos.



Infraestruturas abandonadas, traballadores e traballadoras menos, menos orzamento, e todo iso dá como consecuencia a situación da atención primaria.

Logo, vostede dixo que ían facer cousas como novos roles dos profesionais, redistribución... É dicir, que pretenden que haxa profesionais que fagan labores que non lles corresponden e que teñen que facer outros profesionais que están sobrecargados porque hai poucos profesionais. Campañas de información e máis tecnoloxía. Todo aquilo que xa lle dixeron que ese non é o problema, que o problema é máis orzamento fundamentalmente, máis profesionais, e capacidade de tomar as decisións para non estar supeditados ás estratexias da atención hospitalaria.

Lévanlle dito por activa, por pasiva e por mediopensionista que eses son os problemas, e vostede insiste aquí en que o modelo é de éxito, co cal haberá que tomar boa nota.

E unha sanidade pública de éxito con titulares como este: que Galicia é o territorio do Estado onde máis aumenta a partida para concertos coa sanidade privada. É certo, dito pola propia sanidade privada. Onde nos vindeiros quince anos teñen que afrontar a xubilación do 80 % dos médicos de familia, ou cuestións como que a saúde mental ten a metade dos recursos que hai vinte anos. Ese é o modelo de éxito, sen ir xa ao tema da precariedade do persoal, que seguen a denunciar que son persoas colgadas a un teléfono 24 horas ao día, ese tipo de cuestións. E mire, señor conselleiro, a solución non pasa por medidas aparentais, por parches, nin por parecer que fan, senón por atender realmente as demandas que lles están facendo. Medidas reais para resolver ese profundo dano causado.

Eu de verdade que agardo que sexa vostede capaz de dicir hoxe —agora, aquí— se realmente van facer algo ou se simplemente asinaron este acordo como medida de dilación...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...para tentar desmobilizar, e non van cumprir absolutamente nada.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: Eu quero que me diga o que lle dixen antes: en que orzamento, concretamente, están traballando...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...e como van implementar todo ese persoal.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: É dicir, as cuestións reais que van...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Xa rematou o seu tempo.

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)



Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Grazas, señor presidente.

Señores parlamentarios.

Parece, señora Prado, que hoxe non está moi contenta na exposición, hoxe non ten o día. Paréceme que non é así.

Mire, hai unha cousa que sempre din: que nós non chegamos a acordos, que nunca chegamos a acordos con ninguén. Resulta que o documento está xa aprobado por 19 asociacións de médicos de familia: Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria, Sociedade Española de Médicos de Atención Primaria, Sociedade Española de Médicos Xerais e de Familia, Consello Galego de Colexios Médicos, Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria, Colexio Oficial de Enfermería da Coruña, de Lugo, de Ourense e de Pontevedra, Grupo de Traballo de Enfermería do Servizo Galego de Saúde, Sociedade Galega de Fisioterapeutas, Colexio Oficial de Fisioterapeutas, Grupo de Traballo de Fisioterapeutas, Asociación Española de Traballo Social e Saúde, Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, Grupo de Traballo de Traballo Social, Sociedade Española de Farmacéuticos de Atención Primaria, Grupo de Traballo de Farmacéuticos de Atención Primaria e Grupo de Traballo do Persoal dos Servizos Xerais do Servizo Galego de Saúde. Ten un amplo respaldo. (*Aplausos.*)

E ademais —e sei que igual por iso hoxe ten un día en que non está demasiado contenta— tamén se chegou a un acordo con todos os sindicatos para seguir traballando. Non hai gañadores nin vencidos, aquí o que hai é un acordo para seguir traballando, para seguir mellorando o noso magnífico modelo sanitario. E todos os compromisos con todas estas sociedades, con estes colexios, con estes sindicatos, loxicamente son un compromiso total e absoluto.

Ademais, cando fala vostede de investimento, de que ten que ter cartos detrás... ¡Claro que vai levar unha memoria orzamentaria clara, con prazas, con plan de necesidades —que, por certo, xa é público, xa falamos del, son 17,3 millóns en dous anos—; haberá unha ampla remodelación e incremento de material, de equipamento electromédico, mobiliario, informática e todo o necesario para os nosos centros de saúde.

Polo tanto, hai compromiso da Xunta de Galicia, desde logo, para chegar a acordos. É un proceso de diálogo amplo. Sei que fomos moi criticados, sei que a algún non lle gustou que chegáramos a acordos, pero están aí. E teño que agradecer o magnífico traballo que están realizando todos os que o luns asinaron este acordo polo esforzo de chegar a acordos; hai que ceder por unha parte e por outra. E imos seguir traballando nese plantexamento porque creo que todos os que firmamos este acordo estamos na mesma liña argumental.

Temos, sen embargo, cousas que aínda nos faltan e que non dependen da Xunta de Galicia nin tampouco dependen dos colexios, nin das asociacións, nin de representantes sindicais,



senón do ministerio. Neste momento, o ministerio non está levando adiante os compromisos que son competencia súa, e iso vai ser un problema. E por iso, as acreditacións que estamos pedindo desde hai tempo, a día de hoxe non chegan. A día de hoxe dinnos que van abrir o aplicativo para incrementar a solicitude de novas acreditacións dentro duns días, cando levamos meses e meses e meses falando diso. Tamén quixemos que se modificara un real decreto —xa o dixemos tamén hai moitísimos meses no ministerio— sobre a relación laboral especial da residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde, e que favoreceran o establecemento dun criterio homoxéneo para catalogar esas prazas e dar unha cobertura a especialidades deficitarias; ou impulsar unha norma que flexibilice e axilice o procedemento de acreditación; ou axilizar a acreditación de unidades docentes pendentes; ou dotar dos medios necesarios que permitan reducir os actuais prazos en tramitación e resolución de expedientes de homologación de títulos; ou que tamén poñan en marcha o rexistro total de profesionais; ou que eliminen a taxa de reposición para aumentar a capacidade das nosas OPE; ou tamén pór en marcha a vía extraordinaria de acreditación do persoal de Enfermería especialista en Enfermería Familiar e Comunitaria, aqueles traballadores que levan moitos anos na atención primaria e que, desde logo, teñen experiencia e formación para ter tamén esta titulación; e o recoñecemento das traballadoras sociais como profesionais sanitarias.

Como digo, todo isto é un traballo que leva tempo, que necesita acordos, e nós imos seguir traballando por ese acordo. O contrato de continuidade —que foi moi criticado por todos vostedes— é unha realidade, e agora mesmo o ministerio está dicindo que hai que pólo en marcha a nivel de toda España. Nós queremos un novo modelo, que vai ter 7 liñas estratégicas, 200 accións —un 40 % a curto prazo—, un equipo de cabeceira reforzado, con orientación comunitaria...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...con novos roles profesionais, total accesibilidade dos pacientes, manter a excelente formación que temos, e unha relación bidireccional en primaria e hospitalaria.

Seguiremos traballando —como digo— para recuperar a ilusión dos profesionais e manter a calidade dos servizos aos cidadáns.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleiro.

Pasamos ao seguinte punto, de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Gonzalo Trenor López e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas da Xunta de Galicia destinadas a garantir o abastecemento de auga

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.



Boas tardes, señorías.

Conselleira, grazas por vir hoxe contestar esta pregunta.

Hoxe imos falar de plans de prevención, plans especiais contra a seca. Malia que nos últimos días choveu abondo e hoxe espertamos cos encoros de Eiras e Zamáns cheos ao cen por cento, a verdade é que este é un problema, unha cuestión, do máximo interese para este grupo parlamentario. Sabemos que é unha cuestión de máximo interese para o Goberno galego e que vostedes levan traballando xa tempo con diferentes plans, diferentes proxectos e diferentes actuacións na vista da prevención destes problemas de seca, que cada vez son máis frecuentes en Galicia.

Nós consideramos que este é un tema importante e necesario, pero é un tema importante de todas as administracións, é un problema que atinxe a toda a sociedade. Non é un problema do PP nin do PSOE, nin do Bloque, nin de En Marea, é de toda a sociedade, e creo que o Goberno galego ten tanta responsabilidade neste tema como outras administracións, máis cercanas e ademais doutras cores políticas, como poden ser as deputacións ou os propios concellos. Temos que traballar todos en coordinación cando hai algunha alerta de ameaza de seca.

Sabemos que dende a Xunta —como dixen— se fixeron varias actuacións que beneficiaron a varios concellos. Falamos de diferentes plans, falamos de cooperación nalgunhas ocasións —non en todas, desafortunadamente—, pero ademais tamén fixemos fincapé neste tema no último Debate do estado da Autonomía, e falamos exactamente —teño aquí o texto que propuxemos— desde este grupo parlamentario que «se fixera unha resolución instando a Xunta a elaborar e a acordar coas entidades locais e a Administración xeral do Estado unha estratexia para garantir o abastecemento á poboación ante situacións de seca, prestando especial atención a aquelas zonas que poidan presentar unha maior vulnerabilidade, como pode ser o caso das poboacións que se abastecen dos encoros de Zamáns e Eiras».

Estes son uns encoros situados na zona sur de Galicia, que estiveron en situacións graves, con ameazas serias nos últimos tempos, que tiveron, ademais, repercusión mediática, e todos coñecemos que houbo administracións que miraron para outro lado. Hoxe aparecen, quizais, con fórmulas máxicas, pero cando tiveron que traballar arreo, cando falamos de prevención, aínda que non haxa o problema, é cando non se lles ve nin se lles espera.

Nós queríamos saber dende este grupo parlamentario, señora conselleira, que medidas está a impulsar a Xunta de Galicia para garantir o abastecemento de auga á poboación ante posibles episodios de seca, en especial naquelas zonas nas que os sistemas de abastecemento presentan unha maior vulnerabilidade. Como están traballando. Que é o que se fixo e que é o que se ten pensado facer de cara ao futuro?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.



A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas presidente.

Pois, señoría, a xestión dos recursos hídricos e hidráulicos é unha materia prioritaria para o Goberno galego. E debe ser unha materia prioritaria porque sen auga non hai vida, e é máis prioritaria nun contexto de cambio climático como o que estamos a ver.

O certo é que ten mudado o réxime de precipitacións en Galicia. Agora temos períodos de seca máis longos, períodos de choiva máis intensos e máis cursos. Polo tanto, cómpre estar preparados para afrontar estes desafíos que temos por diante como consecuencia do cambio climático.

Cómpre, polo tanto, planificación; cómpre, polo tanto, anticipación para ter previstas todas as actuacións necesarias para afrontar eses desafíos, lograr unha xestión eficiente dos recursos hidráulicos e, dende logo, evitar eses riscos cos que podemos atoparnos, como pode ser a falta de calidade e de cantidade de auga en determinadas épocas do ano. Así entendemos na Xunta de Galicia a planificación e a anticipación.

Colaboramos cos concellos, que son os responsables directos do sistema de abastecemento pola Lei de bases de réxime local. Vimos prestando apoio dende o ano 2009. Foron máis de trescentas actuacións en materia de abastecemento, que beneficiaron a 186 concellos, para avanzar na garantía da subministración de auga á poboación.

Pero tamén debemos todas as administracións dispoñer de ferramentas de planificación e ordenación dos nosos recursos hídricos. O Plan hidrolóxico da demarcación Galicia-Costa, que ten Augas de Galicia, define as actuacións concretas para o bo estado das masas de auga. O Plan de seca, para minimizar os efectos adversos derivados desta situación.

Nas reunións que tivemos en Bruxelas puxemos enriba da mesa esta cuestión, solicitamos que se priorizaran no seguinte período operativo dos fondos europeos e que se financiaran actuacións concretas de abastecemento para loitar contra os efectos do cambio climático.

Na Xunta de Galicia contamos coa tramitación dunha Lei de medidas de garantía de abastecemento para axilizar respostas ante episodios de seca. Temos que dar unha resposta áxil e eficaz en episodios de seca. Ordenar e delimitar é o que busca esta lei, e coordinación entre todas as administracións; dar resposta áxil, acertada e coordinada ante episodios de risco de seca.

É unha lei que queremos aprobar este ano, que pretendemos traer ao Parlamento este ano, e que incide fundamentalmente, por exemplo, en dúas cuestións importantes: que os concellos dispoñan do Plan de emerxencia de seca, e que as deputacións presten ese apoio imprescindible e obrigado aos concellos, principalmente aos máis pequenos. Están obrigados xa por lei básica estatal. O Plan hidrolóxico estatal obriga os concellos de máis de 20.000 habitantes a que teñan plan de emerxencia para a seca.

E traballamos cara ao futuro. Como dicía, na visita do pasado luns a Bruxelas solicitamos á Comisión Europea que priorizara no seguinte período operativo do fondo europeo Feder esas



actuacións en infraestrutura sostible, para evitar perdas en rede e para garantir o abastecemento de auga á poboación.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para o turno de réplica, ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Grazas, conselleira.

Vostede lembrou aquí, na súa intervención, que os concellos de máis de 20.000 habitantes están obrigados por lei a ter un plan de emerxencia ante a seca. Eu vou falar hoxe do concello máis grande de Galicia en número de habitantes, que é o concello de Vigo, e ademais cunha xestión deste tema moi irresponsable e moi desleal por parte do propio alcalde da cidade de Vigo. Como dixen antes —fixen referencia, sen nomealo, a algúns concellos que non teñen ningún interese neste tema—, (*Murmurios.*) creo que non só en abastecemento de auga, senón tamén no tema da calidade da auga, miraron para outro lado. Polo tanto, nós hoxe queremos incidir neste tema porque cremos que é moi importante.

Acabamos de asistir a un capítulo máis de que en Vigo parece que a Xunta ataca. É dicir, cada vez que a Xunta quere colaborar cos vigueses, o alcalde de Vigo —que non é Vigo— di que a Xunta está atacando e quere facer todo o posible por non colaborar. (*Murmurios.*) Ese é o *modus operandi* dese alcalde, ao que nos ten acostumados, como fixo tamén co convenio do transporte metropolitano; un convenio co que mareou, co que acusou a Xunta, co que ameazou con non asinar, con non estar de acordo con el... despois asinouno, agora non o cumpre. Creo que está facendo o mesmo co convenio relacionado co tema da auga, pero é un problema moi serio, non só para a cidade de Vigo —que tamén é moi importante—, senón para toda a área metropolitana, porque afecta —insisto— a dous encoros que abastecen de auga a un núcleo de poboación moi elevado.

Ademais hoxe sae cunha fórmula máxica —insisto— e non explica como. Cando estivo no Goberno do Estado o Partido Popular, tampouco fixo ningún achegamento ao Goberno para poder solucionar este problema. Agora que está o Partido Socialista sácase un convenio co Ministerio de Transición Ecolóxica pero sen partida orzamentaria, polo tanto, papel mollado.

Señora conselleira, nós queremos saber que é o que están facendo vostedes, como queren axudar vostedes os cidadáns do sur de Galicia en tema de abastecemento de augas, aínda que sexa, sempre, coas trabas que está a poñer o alcalde de Vigo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Egerique.



Ten a palabra, para réplica do Goberno, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Pois, como dicía, señoría, os concellos deben ter plans de emerxencia de seca. Debemos colaborar todas as administracións, por suposto tamén as deputacións, porque é importante optimizar a xestión da auga e tamén optimizar a rede, evitar perdas en rede. Son actuacións imprescindibles para reforzar a garantía de auga á poboación, e o certo é que vimos nos últimos anos, sobre todo no ano 2017, como grandes aglomeracións urbanas —Vigo e A Coruña— tiñan serios problemas para garantir o abastecemento. Aínda que choveu estes días, non nos esquecemos do que aconteceu no ano 2017 e preguntámonos que fixo A Coruña e que fixo Vigo para dende o ano 2017 poder garantir neste ano 2019 o abastecemento de auga á poboación.

O certo é que son os concellos os que teñen a responsabilidade directa para garantir o abastecemento de auga. Dende a Xunta de Galicia temos ofrecido a nosa colaboración. No caso concreto do Concello de Vigo, unha xuntanza en outubro do pasado ano coa Confederación Hidrográfica, coa Xunta de Galicia, co Concello, para estudar conxuntamente a solución definitiva estrutural de garantía total de abastecemento ao sur de Vigo. E propuxemos un convenio de colaboración o pasado mes de outubro, e o que vimos foi nos últimos meses parado ese convenio por parte do Ministerio para poder asinalo, o que fixo que aprobamos este convenio no Consello da Xunta e, polo tanto, que nos poñan data e hora para asinar ese convenio canto antes, para garantir unha solución estrutural ao abastecemento de Vigo. Pero o certo é que vimos outra vez por que se utiliza dende o Concello de Vigo e o propio alcalde como arma arrojadiza o problema da auga. Porque o Concello de Vigo non ten partida orzamentaria. Polo tanto, ten cero euros para o convenio importantísimo para garantir unha solución estrutural a Vigo e ao sur de Vigo.

¡Estámosche ben!, polo tanto, porque o certo é que o problema de Vigo non é de luces, o problema de Vigo é de calidade da auga. E digo calidade da auga porque é unha responsabilidade que dende o ano 2011, ano onde ten coñecemento o propio Concello de Vigo do problema da ETAP, da potabilizadora de auga, non se fixera nada e se leve case nove anos ignorando o problema da potabilizadora. É que o vimos no ano 2017: o encoro de Eiras ao 38 % —case ao 40 %—, o encoro tiña auga e a ETAP non podía ofrecer calidade e cantidade de auga.

Polo tanto, impórtalle moi pouco ao alcalde de Vigo o problema da auga. Son vinte e sete millóns de euros case que recada cada ano a concesionaria; polo tanto, dende o ano 2011, douscentos millóns de euros recadados en taxa de abastecemento no Concello de Vigo; moitas ETAP teríamos feito con estes millóns de euros.

E, polo tanto, na Comisión Europea solicitamos fondos europeos para o seguinte período operativo, para abrir a porta ao abastecemento a Vigo, con previsión e responsabilidade, e non con *shows* e espectáculos, porque así non se arranxa o problema da auga.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D. César Manuel Fernández Gil e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego en relación coas obras en centros educativos da rede pública galega para este exercicio orzamentario

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Gómez Salgado.

O señor GÓMEZ SALGADO: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleira.

Imos falar dunha das liñas de actuación da Consellería que consiste en levar a cabo de xeito permanente obras de acondicionamento, reforma e mellora dos centros educativos de Galicia. Deste xeito, entendemos que se consegue contar cunha rede de centros renovada, modernizada e adaptada ás necesidades do sistema educativo galego do século XXI.

Nesta dinámica o Goberno galego realiza en cada anualidade un importante esforzo económico para levar a cabo diversas actuacións na rede de centros, establecendo prioridades e xestionando con eficiencia os recursos públicos para deste xeito actuar en función das necesidades existentes en cada momento. Pero, máis alá da planificación e dos resultados futuros, podemos falar tamén de realidades concretas, xa que nos tres primeiros anos do vixente plan —falamos dos anos 2016, 2017 e 2018— foron executados xa máis de noventa e tres millóns de euros en obra nova, melloras en ampliación de centros ou actuacións encamiñadas a mellorar a eficiencia enerxética; tamén, reformas, ampliacións e melloras, especialmente das cubertas dos centros e traballos de acondicionamento, así como actuacións de mellora funcional, integración e sinalética.

Proba disto é que neste momento, a comezos do mes de abril, a Consellería de Educación xa ten oito obras en execución. E permítame dicirlle, conselleira, que podía ser algunha obra máis. Vostede sabe que, se contaramos na Coruña e en Lugo coas licenzas municipais oportunas, podíamos ter estes dous centros en execución agora mesmo. Agardamos que estes dous concellos poñan á disposición e dispensen as licenzas o antes posible, en beneficio da comunidade educativa e, en definitiva, de toda a poboación destes concellos.

Por todo isto, señora conselleira, quixeramos saber sobre as previsións que ten o Goberno galego de obras en centros educativos da rede pública galega para o exercicio orzamentario.

De momento, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Gómez.

Ten a palabra a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, a señora Pomar Tojo.



A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Señorías, señor Gómez, efectivamente, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional está comprometida coa mellora dos estándares de calidade das instalacións e das infraestruturas educativas. Somos conscientes da súa repercusión no proceso educativo.

A modo de contexto, resulta relevante lembrar que no ámbito das infraestruturas educativas en Galicia houbo un plan de urxencia, alá polos anos setenta, realizado dende Madrid, do que son herdeiros moitos dos centros hoxe existentes na nosa comunidade, o Plan de obras do ano 1996 de adaptación de Galicia á nova lei, á LOXSE, e o Plan de dotación de infraestruturas educativas 2016-2020, que, por acordo precisamente do Consello da Xunta neste ano, amplía a súa vixencia ata o 2021.

En relación con este plan, quero lembrar que a ampliación un ano máis na súa vixencia significou tamén que a Consellería xestiona agora un orzamento de preto de douscentos millóns de euros para obras en centros educativos en seis anos, fronte aos cento dezaioito millóns previstos inicialmente.

Pero, máis aló da planificación e dos resultados futuros, podemos falar tamén de realidades concretas, xa que, como vostede dicía, nos tres primeiros anos de vixencia deste plan xa foron executados 93,8 millóns de euros en obra nova; ampliacións e melloras en centros; obras para mellorar a eficiencia enerxética; reformas, ampliacións e melloras (chamada RAM), principalmente as cubertas dos centros e traballos de acondicionamento; e actuacións de mellora funcional, integración e sinalética.

Pero seguimos a traballar, e neste ano 2019 queremos licitar, adxudicar e executar un total de trinta actuacións, o que suporá un investimento de 33,7 millóns de euros. O noso compromiso é real e comeza xa a visualizarse. Proba diso é que temos xa oito obras en execución, por valor aproximadamente de once millóns de euros, ás que hai que sumar outras doce obras en licitación, por 8,5 millóns de euros. Estamos a falar de que a comezos de abril temos xa comprometido o 60 % do orzamento previsto para este ano 2019.

E, por citar algúns exemplos salientables, temos en execución obras nos concellos da Coruña, de Santiago, de Ourense e do Barco de Valdeorras, entre outros. Por certo, como tamén recollía a súa pregunta, señoría, poderíamos ter a obra en marcha no CEIP Sagrado Corazón de Lugo, pero seguimos á espera da licenza municipal; e tamén agardamos que a licenza para a actuación no IES Eusebio da Guarda, da Coruña, non se demore.

Remato xa. Dous terzos das actuacións do programa aprobado en xaneiro xa están en marcha e as restantes obras están en fase de redacción de proxecto, entre elas, como saben, o Centro de Innovación da FP de Ourense.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para o turno de réplica, ten a palabra o señor Gómez Salgado.

O señor GÓMEZ SALGADO: Grazas, presidente.

Grazas, conselleira, pola resposta.

Temos que facer un recoñecemento aos esforzos da Consellería de Educación por este labor que está a desenvolver e, sen dúbida tamén, felicitala por darlles aos centros educativos este pulo renovador e modernizador que se está a efectuar sobre os centros, buscando en definitiva a excelencia educativa, que é un tema que nos preocupa e que preocupa especialmente á súa Consellería; parámetros que están a favorecer as condicións dos espazos físicos nos que se imparte a formación e que sen dúbida ningunha terán consecuencias favorables na mellora dos resultados académicos dos alumnos e alumnas do sistema do ensino público galego.

Falou vostede, conselleira, na súa resposta, de aspectos certamente importantes relativos a investimentos que se están a realizar, pero, abondando na incidencia deste plan, quixera preguntarlle tamén polos obxectivos que persegue a Consellería de Educación coa execución do Plan de dotación de infraestruturas educativas 2016-2021, se teñen cuantificado o número total de concellos afectados polo plan e, finalmente, o número de centros sobre os que se terá actuado e cal vai ser o número de alumnos que se terán beneficiado ao remate do programa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Gómez.

Para o turno de réplica, ten a palabra a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, a señora Pomar Tojo.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, presidente.

Señorías, a execución do Plan de dotación de infraestruturas educativas 2016-2021 suporá a renovación dos centros educativos máis antigos do Sistema educativo galego, ademais dun compromiso medioambiental claro, a través das actuacións de rehabilitación enerxética. Así, cando este plan estea culminado na súa totalidade, teranse acometido actuacións en cento dezaseis centros educativos galegos, das que se beneficiarán trinta e tres mil alumnos e alumnas de setenta e dous concellos de Galicia.

A verdade é que estamos a realizar un grande esforzo en investimentos en centros educativos en Galicia, e queremos aínda facer máis. Neste punto cremos importante para o ensino galego que o Goberno central non siga desprezando a Galicia. É preciso que a nosa comunidade reciba os millóns que lle corresponden por superávit e que non haxa máis demoras. Temos



importantes investimentos en materia educativa que poden verse altamente prexudicados pola actitude do Goberno central. A ninguén se lle escapa que as grandes obras non poden facerse en período lectivo, polo que é fundamental, é necesario que se axilice a devolución dos cartos que lle corresponden á nosa Comunidade, que lle corresponden a Galicia.

En total, na Consellería de Educación temos programados 40,6 millóns de euros en corenta e catro actuacións de rehabilitación integral para 2019 e 2020, elixidas con prioridade polas unidades técnicas en función do ano de construción do centro e do estado das instalacións. Así, foron seleccionadas doce actuacións a realizar na provincia da Coruña, outras doce en Pontevedra, outras dez na de Lugo e outras dez na provincia de Ourense.

Neste momento temos arredor de vinte proxectos —vinte e dous en concreto— redactados e supervisados, que están pendentes exclusivamente de que o Ministerio de Facenda autorice o uso do superávit orzamentario resultante da disciplina financeira, cumprida no exercicio de 2018 pola Comunidade de Galicia. Tendo en conta que a licitación das obras ten unha duración superior a tres meses, cada día de demora na autorización do uso do superávit supón obviamente un eventual risco de que neses centros comecen as clases en setembro con obras. Estamos a falar da posibilidade de seguir mellorando as instalacións e as infraestruturas educativas, conscientes da súa repercusión no proceso educativo. Creo que cadaquén, desde as súas competencias, desde o seu compromiso co ensino de calidade, debe ser responsable e pensar no interese da maioría das galegas e dos galegos. Agardamos que outras administracións non poñan trabas innecesarias, porque o ensino galego non as merece, as galegas e os galegos non as merecemos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da situación da atención sanitaria na comarca do Condado-A Paradanta, no que atinxe aos centros de saúde das Neves, Mondariz, Mondariz-Balneario e Pontearreas

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Conselleiro, antes de que vostede me diga por que fago eu a pregunta, como fixo o outro día, O Condado-A Paradanta tamén é a miña comarca, igual que a de Pontevedra, e por iso lle fago eu esta pregunta.

O certo é que os veciños e as veciñas desa comarca están tremendamente preocupados. Téñense manifestado en varias ocasións precisamente para preguntar e para protestar pola si-



tuación de deixadez en infraestruturas e de persoal de atención primaria na súa comarca. É unha zona rural. Como todas as zonas rurais de Galicia, teñen problemas con poboación dispersa, poboación moi envellecida e malas comunicacións, deficiencias en transporte público, e niso coinciden, e tamén coinciden na deficiencia, na situación deficiente sanitaria en atención primaria. Grazas ao traballo e ao esforzo dos profesionais, o nivel de asistencia é digno, é máis que digno e decente.

Voulle falar, igual que fixen o outro día, de varios centros de saúde. Vostedes fixeron algunhas respostas, déronnos algunhas respostas con relación a algúns deles. Eu voulle poñer unha serie de exemplos.

No Centro de Saúde das Neves hai un só cuarto de baño para o persoal e para as persoas que teñen que acudir —os pacientes— e teñen dificultades de accesibilidade: as portas —para que vostede me entenda— abren para fóra e non para dentro. Hai un só pediatra que, ademais, se comparte co concello de Arbo.

Na Cañiza, gobernada polo Partido Popular, no centro de saúde, como ademais é un PAC e fan saídas fóra, cando quedan sen asistencia teñen que ir ao centro de saúde ou ao PAC de Ponteareas, que está a trinta quilómetros. Hai un só pediatra que, ademais, martes e xoves vai ao Centro de Saúde de Crecente. A Cañiza, ademais, nestes últimos tempos, perdeu o servizo de raios X e, polo tanto, teñen que ir ou ben ao PAC de Ponteareas —trinta quilómetros— ou ben ao PAC de Vigo ou ao hospital de Vigo —60 quilómetros—. En Crecente, gobernado polo Partido Popular, hai un só enfermeiro que só está fisicamente no centro dúas horas e media e un pediatra os martes e os xoves.

En Ponteareas a máquina de raios X non funciona pola tarde, entón, teñen que ir a Vigo —trinta quilómetros—, e, no peor dos casos, tamén teñen que ir os da Cañiza cando no de Ponteareas pola tarde non funciona a máquina de raios X. Hai tres pediatras en teoría, porque pola tarde o pediatra de Ponteareas leva case un ano de baixa. O centro ten saturación de espazos, están todos ocupados. E, moitas veces, os médicos da quenda da mañá teñen que facer catro horas pola tarde, no caso de que algún deles —que ás veces pasa— estea de baixa, porque tamén teñen dereito.

A pregunta é moi sinxela, señor conselleiro: ¿está vostede satisfeito coa situación sanitaria da comarca do Condado-A Paradanta, si ou non?

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Non, señora Vilán, eu dicía que vía que aumentaba o número de portavoces cando se acercan as eleccións; non era por outra cousa, pero é igual.



Mire, coincido con vostede: eu creo que o servizo sanitario nesta área e en toda Galicia é máis que digno e —como dixo— decente; eu digo que si. E nas comarcas do Condado e da Paradanta —por certo, fala moito do Condado e pouco da Paradanta, pero é igual— a atención sanitaria é de calidade. É unha moi boa sanidade, especialmente porque primeiro se fixo a remodelación de todo ámbito hospitalario —a maior remodelación de toda España— co Álvaro Cunqueiro, co Meixoeiro e co Nicolás Peña, e —como digo— agora mesmo a resposta é unha resposta de alta calidade para todos os cidadáns.

Loxicamente, a comarca está afectada pola falta de médicos de familia e de pediatras. É un tema que non é da comarca, é —como dicimos— a nivel de España e estamos tratando de traballar nese sentido. Desde o Servizo Galego de Saúde adoptamos medidas que permiten paliar o déficit de profesionais, como a prórroga da idade de xubilación, a carreira profesional, o concurso aberto e permanente ou a dotación de prazas de enfermería especialista en pediatría, na que somos unha comunidade pioneira.

En infraestruturas, na comarca do Condado contamos con cinco centros de saúde —un en cada concello— que teñen unhas ratios de TIS por profesional que oscilan entre as mil catrocentas do Centro de Saúde de Pontearreas e as mil cen do Centro de Saúde de Mondariz. Na comarca de Parada, onde hai catro centros de saúde —tamén un por cada concello—, manteñen unhas ratios de TIS por profesional entre mil cen de Arbo e setecentas trinta e seis TIS do Centro de Saúde de Covelo. Fíxese que, neste momento, o ministerio do Partido Socialista está propondo para o ano 2022 que non superen as mil quíntas tarxetas por médico. Imos moi por diante nesta comarca do Condado-A Paradanta e tamén en toda Galicia.

Os centros de saúde de Salvaterra de Miño, As Neves, Mondariz-Balneario, Covelo, Crecente e Arbo son todos de dependencia patrimonial municipal. Se hai algunha deficiencia, nós chegamos a acordos con convenios cos concellos para melloralos. E, desde logo, se hai ese problema nas Neves, o alcalde só ten que tratar de falar connosco para chegar, e, desde logo, oirémolo.

Tamén estamos facendo innovación, como noutros centros de saúde de Galicia; concretamente, a teleasistencia: o centro de Salvaterra foi pioneiro na provincia de Pontevedra, neste novo centro de saúde.

Nestes momentos, e ante a situación de baixa da pediatra titular, os nenos de Mondariz e de Covelo son atendidos no Centro de Saúde de Pontearreas cunha ampla oferta asistencial, xa que dispón de citas libres na axenda diariamente para demanda e sen atraso de revisións programadas.

Desde logo, cremos que hai que tratar de conseguir, e pedimos ao ministerio unha vez máis, máis acreditacións para poder formar máis pediatras e poder chegar a todos eles. Esperemos que na convocatoria, agora que está acabando unha nova promoción, poidamos incrementar o número de pediatras e, desde logo, cubrir o que nos gustaría: que houbera menos distancia, que recorreran os pais menos distancia. Pero cómpre dicir que a asistencia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.



O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...é continua e —como digo— con citas e ocos libres para a súa asistencia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Conselleiro, non estamos a falar de asistencia hospitalaria; a pregunta é de asistencia de atención primaria. E teñen que ir ao Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, co desprazamento que supón para as persoas que viven nesta comarca, que —xa lle dixen— son maiores, fundamentalmente. Ademais, hai problemas de transporte público tremendos e, ademais, hai problemas de comunicación. De Mondariz a Pontearreas di vostede que poden ir, pero é que hai uns trinta quilómetros como mínimo, e teñen que ir cos seus fillos, ao mellor pola noite, ou desprazarse a Vigo, que, como mínimo, hai sesenta quilómetros dende algúns sitios da comarca.

Conselleiro, iso é vivir nun mundo que non é o mundo real da comarca do Condado-A Paradanta. No papel queda moi bonito, pero non queda tan bonito cando un ten que vivir alí. Quizais teña algunha relación co feito do despoboamento do rural o feito de que a atención sanitaria que a Xunta de Galicia lles proporciona aos veciños e ás veciñas do Condado-A Paradanta non é especialmente boa. Por certo, é boa, dentro da dignidade, polo traballo e o esforzo das profesionais e dos profesionais que traballan no sistema sanitario de Galicia, non polo seu traballo.

A resposta é practicamente a mesma que me deu vostede o outro día. Vese que hai unha resposta modelo tipo para cada unha das comarcas, porque é practicamente idéntica á que me deu para Pontevedra.

Conselleiro, dende que vostedes gobernan deixaron marchar unhas cento cincuenta prazas MIR; di vostede que hai falta de prazas MIR, pois deixaron marchar unhas cento cincuenta prazas MIR dende o ano 2009, e hai 1.249 profesionais menos de atención primaria. Quizais tamén algo ten que ver coa situación que se está a dar.

O que nos sorprende é que vostede decida non ir hoxe a unha reunión a Madrid porque, polo visto, está sobrado xa do traballo que fai e, entón, non necesita falar co ministerio, cando, polo visto, a culpa de todo —por suposto— é do ministerio e —por suposto— de Pedro Sánchez, ao que vostedes apodaron «el Malo» recentemente.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Vilán.

Ten a palabra para o turno de réplica do Goberno o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.



O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Non apodei o señor Sánchez de nada, pero dígolle o seguinte: desde logo, o que non se pode facer é tratar de chegar a un acordo no ministerio facendo unha reunión dun día para outro, levando a Comisión de Secretarios —que se fai normalmente unha semana antes— para mañá e reunindo os conselleiros pola tarde para chegar a acordos como o que acabo de dicir.

¿Que diría vostede se en vez de dicir que O Condado-A Paradanta tiña que ter menos de mil quiñentas tarxetas...? Iso é o futuro da atención primaria na comarca; están dentro das ratios, desde logo, as máis baixas de toda Galicia, e Galicia está nas máis baixas de todo o Estado. É dicir: temos máis profesionais traballando para menos pacientes, e iso é bo.

Pediatras, o mesmo: as ratios, o número de pediatras por nenos desta comarca é tamén dos baixos de Galicia, e queremos seguir traballando. Non se amortiza ningunha praza nin de médico de familia nin de pediatra; estamos esperando, simplemente, a que poidamos ter máis posibilidades de contratación, e, desde logo, farémolo. Estamos —como dicía— a punto de finalizar unha promoción.

Pero o ministerio dedícase, a través de decretazos, a facer, en vez de venres sociais, agora son mércores sociais. ¿Por que? Porque o venres empeza a campaña electoral. Entón quere adiantarse e dicir que resolve a primaria, pero resulta que non resolve as competencias que ten, que é o maior número de acreditacións. Pedimos que se aumentara o número de prazas de formación de pediatría en Galicia. (*Murmurios.*) ¡Agosto, pedidas en agosto! No día de hoxe, dinnos o domingo —por certo, que agora traballan os domingos tamén no ministerio; paréceme moi ben— que van abrir agora a posibilidade de solicitalo a partir do día 15 deste mes, que nos van dar esas que din que xa acreditaron para Galicia, un maior número de prazas, e que as van dar nun correo que mandarán —din— oficialmente o día 30 de abril, dous días despois das eleccións xerais; cousa curiosa tamén. Entón, nós exiximos ao ministerio que cumpra co que ten que cumprir, coas súas competencias; nós cumpriremos coas nosas. (*Aplausos.*)

E, como digo, vou acabar a intervención como empezou vostede: cremos que a atención sanitaria na área do Condado-A Paradanta é boa, moi boa, digna e decente —estas dúas últimas cualificacións son súas—; de alta calidade a hospitalaria e a primaria, porque temos excelentes profesionais e porque temos un sistema sanitario integrado por profesionais con planificación e con dirección.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández e de D. Marcos Cal Ogando, do G. P. de En Marea, sobre a elaboración pola Consellería de Sanidade dalgún plan para a protección da saúde humana en relación coa contaminación por lindano

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Solla Fernández.



A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor Almuíña.

Desgraciadamente, e máis dun ano e medio despois de que comezamos a traer esta cuestión aquí, seguimos tendo que volver preguntarlle pola existencia dalgún tipo de plan para atender a saúde das veciñas e dos veciños do Porriño afectados pola contaminación por lindano.

Na pasada semana puideron asistir a unha especie de acto —digo unha especie porque o vou describir a continuación— no que o director xeral de Saúde Pública entregaba nun salón de plenos, facendo unha fileira como se se tratase da cola da carnicería, o resultado das análíticas aos veciños e ás veciñas do Porriño que foron monitoreados no mes de outubro para ver os niveis dos diferentes isótopos de lindano nunha serie de veciños e veciñas do barrio do Contrasto. Esa é a única actividade, máis un presunto estudo de campo que fixo a Xunta de Galicia, en aras de defender a saúde desa veciñanza.

Nós lembrámoslle desde aquí que segue sen descontaminar non só toda a zona da Pereira-O Contrasto, senón toda a zona do polígono de Torneiros e o resto do Porriño. Polo tanto, non existe, no día de hoxe, ningún plan entregado por parte da Xunta de Galicia para descontaminar a zona; non o hai, como se nos trasladou por parte da Comisión Europea. Eu teño que lembrarlle que en outubro estiveron en Bruxelas reunida dentro da Dirección Xeral de Medio Ambiente, que nos trasladou que a Xunta de Galicia non solicitou ningún tipo de fondo e nos dixo que existen fondos ao dispor. Polo tanto, non se está a facer nada para descontaminar a zona.

Os veciños e as veciñas atópanse totalmente desprovistos de protección, porque están abandonados polo Concello, pola Xunta e polo ministerio. As diferentes administracións non se poñen de acordo e todas declaran non ter ningún tipo de fondo para facerse cargo das diferentes competencias. A protección da saúde é unha competencia que atinxe a súa consellería e que, polo tanto, é responsabilidade única da Consellería de Sanidade.

O que se lles dixo aos veciños e ás veciñas na pasada semana foi de todo menos, desde logo, algo tranquilizador: díxoselles que non entendían, faltóuselles ao respecto, tratáronos como ignorantes e non se proporcionou ningún tipo de información fidedigna en canto á exposición. No día de hoxe o tóxico segue presente, as veciñas e os veciños están expostos, non hai un plan de descontaminación e a situación é responsabilidade súa en materia de saúde.

Non queremos, señor Almuíña, que nos conteste dicindo as barbaridades que se dixeron a semana pasada, como que no Porriño hai menos incidencia de cancro, cando sabemos todos que, á parte da exposición ao lindano, hai outra serie de problemas de saúde pública que hoxe non imos tratar aquí, como pode ser a exposición ao sílice cristalino. A realidade é que non se está facendo un estudo en profundidade.

Volvemos preguntarlle unha vez máis, tras ano e medio, por esta cuestión. ¡Xa está ben! Hai veciños arriba, na tribuna, que se senten absolutamente abandonados por vostedes. E, desde logo, é unha burla o que aconteceu a semana pasada. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas.

Saúdo tamén aos veciños do Porriño que están na tribuna, aos que nós, desde logo, estamos informando arreo ante esta situación.

Por suposto que temos un plan que estamos desenvolvendo desde hai tempo. Desde a Consellería de Sanidade, ante o problema relacionado coa aparición do lindano, levamos a cabo actuacións para intentar identificar a poboación máis exposta desa zona, minimizar a súa exposición e poder, así, facilitar unha atención sanitaria adecuada as persoas da zona do Contrasto-A Pereira que presentaran sintomatoloxía compatible cunha posible exposición especialmente aguda a esa sustancia.

Ante a aparición de residuos na zona do Contrasto-A Pereira tras unha obra do Concello, e para minimizar esa exposición, a Consellería decidiu a delimitación da zona contaminada e a determinación da poboación potencialmente afectada por este evento, con enquisas epidemiolóxicas e tomas de mostras en pozos, traídas veciñais e fontes na área identificada pola confederación hidrográfica para identificar a orixe, as vías e os tipos de exposición aguda ou crónica.

Informamos a cada veciño por carta dos resultados das mostras de auga recollidas nas súas vivendas; difundimos recomendacións sanitarias sobre o consumo de auga procedente de pozos, mananciais e traídas veciñais e de produtos de horta e de orixe animal; informamos os veciños e o Concello en varias reunións mantidas na casa do Concello con técnicos da Consellería, e solicitamos ao Concello no seu momento que tiña que garantir a alternativa e a subministración de auga potable con garantías sanitarias, así como rematar as obras de extensión da rede de saneamento, xa que, desde o punto de vista sanitario, independentemente das outras actuacións de xestión ambiental que se teñan que facer a medio ou longo prazo no terreo, era convinte illar os focos detectados para frear a exposición dos veciños.

Biomonitorización das persoas expostas na zona afectada para tratar de cuantificar a intensidade da exposición: isto non é un suposto ou presunto —como dicía a señora deputada—, é un estudo real, con moi poucas experiencias internacionais, porque a maior parte dos que están expostos son traballadores de lindano, e pouca poboación xeral. Polo tanto —como digo—, biomonitorización das persoas expostas, conxuntamente cos resultados desa enquisa, mediante tomas de mostras de sangue a veciños espazadas no tempo —marzo e outubro do 2018—.

O 27 de xuño do 2018 entregáronse os resultados das primeiras analíticas aos veciños nunha reunión no propio concello do Porriño, e tamén se estableceu unha vía rápida para que, ante calquera problema, o médico de atención primaria desta zona puidera derivar ao especialista do Álvaro Cunqueiro de forma inmediata. A segunda acaba de celebrarse o pasado luns 1 de abril, tras convocar, por carta certificada, todas as persoas afectadas. Que o entenda como



un insulto, como que insultou aos veciños o director xeral... Quen o coñeza sabe perfectamente que é unha persoa respectuosa. Desde logo, ten que gardar a confidencialidade dos datos, pero é algo que temos que facer, porque estamos nun proceso de transparencia e, desde logo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...velando pola saúde dos veciños do Porriño.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Señor Almuíña, ¿que confidencialidade hai nunha fila de persoas para recoller analíticas, que levaban sete e oito analíticas da xente da súa casa? ¿Que confidencialidade hai aí nos datos? ¿Que tipo de protección ás veciñas? Claro que se faltou ao respecto, díxoselles que era que non entendían. Vostede non estivo alí, pero tratáronos de ignorantes; foi vergonzoso o que pasou, ¡vergonzoso! Díxoselles por parte dos veciños que había lindano na zona de Torneiros e que había lindano no instituto público, e díxoselles: pois avisen o director. Esas foron as respostas do responsable de Saúde Pública deste goberno. Foi absolutamente vergonzoso.

Non se está a facer ningún tipo de control a medio prazo. Dúas analíticas dunhas persoas dun barrio concreto non solventan o problema de todo un polígono, de vivendas, de escolas, de negocios, de lugares onde a xente vive e habita de maneira normal, dun parque no que hai debaixo toneladas de produto. Non teñen ningunha planificación para solventar iso e non se está facendo ningún tipo de control da xente que vive en Torneiros. O lindano non se elimina, señor Almuíña; é persistente, así o indican os estudos da Comisión de Peticións e o informe da Dirección Xeral de Política Interior. Hai informes da Comisión Europea. Nós estivemos reunidos, e dixeron que vostedes non fan nada porque non queren e que hai fondos á súa disposición.

A exposición ao lindano está relacionada con moitos problemas de saúde. Eu recoméndolle —porque non teño tempo— que lea o informe publicado pola Organización Mundial da Saúde en *The Lancet* no ano 2015. Son un montón de problemas de saúde e mais os que poderían existir que aínda non están investigados ou cunhas conclusións que fagan unha relación concluínte en relación coa exposición.

Pero, señor Almuíña, non hai unha planificación. Os veciños están que non saben, e vostedes non están descontaminando a zona. A realidade é que hai toda unha poboación no polígono de Torneiros que non está tendo atención ningunha, cero, á súa saúde. E perdoe que lle diga: repartir resultados de analíticas nunha sala de plenos dun concello non é, desde logo, unha consulta de sanidade. Xa está ben de tomarlle o pelo á veciñanza e de tratalos como se fosen uns ignorantes. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Para a rolda de réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): A única que tratou como ignorantes ata agora foi vostede.

Mire, ademais de atender e facer seguimento das persoas potencialmente expostas... Porque vostede sabe, ademais, que os especialistas que hai —como digo— son moi poucos a nivel internacional, porque é un problema, desde logo, moi pouco frecuente. Á parte diso, para evitar a exposición hai que eliminar os residuos nos solos afectados —claro, iso tamén o sabemos nós—, e esa tarefa está sendo abordada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Encargouse unha investigación no 2017, cando se detectou a situación na zona do Contrasto-A Pereira, e, analizados os resultados, ampliouse o estudo e contratouse unha nova investigación de cara a determinar a cantidade de residuo e solo contaminado e poder elaborar un proxecto de descontaminación na zona. Os resultados analíticos amosan que unicamente se detecta residuo soterrado procedente da fabricación de lindano na pista principal do Contrasto, que é unha vía municipal, polo que a descontaminación se vai centrar neste lugar.

Para iso, contratouse a redacción do Proxecto de eliminación de residuos por un importe de 2,5 millóns de euros. O prazo estimado de execución é de seis meses. Este proxecto está pendente de execución, lembrando —como dicía antes— que é unha vía municipal. Este proxecto, xunto coas investigacións previas realizadas, foron remitidos ao Concello do Porriño en xuño do 2018 por correo electrónico e por correo postal certificado. Parece ser que a alcaldesa, nesa reunión, dixo que non coñecía ese estudo; pois parece ser que está enviado —como digo— por correo certificado xa hai uns meses.

Ademais, atópase na última fase para a súa adxudicación o concurso de licitación por lotes dos traballos de estudo da cela de seguridade do polígono de Torneiros, no Porriño, encapsulado, realizado no 2001 para coñecer a situación e valorar a necesidade de realizar actuacións adicionais. O estudo ten unha duración de oito meses e un importe de licitación de cento nove mil euros. E un plan de investigación integral das zonas afectadas pola continuación por lindano para identificar os posibles focos de contaminación de solos e augas por residuos de lindano no concello do Porriño e zonas limítrofes situadas no concello de Mos, coa definición de actuacións máis axeitadas. Durará dez meses, cun importe de licitación de 393.409 euros.

Desde a Consellería de Sanidade reiteramos: repetiremos as analíticas e as enquisas no último trimestre deste ano e seguiremos facilitando unha atención sanitaria adecuada ás persoas da zona do Contrasto-A Pereira. Como xa dixemos, habilitamos vías de acceso —vías rápidas— a especialistas en caso necesario. Por outro lado, e dado que non existen neste momento protocolos internacionais específicos para o seguimento deste tipo de exposicións, informárase periodicamente os sanitarios da zona das novidades que vaian xurdindo en re-



lación con este tema. Mantéñense as recomendacións de non consumir nin usar a auga dos pozos, regatos ou fontes da zona para cocíñar, aseo, rego de horta, etc., e de non consumir produtos de animais criados nesas vivendas nin produtos de horta, especialmente tubérculos, cultivados en terreos nos que non se pode descartar a contaminación ou regados con auga da que non se poida desbotar que estea contaminada.

Desde logo, imos seguir, e temos que dar unha mensaxe de tranquilidade:

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Os niveis atopados nos veciños non son clinicamente significativos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Flora María Miranda Pena, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas pola Consellería de Sanidade para o deseño dun plan para abordar a situación da atención á saúde mental en Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Miranda Pena.

A señora MIRANDA PENA: Boa tarde.

Graciñas, presidente.

A súa consellería, señor Almuíña, só sabe manipular con plans sobre o papel, plans sen concreción e sen orzamento que non resoven os problemas de saúde da xente. O Partido Popular deixounos sen Plan de saúde mental xa hai dez anos. Prometeuno aí, nesa tribuna, en marzo do 2017 e aínda seguimos sen ningunha concreción.

O Movemento Galego da Saúde Mental, integrado por profesionais comprometidas, acaba de emitir un informe sobre o estado da cuestión. É alarmante, porque consideran que hai un déficit de persoal e de recursos sanitarios. Non hai atención digna sen programación, sen persoal e sen orzamento.

Nos últimos anos, a xente sufriu as consecuencias da mal chamada crise: aumentaron os trastornos psíquicos, aumentou o sufrimento insoportable e empeoraron as condicións de vida das persoas. A propia Organización Mundial da Saúde alertou sobre estas consecuencias. E vostedes miraron para outro lado, non fixeron nada para reducir o impacto da crise nas persoas máis vulnerables. Dende o 2009, que é dende cando vostedes gobernan, hai máis privatizacións, parálise de recursos e recortes de prestacións. Neste tempo consumimos máis fármacos, frecuentamos máis os servizos e empeoramos a nosa saúde mental.



Revisamos o informe que acaba de publicar o Movemento Galego da Saúde Mental, pero, por se non lles serve, tamén revisamos o que vostedes mesmos encargaron ao doutor Mateos. As conclusións son para sacarlle as cores, señor conselleiro: aumento de prevalencia da patoloxía mental en Galicia dun corenta e seis por cento, especialmente nas mulleres e especialmente ansiedade e depresión; se falamos de nenas e nenos, este aumento é do sesenta e seis por cento. Está claro que a xente sufriu durante a crise, e vostedes fixeron oídos xordos. Aumentou un douscentos por cento o consumo de psicofármacos, especialmente de antidepressivos. ¡Un douscentos por cento! Ata incluso nos alerta a Axencia de Avaliación do Medicamento.

En Galicia hai seis mil persoas con trastorno mental grave, e case a metade —¡case a metade!— non foi ao médico, nin á primaria, nin ao hospital. Señor conselleiro, ¿que lle di isto da accesibilidade do sistema sanitario? ¿Que lle di isto de como protexemos as persoas máis vulnerables? (*A señora Miranda Pena amósalles un documento aos membros da Cámara.*) Miren, este titular era da semana pasada de *La Voz*: «Tres meses sen cita en psiquiatría tras intentar suicidarse». Oito mil persoas esperan unha primeira cita en Psiquiatría. A primaria está absolutamente saturada e sen poder derivar a Psicoloxía. Se tiveramos unidades de Psicología Clínica en primaria resolveríamos moito máis e medicalizaríamos moito menos o sufrimento da xente.

Hai unha política de desmantelamento da saúde mental, de suicidio, de psicofármacos, de inequidade, de falta de accesibilidade. Hai unha soa unidade de Hospitalización Infanto-Xuvenil, e todo o sur de Galicia está desprovisto.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora MIRANDA PENA: Houbo que mobilizarse contra os cuartos de contención na Coruña porque atentaban contra os dereitos das persoas. Hai falta de recursos en Psicoxeriatría, especialmente en Ourense, que é a provincia máis avellentada...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora MIRANDA PENA: ...e hai un corenta por cento de déficit de profesionais.

¿Que van facer con isto, señor conselleiro? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Evidentemente, estamos a elaborar un plan de saúde mental de Galicia, e recórdolle que, desgraciadamente, o plan nacional de saúde mental foi deixado sobre a mesa despois de tres anos de traballo de moitos profesionais. Non podemos esperar, desde logo, a que a nivel nacional fagan ese plan; nós imos seguir traballando neste plan.



Pero seguimos, loxicamente, traballando no día a día, e a estrutura básica son as unidades de Saúde Mental, que son o recurso desde o que se realizan accións preventivas e asistenciais. Por certo, temos en atención primaria unidades de Saúde Mental con psicólogos e con psiquiatras, porque parece que vostede o olvida.

En canto a persoal, apostamos pola especialización do persoal. En Galicia fomos pioneiros na creación da categoría de enfermería especialista, que inclúe, entre outras, a saúde mental. O pasado 4 de abril publicouse no *DOG* a resolución do concurso específico que permitiu a vinculación no conxunto das áreas sanitarias de oitenta e cinco destas profesionais.

Novas infraestruturas: en marzo do 2018 dotamos a área de Ferrol cun dispositivo especializado en atención ambulatoria infanto-xuvenil, e, de feito, xa as sete áreas sanitarias, todas, dispoñen dunha unidade similar. Estamos tamén traballando nunha nova unidade de Hospitalización Infanto-Xuvenil —que recordaba vostede— no Hospital Álvaro Cunqueiro para o sur da comunidade autónoma.

En canto a accións asistenciais, colaboramos e subvencionamos entidades con programas de apoio social a nenos con problemas psicosociais, trastornos do espectro autista e de alimentación, entre outros. Tamén incrementamos no ano 2018 as tarifas do dispositivo de apoio comunitario para persoas con trastornos mentais crónicos, a tarifa para o servizo que abona a reserva de uso de prazas e o número de prazas dispoñibles nos diferentes tipos de dispositivos. Financiamos un novo centro de rehabilitación psicosocial e laboral en Ordes con trinta novas prazas e un piso protexido en Pontevedra de cinco prazas, e incrementamos o número de prazas nos centros de rehabilitación psicosocial e laboral de Carballo e de Lugo. Tamén puxemos en marcha un programa de atención intensiva ás persoas con primeiros episodios psicóticos no Centro de Rehabilitación Psicosocial de Vigo e incrementamos o número de prazas en unidades residenciais, ata concertar todas as prazas autorizadas vacantes da nosa comunidade autónoma.

Ademais, realizamos proxectos para diminuír o estigma, incrementando a visibilidade das persoas que padecen un trastorno mental. En adicións, temos un presuposto que creceu no ano 2018 nun catorce por cento, superando os once millóns de euros. Desenvolvemos proxectos innovadores, como Supera a túa depresión, a través da plataforma de teleasistencia Telea, ou a autoprescrición de coñecemento a través do proxecto Biblioterapia en saúde mental. Estamos no proceso de completar a estrutura organizativa coa dotación de novos recursos de hospitalización de día e hospitalización de agudos de nenos e adolescentes, entre outros.

En formación, anualmente prográmanse actividades dirixidas a profesionais, a través da Axencia de Coñecemento en Saúde, e a pacientes, a través da Escola Galega de Saúde.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): En investigación, incrementouse a produción científica, destacando os institutos de investigación sanitaria de Vigo e Santiago, con numerosos proxectos neste ámbito.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Si temos accións asistenciais, formativas e investigadoras, pero, ao mesmo tempo, tamén estamos a planificar o futuro da saúde mental co novo plan.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra a señora Miranda Pena.

A señora MIRANDA PENA: Señor Almuíña, vén vostede desprezar ese papel de tecnócrata que trae a todos os plenos, ler datos e máis datos, pero está falando cunha traballadora da saúde; veño dunha consulta, non me pode enganar con ese datos que envolve vostede en papel celofán. Sei o que sofre a xente e tamén son consciente da impotencia profesional. Non lle imos comprar ese fume que nos intenta vender.

O plan prometido en marzo do 2017 non dá chegado; a estratexia 2020 parece un plan de ciencia ficción; constrúen plans de papel e intentan darlles aparencia de colaboración profesional; utilizan consultorías privadas —senón, miremos o Plan de prevención de suicidio—; utilizan as profesionais como parapeto da súa propia irresponsabilidade, e fan propaganda institucional.

Desampan as persoas máis vulnerables: as mulleres, os nenos, os anciáns e as persoas con trastorno mental grave. Non escoitan as persoas enfermas —non o suficiente— e tampouco as súas familias: as familias piden máis intervención social, non o que acaba de describir vostede agora; intervención pública. Fan falta hospitais de día, axuda domiciliaria, programas de respiro e rehabilitación psicossocial; é un dereito para os pacientes con trastorno mental grave. Queremos que conten en primeira persoa coas persoas afectadas por un trastorno mental; queremos que fagan máis prevención. ¿É esta a sociedade que vostedes queren? ¿A que non atende as persoas máis vulnerables e a que fomenta a exclusión?

Mire, señor Almuíña, no ano 1997 fixeron un estudo que estimaba que as necesidades de profesionais da saúde en Galicia eran de mil novecentas cincuenta persoas. Neste momento están traballando novecentas cincuenta, xusto a metade. ¿E sabe por que? Porque vostedes recortan a dotación en profesionais e, así, teñen que traballar dunha forma miserenta. Deberían reforzar a primaria e deberían reforzar tamén a psicoloxía clínica, porque eles teñen gran capacidade resolutive. ¿Que teñen pensado facer, en concreto?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora MIRANDA PENA: Porque non falou en absoluto de ningún plan de atención á saúde mental das persoas galegas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Miranda.

Para a rolda de réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.



O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): A verdade é que, escoitándoa a vostede, está claro que a esquerda é sensible e a dereita non o é. Se me di que vostede si escoita o sufrimento, parece que os políticos de dereitas non. E a asistencia hai tempo que a deixou, porque leva facendo política xa moito tempo. (*Aplausos.*)

Mire, hai máis dun ano que levamos traballando no plan de saúde mental, e estamos concretando as medidas que recollerá. Falar é sinxelo, pero traballar en conxunto ou facendo equipo é máis complicado. Neste proceso contamos con todos os axentes implicados e priorizamos as necesidades das persoas afectadas por problemas mentais e dos seus familiares, dos profesionais, das asociacións profesionais e doutras administracións públicas implicadas, para conseguir sinerxías que permitan previr a súa aparición, mellorar a atención sanitaria e diminuír a repercusión que o padecemento dun trastorno mental representa. Realizamos unha enquisa dirixida aos profesionais do ámbito sanitario e ás asociacións de persoas afectadas por trastornos mentais a fin de identificar os aspectos máis relevantes. Quedou patente a necesidade de mellorar a atención no ámbito de atención primaria, de desenvolver recursos para atención infanto-xuvenil e de potenciar a investigación neste campo.

Puxemos en marcha un proceso de consulta a grupos de expertos, nos que participaron as sociedades científicas de ámbito autonómico e estatal, a Asociación Galega de Saúde Mental, a Asociación Galega de Psiquiatría, a Asociación Española de Enfermería de Saúde Mental, a Asociación Galega de Pediatría en Atención Primaria, a Sociedade Española de Psicoxeriatría, representantes de entidades do terceiro sector, a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental —Feafes—, a Cruz Vermella, a Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais —Aspaneps—, Fademga-Plena Inclusión, colexios profesionais como o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio Oficial de Traballo Social e o profesional de diferentes ámbitos de atención á saúde mental, implicando as consellerías con competencias en materia de educación e de prestación de servizos sociais a menores e a persoas en situación de dependencia. Todos somos necesarios.

Adiantamos que as medidas do plan estarán centradas en intervencións acordes coa promoción da autonomía das persoas con trastornos mentais, en liña co borrador da estratexia nacional —como digo, borrador, porque non se chegou a aprobar—; na potenciación do enfoque comunitario como modelo asistencial; na coordinación coa atención primaria e na intensificación da atención sanitaria prestada especialmente aos colectivos máis vulnerables —menores, persoas en risco psicosocial e mulleres— e ás patoloxías máis graves e prevalentes. Afondaremos en medidas para asegurar aos doentes e ao seu entorno familiar e de coidados a atención axeitada en tempo e forma e o seu retorno á comunidade, cuestión na que vimos traballando nestes anos, incrementando os recursos de apoio comunitario e desenvolvendo novos modelos de atención comunitaria.

Si temos accións asistenciais, preventivas, formativas e investigadoras neste ámbito, pero, ao mesmo tempo, estamos a planificar o futuro da saúde mental en Galicia para os próximos anos. Dentro da Estratexia 2020, para nós, a enfermidade mental...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.



O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...e a planificación da saúde mental é fundamental.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro. Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns dos atrancos que está a poñer o Sergas para a construción canto antes do centro de saúde de Moaña

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Antes de máis, quero saudar os representantes da Mesa da Sanidade do Concello de Moaña e a súa alcaldesa, que nos acompañan desde a tribuna.

Señor conselleiro, a Xunta está en débeda cos veciños e veciñas de Moaña, un concello de arredor de vinte mil habitantes que non dispón dun centro de saúde do Sergas. A atención sanitaria recíbena no Centro Social do Mar, que foi adaptado para permitir a prestación sanitaria, e por iso levan anos demandando a construción dun centro de saúde.

No 2011, cun goberno do Partido Popular no Concello, realizaron unha modificación parcial do PXOM onde se estableceu unha parcela de 2.066 metros cadrados na zona de Sixalde para cubrir o que se precisaba de dotación sanitaria. Xa neste mandato, o Concello, no 2017, puxo en coñecemento do conselleiro que ían poñer á disposición esta parcela para a construción dun centro de saúde; unha parcela de 2.066 metros cadrados completamente edificables, con certificación urbanística que permite unha edificabilidade real, sen retranqueos, de 7.750 metros cadrados. O Concello ponse a traballar nos trámites urbanísticos para urbanizar a zona e permitir poñer a parcela á disposición da Xunta canto antes. Asina un acordo coas persoas propietarias de Sixalde, onde existe este solo reservado, e reserva no orzamento unha partida de trescentos mil euros para proceder á construción da rúa para dar acceso á parcela.

E, a partir de aí, empezan a xurdir os problemas por parte da Consellería de Sanidade, nestas casualidades que ten a vida. A Consellería comunícalle ao Concello que a parcela non é suficiente. O Sergas, o 27 de marzo, remite un escrito ao Concello comunicando que a parcela proposta polo Concello para construír o centro de saúde non é considerada axeitada. Reclaman 3.100 metros cadrados baixo a xustificación de que o tamaño da mesma é clave para non hipotecar o futuro do centro de saúde e de que a tendencia agora é a de tentar realizar os centros de saúde, de forma ideal, nas menos plantas posibles ou integramente en planta baixa. Chama poderosamente a atención, señor conselleiro, este cambio de criterio, porque o Sergas comunicáralles en agosto de 2018 que a previsión era construír un edificio de 1.500 metros cadrados por planta, e a parcela permite 7.750 metros cadrados.



Por iso eu hoxe, en nome dos veciños e veciñas de Moaña e do Concello de Moaña, o que lle pregunto é: ¿por que este cambio de criterio? ¿Será porque o Concello de Moaña está a facer o que lle corresponde para que se faga canto antes ese centro de saúde e vostede, a Consellería e o Sergas quedaron sen escusa para non facelo? Señor conselleiro: ¿cal é a razón de que, agora que o Concello deu os pasos decididos para que poida ser unha realidade a construción do centro de saúde, vostedes, desde a Consellería, estean poñendo todo tipo de atrancos para que ese centro de saúde non poida ser realidade?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Grazas, señor presidente.

Señora Prado, por fin coincidimos nalgunha cousa. Primeiro, en saudar a alcaldesa —os representantes do Grupo Popular— e os membros da plataforma, cos que estivemos xa en numerosas ocasións, porque temos todos un interese común. E —como dicía—, señora Prado, tamén estamos de acordo en que necesitamos un novo centro de saúde en Moaña.

Neste momento temos unha disgregación de actividade, e, por tanto, os máximos interesados —á parte, loxicamente, dos veciños de Moaña— tamén somos os membros da Consellería de Sanidade. Pero precisamente pola importancia que ten a comarca do Morrazo e porque queremos mellorar esas instalacións, contratouse un estudo de plan funcional de espazos para ver as mellores condicións que podía ter esta comarca tanto en funcións como, desde logo, en espazos.

Así, chegouse á conclusión —que foi presentado, por certo, o estudo no día 26 de xuño do 2018; non houbo moita afluencia, como quixeramos, de representación dos concellos implicados naquel momento— de que, para o que necesita Moaña, necesitamos unha parcela de 3.350 metros cun investimento de 4.350.000 euros; un grande investimento que é necesario e que queremos, desde logo, tratar. Nunha poboación —como dicíamos, Cangas e Moaña— de corenta e cinco mil habitantes, en total imos investir aí 11,2 millóns. Polo tanto, estamos de acordo en que é necesario.

Por iso, desde o 2 de febreiro solicitamos ao Concello que nos puxera unha parcela á disposición. Ese estudo marcaba que eran 3.350 metros. ¿Por que? Porque o que queremos é facer un edificio coas menores alturas posibles e con espazo para poder aparcar os profesionais e tamén os cidadáns que o necesiten; esas son as condicións que pedimos. Igual que pedimos ao Concello de Cangas exactamente 7.000 metros cadrados, ou, por exemplo, ao Concello de Lalín —que mañá vai ceder e a Xunta de Galicia, no Consello da Xunta, vai aceptar— unha parcela de 15.000 metros para facer un centro integral de saúde no concello de Lalín. Polo tanto, nós queremos facelo e non hai ningún atranco por parte da Consellería; como digo, estaríamos encantados de poder seguir adiante.



Desde o 2 de febreiro ata o 25 de marzo —hai uns días—, nun ano e dous meses levamos mandados seis escritos ao Concello de Moaña para tratar de firmar o convenio que firmamos con todos os concellos onde facemos unha infraestrutura sanitaria e para que se nos ceda a parcela; no día de hoxe, nin convenio nin parcela. Polo tanto, nós animamos, desde logo, ao Concello a seguir traballando e, canto antes, poder contar con esa parcela que —como digo— vai mellorar moitísimo as condicións de atención, non só por maiores funcións sanitarias, senón tamén pola integración desas funcións, neste momento despregadas en varios edificios.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Como digo, desde logo, a vontade é total por parte da Consellería, e esperamos que en breve poidamos ter esa parcela.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Nós cremos que o ideal son 3.350, pero, desde logo, no día de hoxe non temos nin esa nin outra máis pequena.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a rolda de réplica ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: A primeira pregunta que lle tería que formular é: ¿por que ese ideal o ten que cumprir o Concello de Moaña?

Eu agardo que vostede, na pantalla, sexa quen de ver estas imaxes que lle vou mostrar. *(A señora Prado Cores amósalles unhas imaxes aos membros da Cámara.)* Centro de Saúde de Marín: todos poden ver que ten soto, baixo e tres plantas; unha parcela de 2.600 metros cadrados, e construídos, 4.052. *(A señora Prado Cores amósalles unhas imaxes aos membros da Cámara.)* Todos poden ver isto, que é o Centro de Saúde de Tui, onde tamén é unha parcela de 2.049 metros cadrados e a superficie construída, 3.500 metros cadrados. Todos de recente construción. *(A señora Prado Cores amósalles unhas imaxes aos membros da Cámara.)* O de Gondomar, que se está construíndo, dúas plantas; o de Oia, que se inaugurou no 2016, tamén de dúas plantas; o da Estrada, que se está construíndo —señor conselleiro, se puidera velo, vese vostede aquí moi ben retratado diante dese Centro de Saúde da Estrada—, tamén de tres plantas.

¡Que curioso! Resulta que un concello que non está gobernado polo Partido Popular é o que ten que cumprir os ideais de construción. *(Aplausos.)* Os ideais de construción son para esas manobras de dilación e de paus nas rodas que fai o Partido Popular naqueles concellos onde non goberna. *(Balbordo.)* O Sergas e vostede, señor conselleiro, non teñen absolutamente ningunha razón para non construír o centro de saúde na parcela que está practicamente en condicións de poñer á disposición o Concello de Moaña e para poder asinar ese convenio. Se non o fan é por puro sectarismo, *(Unha señora deputada: ¡Tal cal!)* unha manobra política contra un concello polo feito de non estar gobernado polo Partido Popular, única e exclusivamente. *(Murmurios.)*



Eu hoxe, desde aquí, o que lle solicito é que rectifique, (*Murmurios.*) que deixe de poñer atrancos e problemas aos edificios...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora PRADO CORES: ...que se poña a traballar para dotar a Moaña do centro de saúde que precisa e para asinar o convenio, e que lle conceda a reunión á alcaldesa e á Mesa da Sanidade que lle solicitaron e que vostede non tivo aínda a ben concederlle.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Iso é o que ten que facer vostede; facerse menos o simpático e traballar para que os veciños e veciñas de Moaña...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. O seu tempo xa rematou.

A señora PRADO CORES: ...teñan o centro de saúde que precisan. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade.

Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Agradezo á señora Prado a publicidade que fai das construcións que fai a Consellería de Sanidade. (*Aplausos.*) Pero sería triste que os que defenden os veciños de Moaña sexamos só a Consellería de Sanidade.

Nós queremos facer un edificio canto máis accesible, mellor. (*Murmurios.*) En Caldas de Reis rexeitamos unha parcela que tiña o Concello porque estaba nunha zona inundable; entón, nós buscamos a mellor parcela posible para facer os mellores servizos sanitarios. (*O señor conselleiro amósalles un documento aos membros da Cámara.*) Por certo, esta é a publicación presentada en xuño de 2018, onde se indican os metros, claramente, que se necesitaban. No día de hoxe non temos esta parcela, pero tampouco temos a parcela que di o Concello que ten para o centro de saúde; non está presentada, non está posta á disposición para facer o proxecto de obra e logo a obra en si.

Nós imos seguir traballando, porque —como digo— Moaña necesita un novo centro de saúde, é importante. Nós imos defender os veciños de Moaña para que teñan o mellor servizo posible. Van ter unha área asistencial con catorce consultas médicas e de enfermería, seis salas polivalentes, unha sala de técnicas, unha sala de telemedicina, unha sala de ecografía, unha sala de toma de mostras, dúas consultas pediátricas, dúas consultas de enfermería pediátrica, dúas salas polivalentes e una sala de lactancia; unha área de fisioterapia cunha consulta e seis cabinas de tratamento; unha área de matrona cunha consulta e unha área parto, e un despacho para a traballadora social. E, desde logo, tamén albergará un concepto importante que hai na comarca do Morrazo e que defendemos, porque é unha comarca



importantísima de Galicia, unha comarca que crece e unha comarca que ten unha poboación tamén xove, e, polo tanto, necesitamos dar ese concepto de atención integral de saúde, cun centro integral de saúde en Cangas e un magnífico novo centro de saúde en Moaña. Como digo, imos seguir intentándoo e imos seguir traballando para que isto sexa posible. Vai albergar, ademais, unha área integral de hospitalización a domicilio para os dous concellos; vai estar neste centro de saúde.

E, como dicía antes, mañá, no Consello da Xunta, vaise aprobar a cesión da parcela de 15.000 metros cadrados do Concello de Lalín. Por certo, houbo unha reunión do alcalde de Lalín e o alcalde de Cangas dicindo que a Consellería de Sanidade non quería facer os centros de saúde; mañá Lalín, despois de catro anos, pon unha parcela de 15.000 metros cadrados á disposición. Pedímoslle a Cangas unha de 7.000 e a Moaña unha de 3.350.

Para facer as cousas mal creo que non estamos en política; debemos facelas o mellor posible. Desde logo, os veciños de Moaña mereceno.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a execución da partida ou das partidas orzamentarias destinadas nos anos 2017 e 2018 ao plan para fixar poboación no rural elaborado pola Consellería do Medio Rural e cofinanciado con fondos europeos

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Boas tardes, señor conselleiro.

Señor conselleiro, vostede sabe que Galicia esmorece. O despoboamento é hoxe un dos problemas máis preocupantes no noso país. O balance de dez anos de goberno ininterrompidos do presidente Feijóo e das súas políticas déixanos un país con noventa e cinco mil persoas menos, un país que perdeu duascenas vinte mil persoas menores de corenta anos e un país no que a poboación maior de sesenta e cinco anos é o vinte e cinco por cento, mentres que os menores de vinte anos non chegan ao dezaseis por cento.

Os datos publicados hoxe no INE din que o 93,5 por cento das mulleres galegas menores de trinta anos non teñen fillos, o peor dato de todas as comunidades autónomas. E os xornais dinnos: «*Trabajo temporal y eventualidad, un freno a la maternidad en Galicia*». «*La sangría demográfica se agrava: 60.000 jóvenes gallegas no quieren ser madres*».

Dos que quedamos, señor conselleiro, o reparto tamén é desigual: a maior parte da poboación concéntrase ao longo do trazado da AP-9. Temos tres mil quiñentas parroquias como zonas



pouco poboadas en trescentos trece concellos, oito de cada dez concellos galegos perderon poboación na última década, e en dez anos temos vinte concellos máis con menos de dous mil habitantes.

O 23 de marzo de 2017, cando o Partido Popular levaba xa gobernando ininterrompidamente oito anos, con datos demográficos ano tras ano demoledores, anuncian un plan para fixar poboación no rural dotado con douscentos trinta millóns de euros. Un plan que, na realidade, é a recollida dunha serie de partidas orzamentarias que xa existían, algunhas incluso as recortan; plásmenas xuntas nun papeliño e así chámanlle plan. Un plan ao que, ademais, cumprindo coa política de transparencia habitual da Xunta de Galicia, é practicamente imposible facerlle un seguimento orzamentario.

O presidente da Xunta de Galicia, no seu discurso de investidura, anunciou que esta ía ser a lexislatura do rural, pero a verdade é que nesta lexislatura do rural, cando o crecemento galego en termos do PIB estivo arredor do tres por cento, somos menos, temos unha Galicia máis envellecida, a maior parte do emprego que se crea segue a ser precario, a sociedade do benestar non se recuperou, hai falla de apoio aos sectores produtivos para que permanezan e melloren a súa produtividade e progresivamente imos perdendo servizos no rural: precarización do servizo de transporte público, falla de aposta polas comunicacións TIC no rural, deficiencia na substitución de médicos de familia, deficiencia en atención pediátrica nos centros de saúde, falla de escolas infantís ou puntos de atención á infancia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...insuficiencia de prazas en centros residenciais e de día e redución de axudas para o impulso do rural...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...dos GDR e dos camiños municipais, entre outros.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, o señor González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Señora Rodríguez Rumbo, menos mal que só tiña tres minutos para contar toda esa retahíla.

Presidente, señorías, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) como saben, o Plan de fixación de poboación no medio rural supón un pilar fundamental no traballo e na estratexia da Xunta de Galicia. Con este plan pretendemos procurar unha cohesión territorial e o mantemento da poboación, apoiando as actividades socioeconómicas do rural, a creación e conservación de emprego e o desenvolvemento de novos modelos de negocio, así como o desenvolvemento territorial equilibrado das economías e das comunidades rurais.



Este plan está articulado en seis grandes eixos: cohesión territorial, innovación e formación, agricultura sostible, mellora da competitividade, renovación xeracional e cooperación, que, á súa vez, se dividen en vinte e tres medidas, entre as que quero destacar a reestruturación parcelaria, o incremento da base territorial das explotacións, o programa Leader, o fomento de proxectos piloto no rural, o mantemento de actividades agrarias en zonas con limitacións naturais, os investimentos en tecnoloxías forestais, a instalación de mozos na actividade agraria ou o fomento da utilización da maquinaria en réxime asociativo, entre outras medidas.

En total, a dotación deste plan foi de máis de douscentos trinta millóns de euros en catro anos, ata o 2020. Vou citar, como era a pregunta, as partidas máis importantes, coa execución que se ten neste momento: para investimentos en explotacións agrícolas, corenta millóns de euros, e neste momento temos o sesenta e dous por cento executado; para transformación e comercialización de produtos agrarios, trinta e un millóns de euros, e neste momento temos o cento dez por cento executado; en reestruturación parcelaria, vinte e sete millóns de euros, co oitenta e nove por cento executado; para os programas Leader, vinte e un millóns de euros, co cento vinte e seis por cento executado; para mantemento de actividades agrarias en zonas con limitacións naturais, dezasete millóns de euros, co douscentos vinte e un por cento executado.

Home, eu podo dicir que o plan está funcionando na súa configuración, e dicímolo porque, no día de hoxe —recorden: douscentos trinta millóns para o período 2017-2020—, levamos executados douscentos corenta e cinco millóns de euros, é dicir, unha execución no seu conxunto do cento seis por cento. E se quere por eixos os datos: en cuestión territorial estamos no oitenta e sete por cento; en innovación e formación, no corenta e catro por cento; en agricultura sostible, no douscentos catro por cento; en mellora da competitividade, no cento trece por cento; en renovación xeracional, no setenta e catro por cento, e en cooperación, no 143,5 por cento. En total —repito—, unha execución, neste momentos, a dous anos de que remate o plan, do cento seis por cento.

E, para finalizar a miña resposta, quero destacar a importancia deste gran plan para o futuro de Galicia, un futuro que pasa polo rural, porque, señorías, Galicia é rural.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleiro.

Para a rolda de réplica ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señor conselleiro, os socialistas estamos totalmente de acordo co obxectivo dese plan: acadar un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais e a creación e conservación do emprego. Pero, mire, señor conselleiro, voulle dar datos eu tamén —coma sempre—, datos que desmenten as declaracións do señor Núñez Feijóo cando anuncia a lexislatura do rural, datos que desmenten a idea de bo xestor do presidente Feijóo *(Murmurios.)* e datos que desmenten as políticas de publicidade e propaganda do Partido Popular.



Mire, os datos de ocupación na agricultura —datos EPA— dinnos que dez anos do Partido Popular deixan dezanove mil seiscientos ocupados menos na agricultura, e, desde que se implantou o plan, son tres mil quiñentos menos. E voulle dar datos de execución da súa consellería. Execución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, programa 712A - Fixación de poboación no medio rural: na lexislatura do rural 2016-2018, dos créditos iniciais, deixaron sen executar vinte e nove millóns de euros. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Execución da Consellería do Medio Rural... *(Murmurios.)*

Señor presidente, por favor, ou calan ou que marchen. *(Balbordo.)* Home, é que é o colmo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Xa sei que non lles gustan os datos.

Execución da Consellería do Medio Rural en actuacións e valorización do medio rural e dinamización económica do medio rural: exercicio 2016... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Todos.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...deixan sen executar sesenta e sete millóns de euros; exercicio 2017, deixan sen executar setenta e catro millóns de euros; exercicio 2018, máis de cento trinta e cinco millóns de euros sen executar. En total, señor conselleiro, na lexislatura do rural, a Xunta de Galicia deixa sen executar trescentos cinco millóns de euros en programas directamente relacionados co desenvolvemento rural e co asentamento poboacional no rural.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Unha cousa é o que din e outra moi distinta é o que fan.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Ten a palabra para a réplica do Goberno o conselleiro do Medio Rural, o señor González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Señora Rodríguez Rumbo, eu entendo que teñan que utilizar as preguntas para machacar e para dar datos; dan datos, dan datos, dan datos... *(Murmurios.)* Eu acábolle de dicir... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Balbordo.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, todos. ¡Silencio! (*Balbordo.*) Silencio. Continúe.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Grazas, señor presidente.

A pregunta é: ¿cal foi a execución orzamentaria da partida ou partidas destinadas a este plan nos anos de vixencia? A resposta é: cento seis por cento; douscentos trinta millóns de euros orzados, douscentos corenta e cinco executados. Eu non lle podó dar máis datos con máis certeza. (*Aplausos.*)

Miren, o futuro de Galicia pasa por un rural forte, atractivo e novo —eu entendo que disto poidan dicir que é un discurso de vostedes, pero é o noso discurso tamén—, un rural que sexa dinámico e que permita loitar contra os tres grandes retos que temos e que están intrinsecamente vinculados entre si:

En primeiro lugar, a loita contra o despoboamento, que provoca que o rural galego teña unha maior fragilidade económica e que supón un perigo para o contorno, xa que disto derivan, entre outras cousas, a erosión do terreo ou un incremento de vexetación espontánea, o que incrementa, dende logo, o risco de incendios. Por iso aposta este plan polo financiamento, con corenta millóns de euros nos programas para mellorar a competitividade ou con trinta e cinco millóns de euros para agricultura sostible; son cartos que poñemos para estes obxectivos.

En segundo lugar, este plan ten que actuar de forma importante na renovación xeracional do agro galego. Co envellecemento da poboación aumenta de forma considerable o risco de abandono da actividade agraria e hai unha menor capacidade no rural de adaptación aos cambios e de innovación tamén. Por todo isto, este Plan de fixación de poboación no rural adica sesenta e cinco millóns a este segundo eixo, dos cales vinte millóns son para a fixación de mozos na actividade agraria. Eu pregunto: ¿acaso está mal que incorporáramos nos últimos tres anos 1.466 mozos á actividade agraria con estes cartos? ¿Está mal iso? ¿Esta remuda xeracional é mala porque a fai o PP? (*Murmurios.*) ¿Cal é o problema de que nós fagamos as cousas que nos comprometemos a facer?

En terceiro lugar, o plan actúa tamén contra a dispersión, o que provoca que o custo pola prestación de servizos aumente, así como que tamén se eleven os custos para a dotación de infraestruturas no noso rural. Por iso, este plan leva setenta e dous millóns de euros adicados á cohesión territorial, con gran peso no arranxo de camiños municipais, á reestruturación parcelaria ou aos programas Leader. A cohesión territorial pasa, señorías, polo mantemento da poboación. E tamén é fundamental apostar por apoiar aqueles modelos de negocio consistentes na explotación de recursos endóxenos e que podemos asimilar con negocios máis tradicionais, así como apostar polos novos modelos de negocio.

Señorías, o rural ten que ser o motor da Galicia do futuro, e isto é un reto que supón o maior desafío para esa Galicia que todos queremos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego respecto da resposta do comisario de Medio Ambiente da Comisión Europea a unha pregunta dunha eurodeputada galega en relación co posible aumento da superficie forestada con eucalipto en Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Esa eurodeputada galega chámase Ana Miranda, que, dito sexa de paso, vale por dez. (*Aplausos.*) Preguntou sobre o aumento de especies invasoras pirófitas e, en concreto, do eucalipto neste noso país, e foi respondida deste xeito: o programa de desenvolvemento rural da rexión exclúe o aumento da superficie forestal desta especie.

Isto bate frontalmente coa revisión do Plan forestal, que prevé un incremento en eucalipto do oito por cento en masas puras e do vinte e seis por cento en masas mixtas, pero ¿de que totais de superficie forestada con eucalipto falamos? ¿Hai datos fiables? Porque nos últimos dez anos, que van desde o Informe forestal 3, de 1998, ata os do informe forestal 4, de 2009, practicamente duplicáronse as hectáreas, e desde 2009 non temos nada.

Mais nestes dez últimos anos, en actualización de datos, ¿que pasou? Pois un incremento de tal magnitude que ata a mesma Consellería recoñecía nun escrito en 2017 que nos últimos dez anos a superficie de eucalipto *nitens* se viña incrementando a un ritmo de doce mil hectáreas por ano.

¿Que datos trasladan da súa Consellería, señor conselleiro, á Comisión Europea? ¿Os de hai dez anos? ¿Os do novo Plan forestal, que unicamente contempla eses? ¿Saben nesa comisión que a realidade do noso país son masas monoespecíficas ou biespecíficas pirófitas de centos e centos de hectáreas sen descontinuidade? ¿Saben nese Programa de desenvolvemento rural europeo que aquí pisamos sobre un vasto polvoriño, sobre un territorio sen ordenación nin silvicultura, froito das políticas forestalistas dunha poderosa e caciquil pasteira chamada Ence? ¿Saben que os cento vinte millóns de euros para a prevención de incendios e os doce para a restauración do queimado que manda Europa se van no fume dos lumes? ¿Saben que en Galicia andamos a voltas cunha revisión do Plan forestal que dá validez á conculcación sistemática das previsións do mesmo, é dicir, que establece como punto de partida a violación do anterior?

En catro décadas a superficie ocupada polo eucalipto decuplicouse, pasando de 27.639 hectáreas a 288.000, só en masas puras. O resultado é un país, o noso, coa color verde oliva suxa, onde os lumes están á orde do día e a superficie agraria útil ronda o 21 %. Voulle repetir a resposta do xefe de gabinete do señor secretario da Comisión: o Programa de de-



senvolvemento rural da rexión exclúe o aumento da superficie forestal desta especie; «exclúe».

¿Que opinión lle merece ao Goberno galego a prohibición tácita do aumento de superficie forestada con eucalipto ao que alude o comisario na resposta citada anteriormente? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rivas.

Ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, o señor González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Antes de comezar coa miña resposta á súa pregunta, quero comezar cunha pregunta ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. É: ¿como se senten ao inventar datos cun único motivo partidista de batalla ideolóxica, datos totalmente falsos, que só danan a imaxe de Galicia, tendo en conta, curiosamente —din vostedes—, que é aquilo que máis queren defender? ¿Como se senten?

Miren, ao Goberno galego parécelle perfecta a opinión do comisario, que é certa, ademais. No Plan de desenvolvemento rural non hai nin un só céntimo de euro para os eucaliptos. Pero o Goberno galego o que non fai é inventar cifras, señor Rivas, non inventa datos. Vostedes hai agora case un mes saíron na prensa acusando de que en Galicia existían, segundo datos oficiais, catrocentas oitenta e cinco mil hectáreas de eucalipto; engadiron que algúns expertos —xa me dirá onde están eses expertos— elevaban a cifra ata seiscentas mil. Pero son eu quen lle fai a pregunta: ¿que datos oficiais son estes? (*Risos.*) Si, si, porque lle pregunto, contésteme. ¿Que datos oficiais son estes? (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): ¿Que expertos son os das seiscentas mil hectáreas? ¿Como poden mentir ao pobo galego con tanto descarro? Veño hoxe aquí desmontar con datos oficiais o que di o Bloque respecto do eucalipto.

Miren, hai tres semanas no pazo de Quián, en Sergude —por certo, estaba alí o rei de España; vostedes foron invitados; igual, como non son monárquicos, non se lles ocorreu vir—, (*Murmurios.*) adiantáronse os datos do Inventario de especies produtivas ou de crecemento rápido do noroeste peninsular; datos oficiais do Goberno de España, que non da Xunta, datos de hai tres semanas, señorías; recorden: os expertos, seiscentas mil. ¿Que din eses datos oficiais? A superficie de eucalipto en Galicia é de trescentas mil hectáreas, (*Murmurios.*) 300.507 para ser exactos. ¿Saben canto é trescentas mil hectáreas? Practicamente o mesmo que o Inventario forestal 4, con datos de 2010. É dicir, dende 2010 a 2018, que é cando se toman os datos do Inventario de especies de crecemento rápido, aumentou a superficie de eucalipto en doce mil hectáreas, un 4,3 %. ¿Saben canto son trescentas mil hectáreas? A metade do que vostedes anunciaron, a metade. Eu espero ver os datos deses expertos algún día. ¿Saben



canto son trescentas mil hectáreas de eucalipto? Un exemplo de convivencia en Galicia de diferentes especies, con cortas de madeiras que permiten a moitas familias galegas, a moitas, recibir cartos. É o exemplo da necesidade de industrias que fomenten a sostibilidade e fomenten tamén a corta destas especies, como, por exemplo, unha que coas medidas que están a tomar vai deixar de dar traballo a cinco mil persoas en Galicia,.

Miren, os eucaliptos son unha especie que contribúe, xunto con outras especies produtivas, a incrementar a renda de preto de oitenta mil galegos e galegas, aos que lles merecemos todos un respecto. Os distritos forestais nos que hai máis plantacións de eucalipto son os que menos arden en Galicia. E os eucaliptos son unha especie que ten que convivir con outras produtividades e coas frondosas caducifolias para, entre todos, facer un monte multifuncional, un monte vivo, dinámico e sostible, económica e socialmente.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra, para réplica, o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Señor conselleiro, o primeiro que ten que aclararlles a estes deputados, sobre todo aos que non son de medio rural, é se son trescentas mil hectáreas de puras ou mixtas. Iso é o primeiro. Porque as mixtas acábanse convertendo despois dun incendio en puras. Sábeo vostede moi ben, sobre todo cando o nivel de silvicultura que a súa Consellería promove é cero, cero. E voulle dicir máis: *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*... Grazas, grazas, ¡aí, home, aí! De 1.162 hectáreas queimadas o outro día en Rianxo-Dodro, novecentas eran de masa continua, e eran de eucaliptos e algún piñeiro, eran continuas. Dígame vostede que Servizo de Extinción de Incendios, cun vento sostido de 40 quilómetros/hora do nordés e rachas de 70 quilómetros/hora, é capaz de parar ese lume. Estamos sobre un polvoriño e ¿sabe por que? Porque a súa Consellería non é capaz *(Aplausos.)*, non ten os narices suficientes de facer unha ordenación do territorio, que é algo que este país ten pendente desde que o BNG deixou a Consellería do Medio Rural *(Murmurios.)*, a única lección que vostedes recibiron en medio rural en toda a súa historia de goberno, que é case toda a vida. *(Murmurios.)* Por favor, non se me alteren, non se me alteren.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor RIVAS CRUZ: Vostedes teñen que revisar a súa política forestal, ¿saben por que? Porque os lumes estanse repetindo nos mesmos sitios. E ¿saben por que? Porque despois dun lume como o de 2006 en Dodro-Rianxo volveuse repetir porque se volveu cometer a mesma barbaridade de deixar que se repoboe de calquera maneira e non facer silvicultura. E temos zonas no país nas que os lumes se repiten de década en década, que é o ciclo. *(Murmurios.)*

Dígalles, ¡por favor!, señor presidente, se a maior parte non sabe do que estamos falando. ¡Faga o favor! *(Murmurios.)* ¡Claro, caramba, claro que si!



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! Señor Pazos, silencio. Xa sabemos a diferenza. ¡Silencio!

O señor RIVAS CRUZ: Mire vostede, o Servizo de Prevención e Extinción de Incendios merece un grupo de expertos e a ordenación do monte deste país non, señor conselleiro. Esa é a asignatura pendente que ten vostede e que temos todos os que aquí representamos o país galego. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rivas.

Para o turno de réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, o señor González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Grazas, señor presidente.

Efectivamente, como o señor Rivas trasladou, non todo o mundo sabe o que é o de masas mixtas e o de masas puras. Masas mixtas é que pode haber especies no medio, que pode ser eucalipto, pode ser piñeiro, poden ser outras especies. Pero miremos o que dixo o señor Rivas nunha comparecencia ante os medios de comunicación. Di —ben, aquí pon Mini— o señor Rivas: «*Ha expuesto que el Plan forestal del año 1992, que terminará en el 2032, prevé que este año la superficie máxima de eucalipto en Galicia sería de doscientas cuarenta y cinco mil hectáreas*». Señor Mini, vostede sabe, señor Rivas, vostede sabe que isto é masa pura.

E despois di: «*Sin embargo, ya en el año 2017 hay el doble: cuatrocientas ochenta y cinco mil*». Isto oficialmente. Oficialmente a ver onde está. En masa pura. «*Pero los datos de los expertos llegan a seiscientas mil*». Eu digo —e repito— que en masa pura o dato do Inventario forestal de especies de crecemento rápido do noroeste peninsular do Goberno de España di 300.507, que, se os cálculos non me fallan, é a metade do que din os supostos expertos estes. Polo tanto, *fake news*, señor Rivas, por favor. *(Aplausos.)* E, se quere, noticia falsa, en galego.

Mire, acaba de dicir vostede tamén unha gran verdade, dúas. A primeira é que non hai servizo que en condicións climatolóxicas complicadas e con vento do nordés *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* poida parar —dá igual a especie— todo isto. Polo tanto, está vostede contradicindo un discurso que tiveron durante toda a comisión e está contradicindo o discurso de que din que ten que haber o dobre de xente traballando no Servizo. Polo tanto, eu recórdolle que, efectivamente, por aí podemos ir pola boa liña. Temos un servizo excepcional e temos que atacar outros problemas de base que están no ditame da Comisión de estudo da reforma forestal, que vostedes votaron en contra.

Miren, das cento vinte e tres recomendacións, hai case vinte recomendacións que falan de ordenación do territorio. Esas recomendacións de ordenación do territorio ¿saben onde se van implantar, señor Rivas? Na Lei de recuperación e posta en valor da terra agraria de Galicia, que vai combater ese problema de fondo que temos. Polo tanto, non me fale a min de ordenación do territorio rural, que o estamos a facer. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se facemos, porque facemos; e se facemos, porque xa son horas de que se faga. ¡Home!, ¿eu que quere que lle diga?



Mire, e por concretar na resposta claramente, vou facer uso deste documento (*O señor conselleiro do Medio Rural mostra un documento.*), que lle vou pedir ao presidente que entregue aos grupos parlamentarios, que é un informe, que, por certo, isto se está facendo, entre outras cousas, grazas ao que levamos tamén recollido de cambio de estrutura na Consellería, na que a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, que se adica a iso, recolle a previsión aos viveiros das plantas que se teñen que subministrar para repoboacións forestais financiadas con fondos públicos, que é o que dicía o comisario. Claro que non podemos utilizar fondos públicos máis que para isto.

E aquí, señor Rivas, están recollidas todas as plantas que os viveiros teñen que preparar, e pódolle asegurar que non hai nin unha planta de eucalipto. Hai (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —¡home!, son datos oficiais estes— *Pinus pinaster* e hai frondosas de todo tipo, castaño e por suposto tamén roble. Co cal eu o que lle quero trasladar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): ...—e xa remato— é que aquí están os datos oficiais do que nós facemos cos cartos de Europa, e pido responsabilidade...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): ...a todos os políticos en relación con este tema, e moita responsabilidade coas declaracións que facemos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D. Raúl Fernández Fernández e de D. José Manuel Pérez Seco, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as consecuencias da vaga de lumes rexistrada en Galicia no primeiro trimestre de 2019

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Boa tarde, señores deputados. Boa tarde, señor conselleiro.

Non quixera comezar esta pregunta sen resaltar e louvar, en nome do Grupo Socialista, todos os traballadores que conforman o dispositivo de loita contra incendios e que deron o mellor de si mesmos no labor de apagar os lumes e con iso protexer as veciñas e os veciños e o territorio galego. (*Aplausos.*) Vaia para eles o noso recoñecemento. Vaia tamén o noso agradecemento ao Goberno estatal pola axuda prestada nesta tarefa. E vaia, sobre todo, o noso recoñecemento e agradecemento á veciñanza afectada por múltiples incendios, que, armada



con caldeiros e mangueras, configurou unha marea humana que resultou decisiva para acoutar os lumes.

Semella paradoxal, señor conselleiro, que hoxe, despois de dez días de baixas temperaturas, con xenerosas choivas e nevadas, esteamos a falar de lumes. Pero esta situación climatolóxica favorable non debe empurrarnos a esquecer outra realidade próxima e preocupante. Así, nos tres primeiros meses de 2019 —xaneiro, febreiro e marzo—, Galicia foi escenario dunha intensa actividade incendiaria, espallada ao longo e ancho do seu territorio.

Esta vaga de lumes en Galicia provocou unha manifesta alarma social en forma de medo, de pánico e de noites horribles. E abrangue, abrangueu, o conxunto do territorio, de norte a sur e de leste a oeste: As Pontes, A Mezquita, Muros, O Barco, Carballo, Boiro, Calvos de Randín, Noia, Padrenda, Viana, Zas, Chandrexa de Queixa, Fisterra, Oímbra, Palas de Rei, Lousame, Vilariño de Conso etc., etc., etc. Dodro-Rianxo, máis de mil hectáreas queimadas.

Os incendios destacaron pola súa virulencia e intensidade, impropia desta época do ano, aportando unha superficie queimada que xa superou a todo o ano 2018.

Os expertos veñen alertando de que este tipo de lumes, agresivos e desestacionalizados, xa están en Galicia para quedar. Lembremos como exemplos próximos o outono de 2017 e os deste inverno de 2019.

Os incendios xa non entenden de temporadas, son imprevisibles. Pero xa hai tempo que hai alertas a esta nova situación. En 2050 na provincia de Ourense choverá a metade que na actualidade e Ourense camiña cara a un futuro con dúas únicas estacións: inverno e verán. Por todo isto, é imprescindible que a avaliación da política de incendios deba empezar por analizar o grao de implementación e efectividade das medidas programadas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...antes de poñerse a buscar incendiarios.

E por iso, ante esta vaga de lumes, lle formulamos a seguinte pregunta: ¿que consecuencias saca o Goberno galego da vaga de lumes do primeiro trimestre de 2019? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández.

Ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, o señor González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Señor presidente, eu tamén quero expresar —xa o fixen antes, pero vouno seguir facendo— o meu máis sincero agradecemento a todos os profesionais que neste primeiro trimestre, nas condicións máis extremas, traballaron por velar pola seguridade de todos os galegos e do noso territorio.

Miren, como saben todos, a vaga de lumes é un dos maiores males que sofre a nosa terra. A loita contra este mal, dende logo, é algo que nos cómpre a todos. Dende a Xunta de Galicia



amosamos a nosa preocupación polos lumes acontecidos no primeiro trimestre do ano, e, como vostede mesmo indica na súa pregunta, foron —é certo— lumes impropios da época do ano na que nos encontramos, sobre todo polo seu número, en gran medida polas condicións atmosféricas, moi favorables para a propagación dos lumes. As altas temperaturas, a seca na terra pola falta de chuvia e o vento do nordés fan un cóctel inmejorable para a propagación do lume, como foi o caso no incendio de Dodro-Rianxo.

Dende a Consellería do Medio Rural insistimos en que a arma fundamental para loitar contra os incendios forestais é ter un monte ordenado e cunha xestión forestal sustentable. Para iso fixemos a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, que está empezando xa a dar os seus froitos. Un monte ordenado axuda a previr incendios.

O principal reto que temos por diante é tamén o de concienciar toda a poboación de que a defensa do monte é unha obriga de todos. Tres de cada catro lumes son intencionados. No que vai de ano Galicia está a sufrir unha elevada actividade incendiaria, claramente provocada. Cando antes me dixo o deputado de En Marea que non dabamos os datos, eu teño aquí o avance informativo (*O señor conselleiro do Medio Rural mostra un documento.*) con todos os datos do primeiro trimestre deste ano, que vou incorporar ou vou ceder tamén ao presidente da Cámara, para que sexa coñecido por todos os grupos parlamentarios. Pero avánzolle os datos.

Miren, en tres meses, 585 incendios, máis de tres mil seiscentas hectáreas afectadas. E, ademais, o 78 % deses incendios foron provocados, con datos do Servizo, ben porque se iniciaban logo das 7 da noite ou porque tiñan tres ou catro focos ao mesmo tempo.

¿Cal é a eficacia do noso dispositivo? Eu falaba antes do período que foi do 23 ao 31 de marzo, que foi cando se xuntaron todos os incendios, 21 minutos de reacción. E, ademais, preto do 67 %, señorías, case sete de cada dez incendios quedan en conatos de menos de 1 hectárea. Practicamente o 4 % superan as 25 hectáreas. É dicir, temos un servizo eficazísimo. Pero constátase esa grande intencionalidade, e eu repito outra vez que o 78 % dos lumes dende xaneiro foron provocados.

Exemplos paradigmáticos de focos simultáneos, como dicía antes: en Laza, no incendio, dez focos; na Gudiña, dous lumes de tres focos; en Vilariño de Conso, múltiples focos ao longo dun quilómetro. En nocturnidade, máis do 45 % dos incendios foron entre as 19 e as 9 horas, cando xa se sabía que non podían actuar os medios aéreos.

Polo tanto, eu entendo —e con isto remato xa— que o principal reto que temos entre todos é de concienciar a poboación de que...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): ...a defensa do monte é unha obriga, sen ningunha dúbida.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para réplica, ten a palabra o señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, preocúpanos a falla de autocrítica do Goberno Popular en cuestión de incendios e preocúpannos os tics do Grupo Popular centrándose máis en buscar culpables que en atopar solucións. (*Aplausos.*) Así, durante sucesivos mandatos dos gobernos populares, xustificaron os lumes e os seus efectos na existencia de tramas incendiarias ata que a Fiscalía negou a existencia das ditas tramas, como tamén as negou a Comisión constituída neste Parlamento para aportar recomendacións ao dispositivo de prevención e extinción de incendios e á política forestal.

Señor conselleiro, as manifestacións permanentes, despois de que se inicia cada incendio, de intencionalidade —por certo, gratuítas, sen base na maioría dos casos— non solucionan esta problemática. Non digo que non existan incendiarios, ¡claro que existen!, pero centrarse permanentemente neste tema cremos que é un erro. No incendio de Dodro e Rianxo volveu suceder. Unha primeira manifestación —neste caso do señor presidente— de intencionalidade, para corrixila posteriormente unha vez que houbo outros indicios de causas do lume, como fora un poste eléctrico.

Esta vaga de lumes ten provocado pánico, medo, desaloxo de centros escolares, estradas e autoestradas cortadas ao tráfico, impotencia dos veciños. Recorrer ao metódico intencionado non é suficiente. Só a análise rigorosa de erros e acertos de cada lume aporta eficacia na loita contra os lumes. Lamentablemente, esa análise rigorosa non se está a facer.

Señor conselleiro, os novos lumes, máis vigorosos, máis destrutivos, desestacionalizados, xa están con nós, como alertaron moitos expertos. É un risco físico que debemos recoñecer, e actuar en consecuencia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor:

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...e ao Grupo Socialista tamén nos preocupa que o Goberno do señor Feijóo asuma e se instale na tese do primo do señor Rajoy negando o cambio climático e as súas consecuencias. Sobre esta cuestión, esperamos claridade. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández.

Para o turno de réplica do Goberno, ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, o señor González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Mire, eu teño que dicir con claridade que os que intencionadamente prenden lume para facer dano ás persoas ou aos bens son uns delincuentes, e temos que ir todos a por eles.



E sorpréndeme, señor Fernández, que poidamos falar de que non poñamos o foco nos incendiarios cando o 78 % dos incendios son intencionados. É que temos un problema que temos que resolver. (*Murmurios.*) Por suposto que hai moitos máis nos que estamos a traballar, pero eu téñolle que recordar que vostede, o Grupo Parlamentario Socialista, votou a favor dunhas recomendacións que se recollen no ditame da Comisión de estudo, que é o que estamos a implementar, e que todos sabiamos perfectamente que ían operar non só no curto prazo, operarán a medio e longo prazo, que tamén no curto, por cuestións que estamos facendo. Polo tanto, eu prégolle e transmítolle que teñan a sensibilidade de entender que todo iso que se está implementando ten que producir os seus resultados.

Mire, por dar algún dato, dende logo, nós o primeiro que dixemos é que entendiamos que a mellor devisa natural contra os incendios era un monte limpo ou con biomasa controlada e ordenado, e polo tanto tiñamos que ter unha unidade directiva —e isto recóllese nas recomendacións que vostedes aprobaron tamén— que traballara nesa planificación e ordenación forestal, e o que fixemos foi unha Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal; está traballando dende hai catro meses. Pero, por exemplo, este informe ao que aludía antes de necesidades de plantas para os viveiros xa o puido facer esa Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

Outra das cuestións que dixemos na Comisión de estudo é que era necesario avanzar na prevención. Entón, dentro da Dirección Xeral de Defensa do Monte creamos unha subdirección específica de prevención, e estamos falando co Servizo, transmitíndolle que ten que ser un servizo público, único e versátil. ¿E por que versátil? Porque non só ten que traballar en extinción, ten que traballar tamén en prevención.

E eu, referíndome ao incendio de Dodro-Rianxo, xa lle avanzo que aí trataremos de poñer xa en marcha o que pretendemos que sexa a fórmula de prevención cando pasan incendios deste tipo, para que non se volvan repetir, efectivamente, porque se repetiu e entrou polo mesmo sitio que no ano 2006.

Polo tanto, aí temos que ser capaces de habilitar novas medidas de prevención, e para iso temos a estrutura, para estar traballando neste ámbito.

Polo tanto, eu o que lle quero trasladar claramente é que temos esa concienciación, temos o apoio desa comisión de estudo na que estamos implementando as recomendacións, pero non hai ningunha dúbida —e volvo repetir— de que temos tamén un problema elevadísimo de intencionalidade, e mentres non concienciamos toda a cidadanía galega de que entre todos temos que acabar coa lacra dos incendiarios, temos un problema que nos vai ser moi difícil de resolver.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.



Pregunta de D. José Manuel Rey Varela e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a existencia dalgún contacto doutras administracións coa Consellería do Mar para o asinamento dun convenio ou colaboración para a implantación de melloras produtivas na ría de Ferrol

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Rey Varela.

O señor REY VARELA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora conselleira, moi boas tardes.

A ría de Ferrol é un recurso natural, turística e deportivo único para a cidade de Ferrol e para os concellos que baña a súa ría. Aproximadamente cincocentas familias traballan no sector marisqueiro, promovendo unha economía sostible medioambientalmente e traballando día a día por mellorar a calidade da nosa ría.

Dende hai anos o Goberno de Galicia vén traballando por mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros, promovendo medidas de conservación e rexeneración dos espazos marisqueiros e colaborando tamén —que é moi importante— coas confrarías na execución de proxectos conxuntos.

Hai por fin feitos e non palabras. O banco das Pías, clasificado, como vostede ben sabe, como zona C dende 1998, por fin pasou á clasificación de zona B en 2017, hai case dous anos. Con esta e outras medidas, por primeira vez aumentaron os permisos de explotación nun 20 %, é dicir, as persoas que poden ter na ría o seu medio de vida, recuperando tamén a tendencia positiva na facturación media anual.

Recentemente as confrarías de Ferrol e Barallobre plantexaron a necesidade de facer diferentes xestións cara á viabilidade da apertura de fondos na ría e a plantación de semente.

O saneamento debe seguir sendo unha prioridade, unha prioridade para conseguir mellor produtividade dos bancos, fomentando ademais medidas de conservación e rexeneración.

Queremos asegurar a conservación e explotación dos recursos marisqueiros, promovendo a mellora da calidade do sector e o seu desenvolvemento cara ao futuro.

Por esta problemática téñense presentado mocións, aprobadas practicamente por unanimidade, ademais, nos concellos de Ferrol, Narón e Mugardos. A Deputación da Coruña anunciara ademais —non sabemos se para que a Xunta de Galicia explicitara un compromiso determinado— que igualaría a aportación da Administración autonómica para esta importante finalidade, e o Goberno do Estado iniciou, en teoría, un estudo sobre os fondos da ría de Ferrol en colaboración co Cedex.



Pola importancia medioambiental e polo emprego deste sector, quería preguntarlle se houbo algún contacto da Deputación da Coruña ou do Goberno do Estado coa Consellería do Mar para o asinamento dalgún convenio ou colaboración para a implantación de melloras produtivas na ría de Ferrol. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rey Varela.

Ten a palabra a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Rey Varela, como vostede ben di, a ría de Ferrol é unha ría extremadamente importante para todo o que ten que ver co sector primario do mar de Galicia, e, polo tanto, nós agradecemos todas as posibles aportacións de todas as administracións que queiran axudar a Xunta de Galicia a revitalizar esa ría.

Ante a pregunta que vostede me fai, só lle podó dicir que dende o mes de setembro, e a través dos medios de comunicación, soubemos que había un certo interese por acometer unha serie de estudos sobre a ría de Ferrol. A seguinte resposta que tivemos foi xa no mes de outubro, onde nos convocaron a unha reunión técnica, e da que pouco máis podó informalo que dicir que naquela reunión o que nos confirmaron era o interese do Ministerio de Fomento para facer o devandito estudo.

Tamén, como vostede referenciaba, hai dúas iniciativas, do Concello de Ferrol e do Concello de Fene, así como unha declaración institucional do Concello de Narón, aprobada por unanimidade.

Con todas estas cuestións, como non pode ser doutra maneira, a Xunta de Galicia está totalmente de acordo. Tanto é así que xa dende o ano 2013 viñamos traballando facendo unha serie de estudos técnicos e científicos para valorar o estado da ría de Ferrol, e no mes de febreiro xa lle adiantamos nunha reunión que mantivemos a directora de Desenvolvemento Pesqueiro e mais eu a todas as confrarías da ría de Ferrol que se estaba realizando xa a elaboración dun plan de traballo, que poñeríamos en marcha entre o ano 2019 e o ano 2020.

A principios de marzo a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro volveu ter unha xuntanza cos técnicos das confrarías e con todos os patróns maiores de todas as confrarías da ría de Ferrol, onde se lles informou xa definitivamente do plan que xa está iniciado.

Este plan, en liñas xerais, consiste no establecemento dun punto de control e vixilancia que se vai poñer nunha zona das Pías. É unha zona na que, á parte de facer o control de toda a produción que se extraía desa zona, tamén se van tomar datos científicos e oceanográficos, e, a maiores, vaise facer unha remoción do substrato duns 85.000 metros cúbicos, e, a maiores, vaise facer unha adición de áridos de 40.000 metros cadrados na parte leste do banco,



por petición das confrarías de Ferrol e de Barallobre. Para todo este proxecto puxemos xa a encomenda de xestión de 752.000 euros.

Eu agardo que todos eses informes e eses compromisos que teñen adoptado tanto o Ministerio de Fomento, a través da Subdelegación de Goberno, como a Deputación da Coruña pois axuden a que aínda se poida facer máis por esa ría de Ferrol, que tantos postos de traballo pode seguir xerando.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para o turno de réplica, ten a palabra o señor Rey Varela.

O señor REY VARELA: Pois moitas grazas, señora conselleira, por este compromiso explícito e compromiso real, 750.000 euros de investimento para os sectores produtivos da ría de Ferrol. Ben coñezo ese compromiso de vostede co sector e coa ría de Ferrol, concretamente. Compromiso, traballo conxunto e sensibilidade, que tamén é moi importante cando estamos a falar dun sector que o ten pasado mal. Como vostede ben sabe, dende hai tempo é un sector que nós confiamos que estea en remontada económica e en remontada social.

Ben é certo que, meses despois desa reunión publicitaria da que vostede me fala, botamos en falta que outros que tanto se comprometeran poidan igualar esta porcentaxe económica. Claro que eles contaban con 70.000 euros da Xunta de Galicia, non con 750.000. E, polo tanto, hoxe pois a Deputación non contesta ao requirimento das propias confrarías. Esperemos, de todas formas, que pronto a Deputación da Coruña se alíe á Xunta de Galicia, xuntos, na mellora da produtividade da ría de Ferrol e na defensa das confrarías e do sector.

O mesmo temos que dicir do Estado, ¿non?, porque unha reunión e desaparecido. O que lle podo dicir é que, dende logo, imos traballar tamén porque o novo Goberno do Estado, goberne quen goberne, defenda a ría de Ferrol e defenda un novo proxecto de rexeneración da ría de Ferrol.

Despois de predicar, queremos trigo. O Estado debería ter xa o estudo. Hai que ter en conta que ten un magnífico centro, a Universidade de Santiago, de control mariño na propia ría de Ferrol. E o Concello, envolto en liortas ao redor do saneamento, desgraciadamente, tardou dous anos en darlle licenza á Xunta para un investimento en saneamento de 5,4 millóns de euros.

Desexamos, polo tanto...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor REY VARELA: ...que ao traballo da Xunta se poidan adherir os concellos e a propia Deputación da Coruña.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rey Varela.

Para o turno de réplica do Goberno, ten a palabra a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rey Varela, agradézolle as súas palabras. E a verdade é que vostede, que nos coñece, sabe que levamos moito tempo traballando co sector do mar. Tamén o sector do mar sabe que os nosos compromisos con eles son sempre compromisos que conseguimos levar a adiante, son feitos. De tal maneira que este compromiso que adoptamos agora de 752.000 euros non é un anuncio, nin moito menos, porque xa os propios mariscadores viron que o plan xa arrancou o día 1 de abril, tal e como nos tiñamos comprometido.

Pero é que isto xa vén de máis atrás, os nosos compromisos son mantidos no tempo. Cando chegamos á Xunta de Galicia no ano 2009 adquirimos un compromiso de sanear esa ría de Ferrol, que —como vostede recordaba— dende o ano 1998 estaba clasificada como zona C, e nós conseguimos no ano 2017 reverter esa situación, e practicamente hoxe toda a ría de Ferrol é xa clasificada como zona B de maneira estable. Iso significou un investimento moi forte dende a Xunta de Galicia en momentos de dificultade económica. Pero, aínda así, somos dos que nos gusta cumprir os nosos compromisos.

Eu, sinceramente, espero que a Deputación e o Ministerio de Fomento tamén axuden —como dicía na miña parte primeira— a revitalizar a ría de Ferrol. Necesitamos o compromiso de todos. Se non teñen a gallardía de poñer aquilo que a nós nos exixían, o que poidan, pero algo que axude o sector do mar non só con palabras.

Eu simplemente quero recordar que ata o ano 2009, dende o ano 2007 ao ano 2009, investiron alí 38 millóns de euros, que en teoría eran para mellorar a produtividade e a clasificación das zonas de produción na ría de Ferrol. Cando chegamos no ano 2009 nin melloraran a produtividade nin melloraran a clasificación das zonas. E tanto os mariscadores como a xente do común son capaces de ver que unha cousa son os compromisos e outra cousa son as realidades.

Sinceramente, espero que a Deputación da Coruña e o Ministerio de Fomento respondan a iso que no seu momento ofreceron para todos os sectores do mar da ría de Ferrol.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Finalizados todos os puntos da orde do día, rematamos a sesión.

Moitas grazas.

Remata a sesión ás sete e trinta e cinco minutos da tarde.



Corrección de erros no DSPG número 109, correspondente á sesión plenaria do día 9 de abril de 2019.

Advertido un erro material no devandito DSPG, referido á data da sesión, procede a súa corrección nos seguintes termos:

Na primeira páxina, onde di: «Sesión Plenaria 4 de abril de 2019», debe dicir: «Sesión Plenaria 9 de abril de 2019».


Na cabeceira de todas as páxinas, onde di: «X lexislatura. Serie Pleno. Número 109. 4 de abril de 2019», debe dicir: «X lexislatura. Serie Pleno. Número 109. 9 de abril de 2019».



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez Seco, José Manuel	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pierres López, María Luisa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado del Río, Paula	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	44. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Cal Ogando, Marcos	(EM)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Quintero Araújo, Paula	(EM)
11. Casal Vidal, Francisco	(EM)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Chao Pérez, Luca	(EM)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Conde López, Francisco José	(P)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Fernández Fernández, Raúl	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Gil, César Manuel	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Prado, Martín	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. García Míguez, María Ángeles	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. Gómez Salgado, Carlos	(P)	61. Sánchez García, Antón	(EM)
24. González Vázquez, José	(P)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	63. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
26. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	64. Solla Fernández, Eva	(EM)
27. Mato Otero, Beatriz	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Miranda Pena, Flora María	(EM)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. Mouriño Villar, Antonio	(P)	68. Torregrosa Sañudo	(EM)
31. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Novo Fariña, María Isabel	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Oubiña Solla, Rosa	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Pazos Couñago, José Alberto	(P)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

